

Número 8 - Ano 2025

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

31 de xullo de 2025

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e doce minutos do día trinta e un de xullo do dos mil vinte e cinco, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial; DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, concelleiro delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, concelleira delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, concelleiro delegado de Movementsos Migratorios; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, concelleiro delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DONA IRIA BUIDE PENA, concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Non asiste DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, que xustifica a súa ausencia. Abandonan o salón de plenos, antes de rematar a sesión, dona Cristina Sanz Arias, que o fai ás doce horas e corenta minutos; don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez, que o fai ás doce horas e corenta e catro minutos; e dona María del Mar Carballas Piñeiro, que o fai ás trece horas e oito minutos.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac5155723106499437755.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 31-7-2025

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

Esta sesión foi convocada por resolución da Alcaldía do 28 de xullo de 2025 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/104 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE XUÑO DE 2025.

A) PARTE RESOLUTIVA

PERSOAL

2/105 ANULACIÓN DA COMPATIBILIDADE SOLICITADA POR FUNCIONARIO DE CARREIRA DO CONCELLO DE LUGO (MÚSICO DA BANDA E DOCENTE DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL).

URBANISMO

3/106 ORDENANZA DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLES. APROBACIÓN INICIAL.

4/107 PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DELIMITADO S.5.I. APROBACIÓN DEFINITIVA.

INTERVENCIÓN

5/108 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL 9-2025. REPAROS 40, 46, 52, 53, FACTURAS OFI E CONVENIO KÜNIG 2023.

PROPOSICIÓNS

6/109 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 203/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA MANTEMENTO DO STATUS ACTUAL DA ESCOLA DE ENFERMERÍA DE LUGO (Exp. 2025/G004/000397).

7/110 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 229/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MODIFICACIÓN TEMPORAL DO IBI, EXENCIÓN DO IIVTNU E A ADHESIÓN Á INICIATIVA CONCELLOS EMPRENDEDORES (Exp. 2025/G004/000434).

8/111 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 230/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MODIFICACIÓN DO ARTIGO 80 DA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN AMBIENTAL (Exp. 2025/G004/000435).

9/112 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 231/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DESISTIR DO DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO DO POLÍGONO C E DO SECTOR S13R NO ENTORNO DO PASEO DO RATO EN PARADAI (Exp. 2025/G004/000436).

10/113 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 232/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLICITAR O APOIO UNÁNIME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL NA CANDIDATURA DE LUGO COMO SEDE DA AXENCIA ESTATAL DE SAÚDE PÚBLICA (Exp. 2025/G004/000437).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

TESOURERÍA

11/114 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA XUÑO 2025.

MOBILIDADE

12/115 DACIÓN DE CONTA DA AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA PARA A APLICACIÓN DAS TARIFAS PARA O TRANSPORTE URBANO EN AUTOTAXI.

ACTAS E GOBERNO

13/116 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) DENDE O DÍA 13 DE XUÑO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2025/G004/000431).

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac5155723106499437755.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 31-7-2025

A) ROGO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 233/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE HABILITE A PARCELA COLINDANTE CO CAMPO DE FÚTBOL DAS GÁNDARAS COMO APARCADOIRO.

B) ROGO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 234/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA A RETIRADA DOS VERTIDOS E LIMPEZA NA PISTA DA CANTEIRA DE BARBAÍN A BÓVEDA, E SE REFORCE O CONTROL DOS VERTEDOIROS INCONTROLADOS.

C) ROGO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 235/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE MELLOREN CON ILUMINACIÓN LED OS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS.

D) ROGO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 236/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE TOMEN EN CONSIDERACIÓN AS DEMANDAS PRESENTADAS POLAS DIRECCIÓN DE VARIOS CEIPS DA CIDADE.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 237/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA SUBSTITUCIÓN DOS CONTADORES DE AUGA DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 238/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DO PROGRAMA PEDAGÓXICO DE APOIO A CONCILIACIÓN "APRENDE XOGANDO".

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 239/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ESTADO DE ELABORACIÓN DO CONVENIO PROPIO DE LIMPEZA PARA OS TRABALLADORES DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E CEIPS.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 240/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO CUMPRIMENTO DO ACORDO DE PLENO DE 27 DE XUÑO DE 2024, RELATIVO AO NOMEAMENTO DE DÚAS PERSOAS COMO FILLOS ADOPTIVOS DA CIDADE.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/104 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA

CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE XUÑO DE 2025.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da secretaria xeral do Pleno, do 22 de xullo de 2025, do teor literal seguinte:

“O pasado día 30 de xuño de 2025, o Excmo. Concello Pleno celebrou a súa sesión ordinaria correspondente ao citado mes. Da referida acta levantouse a acta oportuna a cal, unha vez incorporadas as intervencións producidas no transcurso da sesión, foi asinada pola secretaria xeral do Pleno e polo alcalde presidente da Corporación.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 30 de xuño de 2025.”

Ao non suscitarse debate sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** APROBAR a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 30 de xuño de 2025.

A) PARTE RESOLUTIVA

PERSOAL

2/105 ANULACIÓN DA COMPATIBILIDADE SOLICITADA POR FUNCIONARIO DE CARREIRA DO CONCELLO DE LUGO (MÚSICO DA BANDA E DOCENTE DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME PROPOSTA asinado pola xefa de sección de organización e recursos humanos e maila tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, en suplencia do tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, do 11 de xullo de 2025, do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Solicitud de data 10/11/2022 de recoñecemento de compatibilidade presentada por don Francisco Manuel Villamor Regueiro, funcionario de carreira do Concello de Lugo, (músico da Banda e docente da Escola de Música Municipal -MUSICO/A PRIMEIRA PARTE BOMBARDINO-encadrado no Grupo C2, nivel 17) co desempeño dun posto de traballo na empresa A VIDA 013 S.L.U *“dedicada a todo tipo de revestimientos, proyectos de diseños de interiores, decoración en general, así como a la elaboración de elementos de decoración. A “actividad a desarrollar en la mencionada empresa consistira en gestionar y poner en marcha proyectos organizativos y productivos en los diferentes centros de trabajo de la Compañía.”*

Manifestando que *“el horario a desempeñar no intercederá en ningún caso en el horario que la persona en el punto segundo mencionada tenga en su trabajo en el Concello de Lugo, independientemente de los cambios que el propio Concello pueda hacer”*

2.- Certificado de 8 de novembro de 2022 da empresa A Vida 013, S.L.U.

3.- Informe favorable de 15/11/2022 do xefe de servizo de Cultura, Turismo e promoción da lingua do Concello de Lugo conformado pola Ilma. tenenta de alcaldesa delegada da Área.

4.- Solicitud de data 10/11/2022 de don Francisco Manuel Villamor Regueiro de renuncia ao complemento específico segundo o disposto no artigo 16.4 da Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

5.- Escrito de data 01/12/2022 de don Francisco Manuel Villamor Regueiro de renuncia á totalidade do complemento específico segundo a DT 9ª.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia.

6.- Informe da Intervención municipal de fiscalización previa limitada con carácter favorable.

7.- Acordo 3/172 SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE PARA UN SEGUNDO POSTO DE TRABAJO, do Excmo. Concello Pleno, na súa sesión ordinaria do 29 de decembro de 2022, polo que se autoriza a compatibilidade de don Francisco Manuel Villamor Regueiro para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado na empresa A VIDA 013 S.L.U, e, proceder ao desconto da cantidade mensual na retribución á aboar polo Concello ó traballador o complemento específico correspondente ao seu posto de traballo.

8.- Solicitud de data 04/07/2025 de don Francisco Manuel Villamor Regueiro, con nº de Rexistro 202500000031427, de anulación da compatibilidade concedida por

mor de non formar desde o 1 de xullo de 2025 da empresa A VIDA 013 S.L.U e, restitución do complemento específico.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas (en diante LIPAP) establece:

Artigo 11.1. De acordo co disposto no artigo 1º,3, da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivese destinado.

Artigo 12.1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes: a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares, nos asuntos en que estea a intervir, interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público. Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

b) A pertenza a Consellos de Administración ou órganos reitores de Empresas ou Entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

c) O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de todo orde en Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.

d) A participación superior ao 10 por 100 no capital das Empresas ou Sociedades a que se refire o parágrafo anterior. 2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial.

2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac5155723106499437755.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 31-7-2025

Artigo 14. O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fose das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade. A resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade, que se ditará no prazo de dous meses, corresponde ao Ministerio da Presidencia, a proposta do Subsecretario do Departamento correspondente; ao órgano competente da Comunidade Autónoma ou ao Pleno da Corporación Local, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas. Os recoñecementos de compatibilidade non poderán modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedarán automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público.

SEGUNDO.- Concedida a compatibilidade no ano 2022, o interesado, don Francisco Manuel Villamor Regueiro, solicita con data 4 de xullo de 2025, anulación da compatibilidade concedida por mor de non formar desde o 1 de xullo de 2025 da empresa A VIDA 013 S.L.U e, restitución do complemento específico.

TERCEIRO.- Respecto do órgano competente para o posible recoñecemento dunha actividade privada, o artigo 14 da LIPAP é claro cando dispón que o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade, e a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade, corresponde ao pleno da corporación local. No mesmo senso, a anulación ou cese de tal compatibilidade enténdese conferida ao mesmo órgano.

Por todo o anteriormente exposto e, á vista dos datos obrantes no expediente e propónse:

PRIMEIRO: Que polo Excmo. Concello Pleno se proceda a deixar sen efecto a compatibilidade concedida a don Francisco Manuel Villamor Regueiro para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado na empresa A VIDA 013 S.L.U.

SEGUNDO: Se proceda á restitución da cantidade mensual nas retribucións á aboar polo Concello ao traballador en concepto de complemento específico correspondente ao seu posto de traballo.

TERCEIRO: Dar traslado aos interesados, coa indicación de que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, poden interpoñerse os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.”

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, emitido na sesión celebrada o día 28 de xullo de 2025.

Ao non suscitarse debate sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto a compatibilidade concedida a don Francisco Manuel Villamor Regueiro para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado na empresa A VIDA 013 S.L.U.

SEGUNDO.- Se proceda á restitución da cantidade mensual nas retribucións á aboar polo Concello ao traballador en concepto de complemento específico correspondente ao seu posto de traballo.

TERCEIRO.- Dar traslado aos interesados, coa indicación de que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, poden interpoñerse os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac5155723106499437755.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 31-7-2025

Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

URBANISMO

3/106 ORDENANZA DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLES. APROBACIÓN INICIAL.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME PROPOSTA asinado técnica de administración xeral, adscrita a Urbanismo, o director xeral de Urbanismo e polo concelleiro delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude, do seguinte teor literal:

“A funcionaria que subscribe emite o seguinte Informe-proposta, ao abeiro do establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, con base nos seguintes

ANTECEDENTES

En Exp. relacionado 2024/U026/000058 constan as seguintes actuacións:

- Consulta pública previa á elaboración de nova ordenanza de conservación e rehabilitación de edificacións, asinada pola alcaldesa do Concello de Lugo o 02.12.2024 e publicada no BOP núm. 287, en data 13.12.2024.

- Dilixencia do 14.01.2025 asinada pola TAX do servizo de Urbanismo na que se fai constar que no período conferido para a achega de opinións e suxestións pola cidadanía e as organizacións potencialmente afectadas por esta nova ordenanza, non consta a presentación de ningunha suxestión, opinión nin manifestación para o dito efecto.

Expte. 2025/U026/000110:

- Informe da secretaria xeral do Pleno, emitido o 19.06.2025, en sentido favorable á tramitación do expediente ao considerarse que se seguiu o procedemento legalmente establecido para a aprobación da ordenanza.

Expte. 2025/G004/000370:

- Acordo 1/259 da Xunta de Goberno Local, de aprobación do proxecto de ordenanza municipal de conservación e rehabilitación de inmobles, acadado na sesión ordinaria do 02.07.2025.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobado por Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia (RLSG)
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas de Galicia (L3RG)
- Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O municipio, consonte o establecido no artigo 25 da LBRL, pode promover, no eido das súas competencias, as actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e, en todo caso, ostentará competencias propias, entre outras, en materia de urbanismo (artigo 25.2 a)). Así mesmo, corresponderalle en todo caso ao municipio, na súa cualidade de administración pública territorial, o exercicio da potestade regulamentaria, ao abeiro do disposto no artigo 4.1 a) da LBRL. Fundamentos legais que xustifican a competencia municipal na tramitación deste expediente.

A ordenanza que se pretende aprobar motívase no cambio normativo estatal e autonómico que regulaba os deberes de edificación, conservación e rehabilitación, no que se inspiraron as ordenanzas municipais actualmente vixentes:

- A Ordenanza reguladora do Rexistro municipal de soares e edificacións que compre rehabilitar no concello de Lugo foi aprobada polo Pleno municipal en sesión celebrada o 4 de maio de 2009 e publicada no BOP núm. 243, do 23 de outubro de 2009.

- A Ordenanza sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións foi aprobada definitivamente polo Pleno municipal en sesión celebrada o 3 de xuño de 2013 e publicada no BOP núm. 243, do 23 de outubro de 2013.

Este cambio de marco normativo obriga a interpretar as ordenanzas municipais en conxunción coas normas legais e regulamentarias de superior xerarquía para determinar que partes entran en contradición ou deben entenderse derogadas de forma tácita. Estes cambios fan imprescindible abordar de forma inmediata a elaboración dunha nova norma que dote de seguridade xurídica aos procedementos que se tramitan nesta materia, así como de maior eficacia.

Os obxectivos principais que se perseguen coa elaboración da nova ordenanza son:

- Favorecer o acceso a unha vivenda digna e adecuada.
- Promover a conservación do patrimonio construído.
- Refundir nunha soa ordenanza municipal a regulación do deber de edificación, conservación e de rehabilitación.
- Adaptar as ordenanzas municipais á normativa estatal e autonómica vixentes na actualidade.
- Simplificar e axilizar a tramitación dos procedementos.
- Establecer unha orde de prioridades na tramitación, en función do tipo de afectación do inmovible e dos valores merecedores de protección do patrimonio cultural.
- Regular as ordes de execución das obras de conservación necesarias e as medidas aplicables no caso de incumprimento das ordes, en particular, a expropiación, venda ou substitución forzosas.

O texto da ordenanza que se pretende aprobar inicialmente consta de corenta e nove artigos distribuídos en cinco títulos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria e unha disposición derogatoria.

O Título I contén as disposicións xerais, regulando o obxecto da ordenanza, os órganos competentes sobre esta materia, as persoas obrigadas a cumprir os deberes de conservación, edificación e rehabilitación, e as prioridades na tramitación dos expedientes.

O Título II está adicado aos deberes das persoas propietarias de inmobles e divídese en tres capítulos: O capítulo I regula o contido do deber de conservación e de rehabilitación, determinando os seus límites de acordo coa normativa estatal e autonómica de aplicación, e finaliza coa mención das medidas de fomento. O capítulo II regula os prazos para emprender a edificación e prevé a posibilidade de conceder prórrogas por causas xustificadas. E o capítulo III regula as ordes de execución que obriguen ás persoas propietarias de inmobles a realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes de edificación, conservación ou de rehabilitación.

O Título III regula o procedemento para a declaración de ruína das edificacións e construcións nos supostos legalmente previstos.

O Título IV incorpora medidas a adoptar fronte ao incumprimento dos deberes de edificación, conservación e rehabilitación, amparadas na nova Lei 1/2019, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia: a declaración formal de incumprimento dos deberes, a expropiación forzosa por incumprimento da función social da propiedade, a venta e substitución forzosas.

O Título V adícase ao informe de avaliación dos edificios que deberán presentar as persoas propietarias de edificios de uso residencial de vivenda colectiva cunha antigüidade de máis de cincuenta anos e de edificios catalogados ou declarados bens de interese cultural.

O expediente tramítase seguindo o procedemento establecido no artigo 133 da LPAC (consulta pública previa xa realizada, segundo se constata no expediente relacionado) e nos artigos 49 e 70.2 da LBRRL (relativos, respectivamente, ao procedemento de elaboración e aprobación, así como de publicación das ordenanzas e regulamentos locais).

En relación ao órgano competente, o artigo 127.1 a) da LBRRL establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais. O artigo 123.1 d) da LBRRL establece que lle corresponde ao Pleno a aprobación das ordenanzas e regulamentos municipais.

En consecuencia, unha vez que o proxecto de ordenanza se aprobou na sesión da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo de data 02.07.2025, correspóndelle ao Pleno da corporación municipal a aprobación inicial da ordenanza, polo quórum de maioría simple, previo ditame da comisión informativa correspondente.

En virtude do anteriormente exposto, tralo ditame da comisión informativa correspondente,

PROPÓNSELLE ao Pleno do Concello de Lugo a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a ordenanza de conservación e rehabilitación de inmobles, cuxo texto se incorpora anexo a este acordo.

SEGUNDO. Dispoñer a apertura dun período de información pública e audiencia por un prazo de trinta (30) días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante anuncio que se publicará no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* e na sede electrónica municipal, para que calquera persoa interesada poida examinar o texto da ordenanza e presentar as reclamacións e suxestións que considere oportunas.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac5155723106499437755.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 31-7-2025

TERCEIRO. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado este acordo de aprobación provisional, sen prexuízo de que se lle dea conta a este órgano da aprobación definitiva da ordenanza na seguinte sesión plenaria que se celebre, consonte o establecido no artigo 92 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo."

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, emitido na sesión celebrada o día 28 de xullo de 2025.

Ao non suscitarse debate sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a ordenanza de conservación e rehabilitación de inmobles, cuxo texto se incorpora anexo a este acordo.

SEGUNDO.- Dispoñer a apertura dun período de información pública e audiencia por un prazo de trinta (30) días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante anuncio que se publicará no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* e na sede electrónica municipal, para que calquera persoa interesada poida examinar o texto da ordenanza e presentar as reclamacións e suxestións que considere oportunas.

TERCEIRO.- No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado este acordo de aprobación provisional, sen prexuízo de que se lle dea conta a este órgano da aprobación definitiva da ordenanza na seguinte sesión plenaria que se celebre, consonte o establecido no artigo 92 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo.

ANEXO

ORDENANZA DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DE INMOBLES

Preámbulo

A Ordenanza municipal reguladora do Rexistro municipal de soares e edificacións que compre rehabilitar (BOP núm. 243, do 23 de outubro de 2009), e a Ordenanza sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións (BOP núm. 243, do 23 de outubro de 2013), foron aprobadas ao abeiro da derogada Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Desde a aprobación das referidas ordenanzas municipais tiveron lugar importantes cambios legislativos: Texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, aprobado por Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro; Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro; Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia; e Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios. Estes cambios normativos obrigan a interpretar as ordenanzas municipais en conxunción coas normas legais e regulamentarias de superior xerarquía para determinar que partes entran en contradición ou deben entenderse derogadas de forma tácita. Estes cambios fan imprescindible abordar de forma inmediata a elaboración dunha nova norma que dote de seguridade xurídica aos procedementos que se tramitan nesta materia.

Así mesmo, cómpre dar solución ás incidencias que se producen na tramitación ordinaria destes procedementos, motivadas non só polos cambios normativos, senón tamén por diversas disfuncións derivadas do elevado volume de denuncias e solicitudes que se reciben que non van acompañadas da documentación necesaria, do incumprimento reiterado das ordes de execución, do perigo de perda dos valores patrimoniais de edificios catalogados, da pretensión de utilización destes procedementos para abordar cuestións que pertencen ao ámbito do dereito privado, e outras disfuncións que dificultan acadar a eficacia e eficiencia no exercicio das competencias municipais nesta materia.

Os obxectivos principais que se perseguen coa elaboración da nova ordenanza son:

- Favorecer o acceso a unha vivenda digna e adecuada.
- Promover a conservación do patrimonio construído.
- Refundir nunha soa ordenanza municipal a regulación do deber de edificación, de conservación e de rehabilitación.

- Adaptar as ordenanzas municipais á normativa estatal e autonómica vixentes na actualidade.
- Simplificar e axilizar a tramitación dos procedementos.
- Establecer unha orde de prioridades na tramitación, en función do tipo de afectación do inmovible e dos valores merecedores de protección do patrimonio cultural.
- Regular as ordes de execución das obras de conservación necesarias e as medidas aplicables no caso de incumprimento das ordes, en particular, a expropiación, venda ou substitución forzosas.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

Esta Ordenanza ten por obxecto regular os deberes de conservación, edificación e rehabilitación no termo municipal de Lugo, coa finalidade de favorecer o acceso a unha vivenda digna e adecuada e de conservar o patrimonio construído.

Artigo 2. Competencia.

A competencia para iniciar e resolver os procedementos relativos ao cumprimento dos deberes de conservación, edificación e rehabilitación corresponde á persoa titular da Alcaldía.

Artigo 3. Persoas obrigadas.

1. O deber de conservación, edificación e rehabilitación regulado nesta Ordenanza recae nas persoas propietarias dos terreos, construcións, edificios e instalacións.

No caso de edificios en réxime de propiedade horizontal, a responsabilidade recaerá sobre a comunidade de propietarios se a obriga se refire a elementos comúns.

2. Consonte o disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común, no suposto de que a propiedade e/ou as persoas que actúan na

representación desta estean incluídas entre os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos coas administracións públicas, os escritos e documentos que acheguen aos procedementos regulados nesta Ordenanza deberán presentalos nun rexistro telemático e ser asinados con certificado de sinatura electrónica. De igual modo, todas as notificacións que se lles dirixan a estas persoas nestes procedementos efectuaranse de forma exclusiva por medios electrónicos, a cuxo efecto enviaráselles o aviso da súa posta a disposición na sede electrónica do Concello de Lugo ao enderezo de correo electrónico que conste no expediente.

3. A declaración administrativa de ruína ou a adopción de ordes de execución pola Administración non eximirá ás persoas propietarias das responsabilidades de toda orde que puideran serlles exixidas por negligencia nos deberes de conservación que lles correspondan.

Artigo 4. Prioridades.

A intervención municipal dará preferencia á solución dos problemas de seguridade, a fin de preservar a integridade física das persoas e dos bens, e á conservación dos inmobles catalogados coa finalidade de preservar o patrimonio cultural construído.

TÍTULO II

Deberes das persoas propietarias de inmobles

CAPÍTULO I

Deber de conservación e de rehabilitación

Artigo 5. Contido do deber de conservación.

1. As persoas propietarias das construcións, edificios e instalacións deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade e ornato público e decoro, realizando os traballos e obras precisas para conservalos, a fin de manter en todo momento as condicións requiridas para a habitabilidade ou uso efectivo.

Para estes efectos, enténdese por condicións de:

a) Seguridade: aquelas que garantan que non exista risco para as persoas nin para os bens, tanto respecto do propio inmovible coma respecto aos lindeiros e en particular cara á vía pública.

b) Salubridade: aquelas que garantan a estanquidade nas fachadas e cubertas dos edificios e o correcto estado das instalacións de fontanería e saneamento do inmovible, en tal forma que se asegure a súa aptitude para servir ao uso ao que se destinan.

c) Accesibilidade universal dos accesos, escaleiras, pavimentos, varandas, pasamáns, ascensores e demais elementos de comunicación horizontal ou vertical existentes no edificio ou construción.

d) Ornato público e decoro: aquelas que garantan que as fachadas e en xeral os elementos de peche cara á vía pública manteñan un estado tal que non afecte negativamente á imaxe urbana, polo que se deberá manter adecentada, mediante limpeza, pintura, reparación ou reposición dos seus materiais de revestimento.

2. No caso de bens inmoables catalogados, as persoas propietarias tamén están obrigadas a conservalos, mantelos e custodialos debidamente para evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

3. Para os soares e parcelas vacantes en solo urbano, o deber de conservación inclúe:

a) A obrigación de valado ou cerramento da parcela.

b) A obrigación de mantelos nas debidas condicións de limpeza e salubridade, eliminando elementos e situacións que podan xerar riscos.

Artigo 6. Contido do deber de rehabilitación.

As persoas propietarias de inmoables catalogados teñen o deber de rehabilitalos a fin de recuperar ou mellorar as condicións de habitabilidade e o uso efectivo, incluíndo os traballos e obras necesarias para satisfacer os requisitos básicos da edificación establecidos na normativa aplicable.

Artigo 7. Alcance dos deberes de conservación e rehabilitación.

1. O deber de conservación e de rehabilitación a cargo das persoas propietarias alcanza ata o importe correspondente á metade do valor actual de construción dun inmovible de nova planta, equivalente ao orixinal en relación coas características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, de ser o caso, quede en condicións de ser destinado legalmente ao uso que lle sexa propio.

2. As actuacións de rehabilitación ordenadas pola administración, cando superen o límite do deber legal de conservación, realizaranse por un convenio coas persoas titulares afectadas e, no seu defecto, nos supostos de non-avinza por parte das ditas persoas ou por estas non compareceren, pola aplicación do réxime de venda ou substitución forzosas ou pola expropiación forzosa.

No caso de que existan persoas propietarias que estean de acordo coa administración para a formalización do pertinente convenio voluntario de xestión, a administración actuante poderá optar entre a formalización do convenio ou a aplicación do réxime de venda ou substitución forzosas ou de expropiación forzosa.

Artigo 8. Medidas de fomento.

Para facilitar o cumprimento dos deberes de conservación e de rehabilitación, poderanse establecer axudas públicas reguladas nas correspondentes convocatorias conforme á normativa aplicable en materia de subvencións.

CAPÍTULO II

Deber de edificar

Artigo 9. Prazos para emprender a edificación.

1. As persoas propietarias de soares sen edificar e de construcións e edificios en estado de ruína deberán emprender a edificación nos prazos e condicións establecidos no planeamento urbanístico.

O deber de edificar inclúe o deber das persoas propietarias de rematar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza.

2. No caso de edificacións catalogadas, o deber de edificar entenderase como deber de rehabilitar evitando a perda, destrución ou deterioración dos elementos dotados de protección.

3. No solo urbano consolidado o prazo para cumprir o deber de edificar computarase desde a aprobación definitiva do planeamento urbanístico que conteña a ordenación detallada. No caso de que os terreos non reúnan a condición de soar, o deber de edificar inclúe a obriga de ceder os terreos fora de aliñacións e de completar a urbanización para que os terreos alcancen a condición de soar.

No solo urbano non consolidado e no solo urbanizable o prazo para o cumprimento do deber de edificar comezará a contarse desde a conversión dos terreos en soares.

4. No caso de edificacións en estado de ruína, o prazo para emprender a edificación contarase a partir da declaración firme de ruína.

Artigo 10. Especialidades.

1. Non se consideran incluídos no deber de emprender a edificación os terreos cualificados como equipamento comunitario.

2. A administración poderá conceder prórrogas a pedimento das persoas interesadas, por causas xustificadas e de forma motivada.

CAPÍTULO III

Ordes de execución

Artigo 11. Ordes de execución.

A Administración municipal poderá ditar ordes de execución que obriguen ás persoas propietarias de inmobles a realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes de edificación, conservación ou de rehabilitación.

Artigo 12. Iniciación do procedemento.

1. O procedemento para ditar ordes de execución poderá iniciarse de oficio ou por solicitude de persoa interesada.
2. A denuncia deberá expresar a identidade da persoa que a presenta e os seguintes datos e documentos:
 - a) A localización concreta do inmovible, especificando o seu enderezo completo e a referencia catastral.
 - b) A determinación das deficiencias denunciadas así como a súa localización no inmovible, incluíndo en todo caso fotografías en cor.
3. Cando o procedemento se inicie por solicitude dunha persoa interesada, deberá achegarse o documento ou documentos que acrediten a relación da persoa solicitante co inmovible, e ademais, os datos e documentos indicados nas letras a) e b) da alínea anterior.
4. Con carácter previo ao inicio do procedemento, a Administración municipal poderá levar a cabo as actuacións necesarias para coñecer e valorar as circunstancias do caso concreto e, en función do seu resultado, decidir motivadamente sobre a conveniencia de iniciar o procedemento. Estas actuacións poderán consistir en inspeccións e informes técnicos sobre o estado do inmovible.

Artigo 13. Inspección.

As persoas propietarias dos inmobles e, se é o caso, as ocupantes, teñen o deber de facilitarlle ao persoal técnico municipal as labores de inspección.

Artigo 14. Informes técnico e xurídico.

O informe técnico sobre o estado do inmovible conterá os seguintes extremos:

- a) A localización do inmovible afectado e a súa referencia catastral.
- b) A súa situación urbanística, determinando se o inmovible está suxeito a algún réxime de protección ou se está en situación de fóra de ordenación.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac5155723106499437755.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 31-7-2025

c) A descrición dos danos ou deficiencias que se aprecien relativas ao regulado nesta Ordenanza.

d) As actuacións necesarias encamiñadas a emendar os danos ou deficiencias detectadas no inmovble ou a súa rehabilitación e, se é o caso, a determinación das medidas de seguridade que se deban adoptar con carácter urgente.

e) A indicación do prazo de execución dos traballos e obras.

f) A indicación de se a execución desas actuacións precisa proxecto técnico e/ou dirección facultativa.

Unha vez emitido o informe técnico, deberá emitirse informe xurídico polo servizo correspondente.

Artigo 15. Autorizacións previas.

Non se poderá ditar orde de execución de obras de conservación sen a autorización previa que resulte preceptiva por razón dos réximes especiais de protección que afecten ao inmovble de que se trate, agás no caso das medidas excepcionais de protección necesarias cando exista perigo inmediato de que se poidan producir danos ás persoas ou perigo inminente de derrubamento da edificación.

Artigo 16. Audiencia.

Instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, comunicárase ás persoas interesadas para que no prazo de dez días poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes, agás que houbese risco na demora por requirirse medidas de seguridade, en cuxo caso, actuarase conforme ao previsto nos artigos 21 e 22 desta Ordenanza.

Artigo 17. Resolución.

1. A resolución conterá a determinación concreta das obras e actuacións que se deben realizar para cumprir os deberes de edificación, conservación e rehabilitación conforme as condicións establecidas na lexislación e no planeamento urbanístico. Así mesmo deberá fixar o prazo para o cumprimento voluntario pola persoa propietaria do ordenado, que se determinará en razón directa da importancia, volume e complexidade das obras que hai que realizar.

A orde de execución determinará se a entidade das obras exige proxecto técnico e/ou dirección facultativa, así coma o título habilitante necesario.

2. As ordes de execución deberán advertir que o seu incumprimento habilita a Administración municipal para executar forzosamente a orde incumplida mediante a imposición de multas coercitivas ou, a execución subsidiaria a cargo das persoas obrigadas.

Artigo 18. Prazo para resolver.

O prazo máximo para ditar e notificar a orde de execución será de seis meses desde o acordo da súa iniciación de oficio ou, no caso de iniciarse por solicitude de persoa interesada, desde a recepción da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

Transcorrido o prazo indicado sen que se notificase resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento iniciado de oficio, sen prexuízo de poder iniciarse un novo procedemento no caso de persistir o obxecto que motivou a tramitación do expediente.

Nos procedementos tramitados por solicitude de persoa interesada, o vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución expresa lexítima á interesada que deducise a solicitude para entendela estimada por silencio administrativo.

Artigo 19. Cumprimento das ordes de execución.

1. As ordes de execución deberán cumprirse nos seus propios termos.

2. A emisión das ordes de execución non exime da obriga de obter o título habilitante municipal que resulte preceptivo en función da actuación que se teña que desenvolver.

3. O cumprimento das ordes de execución deberá acreditarse mediante a presentación da documentación que na propia orde se especifique en función da entidade das obras que se deban realizar, incluíndo en todo caso fotografías en cor.

No suposto de que se ordenara a execución de medidas ou traballos baixo a dirección de persoal técnico competente, non se entenderá cumprida a orde en tanto non se achegue o correspondente documento técnico acreditativo.

Sobre a base desta documentación, poderá efectuarse unha inspección de comprobación do cumprimento do ordenado.

Artigo 20. Prazos

1. As persoas obrigadas poderán solicitar, por razóns xustificadas, unha prórroga dos prazos establecidos pola resolución da orde de execución, se as circunstancias da obra o exixen.

2. Tanto a petición das persoas obrigadas coma a decisión sobre a prórroga deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. Transcorrido o prazo sen decisión expresa sobre a solicitude de prórroga, entenderase desestimada.

Artigo 21. Orde de execución de medidas de seguridade.

Nos supostos nos que da documentación achegada ou da inspección realizada se desprenda a existencia dunha situación de risco, ordenaranse as medidas de seguridade que se estimen oportunas para evitalo sen necesidade de axustarse á tramitación establecida nos artigos anteriores, prescindindo do trámite de audiencia previa.

Artigo 22. Actuacións urxentes.

1. Se un servizo municipal apreciase a existencia dun perigo grave e inminente, adoptará as medidas que estime xustificadamente necesarias para evitalo, sen necesidade de tramitar o expediente; medidas das que se dará conta mediante informe ao servizo competente para a apertura do correspondente expediente.

2. As ditas medidas serán as que tecnicamente se consideren imprescindibles para evitar o perigo inmediato, e poderán consistir en desaloxos dos ocupantes, clausura de inmobles ou partes destes, apeos, apuntamentos, demolicións ou outras análogas; debendo observarse, en calquera caso, o principio de mínima intervención.

3. As actuacións referidas nos números precedentes serán a cargo da propiedade do inmovible.

4. As ordes verbais que emita o persoal técnico municipal no exercicio das súas funcións nestas actuacións serán executivas tras a súa emisión, computando o prazo para o seu cumprimento desde ese momento, sen prexuízo da súa posterior confirmación formal en acordo expreso que ratifique a necesidade da medida.

Artigo 23. Actuacións en restos de edificacións.

No caso de que o obxecto da orde sexa a demolición de restos de edificacións que polo seu estado xa non constitúan un inmovible, non será precisa a tramitación dun procedemento de ruína, senón que se ditará a orde de execución conforme ao previsto neste capítulo, incluíndo o requirimento do correspondente título habilitante para a dita demolición. Nos casos nos que o servizo técnico municipal aprecie que concorre algunha situación de perigo, só se exixirá o nomeamento dunha dirección técnica competente para a execución da demolición ordenada.

Artigo 24. Execución forzosa.

1. No caso de incumprimento da orde de execución, a administración municipal procederá á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75 % do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

2. A Administración municipal tamén poderá acudir, en calquera momento, á execución subsidiaria das medidas de seguridade por conta da persoa obrigada. O importe dos gastos e dos danos e perdas poderase liquidar de forma provisional, antes da execución, por conta da liquidación definitiva.

TÍTULO III

Ruína

Artigo 25. Declaración de ruína.

Cando algunha construción ou parte dela estea en estado ruinoso, o concello, de oficio ou por instancia de calquera persoa interesada, declarará esta situación e acordará a total ou parcial demolición, ou o procedente para garantir a seguridade, logo da tramitación do oportuno expediente contradictorio con audiencia das persoas propietarias e das moradoras, agás inminente perigo que o impida.

Artigo 26. Ruína económica.

Procederá a declaración de ruína económica cando polos danos que presenta o inmovible o custo económico das obras necesarias de reparación, exceda da metade do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares en canto á súa dimensión, uso e calidade, empregando a tecnoloxía e materiais actuais, excluído o valor do solo.

Para os efectos de determinar se o custo económico das obras de reparación necesarias excede da metade do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, empregarase a seguinte fórmula:

$$Pr = (Cr \times 100) / Va$$

Onde:

Pr: é a porcentaxe que sobre o valor do inmovible supón o custo de reparación.

Cr: é o custo das obras de reparación necesarias, cuantificado por aplicación das obras a realizar tendo en conta a base de datos da construción de Galicia.

Va: é o valor de reposición a novo da construción, que se obterá en función do módulo básico de construción (MBC) aplicable ao municipio de Lugo ao que se refiren as normas técnicas de valoracións e cadro marco de valores para determinar

o valor catastral dos bens inmobles de natureza urbana, corrixido pola aplicación do cadro de coeficientes do valor das construcións de acordo co seu uso, clase, modalidade e categoría contido nas citadas normas, publicadas no Boletín Oficial do Estado.

Se no momento de efectuar a valoración transcorrese máis dun ano desde aquel no que se aprobou o último módulo básico de construción sen que se actualizase, corrixirase este por aplicación do índice de custos do sector da construción publicado polo órgano da Administración competente polos anos completos transcorridos.

Artigo 27. Ruína técnica.

Procederá a declaración de ruína técnica cando o edificio presente un esgotamento xeneralizado dos elementos estruturais fundamentais, ou algún dos seus elementos ou materiais presenten danos que comprometan a súa estabilidade, e a súa recuperación non sexa posible polos medios técnicos normais, é dicir, os de uso común ou frecuente para executar as obras de reparación de que se trate.

Considerarase que un edificio presenta un esgotamento xeneralizado dos elementos estruturais fundamentais cando estes non admiten consolidación ou reforzo e sexa necesario substituílos ou reconstruílos nunha extensión tal que afecten o funcionamento normal do inmovible.

Para este efecto, terán a consideración de elementos estruturais fundamentais os que teñen unha función portante e resistente que garanta a estabilidade do inmovible, así como a cuberta, os cerramentos exteriores e os elementos comúns de acceso e uso do inmovible.

Artigo 28. Ruína parcial.

Nos casos nos que a edificación estivese constituída por dúas ou máis corpos independentes ou autónomos, arquitectonicamente separados e susceptibles de consideración illada, poderase declarar a ruína parcial dos corpos construtivos afectados. Para estes efectos, considerarase que unha parte é independente ou autónoma cando resulte posible a súa demolición sen repercutir no estado físico normal e íntegro da parte non afectada do inmovible.

Artigo 29. Iniciación do procedemento.

1. O procedemento para a declaración de ruína poderá iniciarse de oficio ou a instancia da persoa interesada.

2. Cando o procedemento se inicie a instancia de persoa interesada, acompañaranse os seguintes documentos:

a) Datos de identificación do inmovible, certificación catastral e plano de situación.

b) Certificado do Rexistro da Propiedade da titularidade e cargas.

c) Relación de persoas moradoras, calquera que sexa o título de posesión, e titulares de dereitos reais sobre o inmovible, se as houber e, de ser o caso, copia dos contratos subscritos pola propiedade con aquelas.

d) Informe subscrito por facultativo competente no cal constarán, entre outros, os seguintes aspectos:

- Descrición do estado físico do inmovible, as causas probables do estado de ruína e as obras previsibles necesarias para reparar os danos que presente.

- Acreditación sobre se, no momento da solicitude, a edificación reúne, ao seu xuízo, condicións de seguridade e habitabilidade suficientes que permitan aos seus ocupantes a permanencia nela ata que se adopte o acordo que proceda.

- Orzamento estimado das obras de reparación necesarias e das correspondentes á construción de nova planta dun inmovible de características similares ao afectado, cando o inmovible ameace ruína económica.

- As medidas que, ao seu xuízo, non admitan demora e que haxa que adoptar para protexer a saúde e a seguridade das persoas e cousas.

e) Se quen solicita a declaración de ruína é a persoa propietaria do inmovible, acreditarase tamén a súa titularidade.

f) Acreditación do pagamento da taxa municipal correspondente.

3. No caso de que tras a revisión da documentación presentada apréciase que esta non se axusta ao establecido neste apartado, efectuarase o correspondente requirimento de corrección, cos efectos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. Cando o expediente de ruína se abra de oficio, tras a presentación dunha denuncia ou pola remisión dun informe doutro servizo, con anterioridade á iniciación do procedemento, o órgano competente poderá levar a cabo as actuacións previas necesarias para coñecer e valorar as circunstancias do caso concreto e, en función do seu resultado, decidir motivadamente sobre a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

Artigo 30. Tramitación.

1. Iniciado o expediente, porase de manifesto á persoa propietaria, as moradoras e as titulares de dereitos reais sobre o inmovible, no caso de que os houber, dándolles traslado dos informes técnicos para que, no prazo dun mes, aleguen e presenten por escrito os documentos e xustificacións que consideren pertinentes en defensa dos seus respectivos dereitos.

Transcorrido o prazo concedido, os servizos técnicos municipais emitirán ditame pericial no prazo de dez días, logo da inspección do inmovible.

2. Cando no informe técnico presentado pola persoa interesada se alegue existencia de perigo inmediato que poida producir danos ás persoas, ordenarase o antes posible unha inspección técnica e, á vista desta, acordarase o procedente respecto á habitabilidade do inmovible, o desaloxo dos seus ocupantes e a demolición das construcións. A inspección poderá repetirse tantas veces se coide oportuno durante a tramitación do expediente e, unha vez finalizado, se é o caso, ata que conste a adopción das medidas exixibles ou a demolición do inmovible.

3. No caso de inmovibles declarados bens de interese cultural ou catalogados, deberá solicitarse informe preceptivo e vinculante do órgano autonómico competente en materia de patrimonio cultural.

Artigo 31. Informe técnico.

1. Previamente a emisión do informe técnico efectuarase a correspondente inspección a todo o inmovible, para cuxo efecto se citará ás persoas interesadas co fin de que faciliten o acceso.

2. O informe técnico constará dos seguintes extremos:

- a) Descrición do inmovible e referencia catastral.
- b) Situación urbanística con relación ao obxecto do expediente.
- c) Descrición dos danos e deficiencias que presente.
- d) No caso da ruína económica, valoración segundo o establecido nesta Ordenanza.
- e) Conclusión, na que se faga referencia a se no inmovible concorre algún suposto legal de ruína.
- f) Proposta das obras ou medidas que resulten necesarias á vista da devandita conclusión.

Artigo 32. Resolución.

1. A resolución do expediente deberá conter algún dos pronunciamentos seguintes:

- a) Declarar o inmovible en estado de ruína, ordenando a súa demolición. Se existe perigo ou risco inminente na demora, o alcalde acordará o procedente respecto ao desaloxo dos ocupantes.
- b) Declarar en estado de ruína parte do inmovible, cando esa parte teña independencia construtiva do resto, ordenando, asemade, a súa demolición.
- c) Declarar que non hai situación de ruína, ordenando as medidas e obras pertinentes destinadas a manter a seguridade, salubridade e ornato públicos do inmovible de que se trate.

2. De terse acordado a demolición total ou parcial do inmovible, ou calquera outra medida pertinente como a execución de obras, fixarase asemade o prazo no que teña que realizarse. En calquera dos dous casos, a resolución deberá indicar o prazo no que se deberá solicitar a correspondente licenza urbanística.

3. No caso de que da declaración de ruína derive a necesidade de demolición do inmovible, a orde de execución incluírá o requirimento de recollida dos cascallos xerados, o de tratamento e limpeza da superficie do soar ou parcela resultante e, se é o caso, das medianeiras.

4. A orde de execución contida na resolución do procedemento deberá cumprirse nos seus propios termos e condicións.

5. A resolución do procedemento será comunicada, unha vez adquira firmeza en vía administrativa, ao Rexistro da propiedade para a súa constancia por nota á marxe da inscrición de dominio, nota pola cal se liquidará a correspondente taxa de acordo coa Ordenanza fiscal aplicable.

Artigo 33. Medidas de seguridade e/ou actuacións urxentes.

Nos expedientes de ruína abertos de oficio, aplicarase o disposto nos artigos 21 e 22 desta Ordenanza nos supostos nos que sexa necesaria a adopción de medidas de seguridade e/ou a execución de medidas urxentes.

Artigo 34. Prazo para resolver o procedemento.

Non poderá exceder os seis meses o tempo que transcorra desde que se inicie o procedemento de ruína ata que se notifique a declaración pertinente. Transcorrido o prazo indicado sen que se notificase resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento iniciado de oficio, sen prexuízo de poder iniciarse un novo procedemento no caso de persistir o obxecto que motivou a tramitación do expediente.

Artigo 35. Execución forzosa.

No caso de incumprimento do ordenado polo Concello, procederá á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75 % do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

TÍTULO IV

Incumprimento do deber de edificación, conservación e rehabilitación

Artigo 36. Consecuencias do incumprimento.

1. De conformidade co disposto na Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, o incumprimento dos deberes de edificación, conservación e rehabilitación de inmobles facultará á administración municipal para a adopción de calquera das seguintes medidas:

- a) Execución forzosa.
- b) Expropiación forzosa por incumprimento da función social da propiedade
- c) Venda forzosa.
- d) Substitución forzosa.

Para a aplicación das medidas previstas nas alíneas b), c) e d) será requisito previo a declaración do incumprimento de que se trate por unha resolución municipal expresa que así o acredite.

Consonte ao artigo 25 da Lei 1/2019, de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galicia, nos supostos de expropiación, venda ou substitución forzosas previstos neste capítulo, o contido do dereito de propiedade do solo será minorado nunha porcentaxe do 25 por cento do seu valor, e esta diferenza corresponderá á administración actuante.

Artigo 37. Procedemento para a declaración do incumprimento.

1. O procedemento para a declaración do incumprimento das obrigas relativas á edificación, conservación e rehabilitación poderase iniciar de oficio ou por solicitude de persoa interesada.

2. No acordo de incoación da declaración do incumprimento incluírase o sistema de actuación elixido pola administración, no caso de que o procedemento se resolva coa estimación de concorrencia de incumprimento.

3. Ao se iniciar o procedemento para a declaración do incumprimento, solicitarase do Rexistro da Propiedade a certificación de dominio e das cargas dos terreos correspondentes, e deberase facer constar nunha nota marxinal o inicio do procedemento para a declaración do incumprimento.

4. O órgano municipal competente acordará a apertura dun trámite de audiencia de 15 días ás persoas propietarias e aos demais titulares de dereitos reais afectados que consten no Rexistro da Propiedade e/ou no Catastro.

5. O prazo para notificar a resolución sobre a declaración do incumprimento será de tres meses a contar desde o acordo de incoación.

6. O procedemento poderase rematar, sen a adopción de ningunha outra medida, no suposto de que a persoa propietaria solicítase a licenza para a realización das obras de conservación ou rehabilitación con anterioridade á notificación da declaración do incumprimento.

No caso de denegación da licenza solicitada ou de transcurso dos prazos caducidade da licenza outorgada, procederase a iniciar un novo procedemento de declaración de incumprimento das obrigas de conservación e rehabilitación.

Artigo 38. Resolución.

A resolución da declaración do incumprimento, que poñerá fin á vía administrativa, deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Será comunicada, mediante unha certificación administrativa, ao Rexistro da Propiedade para a práctica dunha nota marxinal á inscrición do correspondente inmovible.

b) Incorporará unha valoración dos terreos, das edificacións ou, se é o caso, doutros bens afectados, conforme a normativa estatal do solo e valoracións.

c) Declarará, segundo proceda, a aplicación da execución subsidiaria, a expropiación forzosa polo incumprimento da función social da propiedade, a venda forzosa ou a substitución forzosa.

d) Advertirá expresamente se habilita ou non para que o concello inste a declaración do inmovible en estado de abandono prevista na Lei 1/2019, de restauración e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Artigo 39. Expropiación forzosa.

A declaración de incumprimento habilita a administración para exercer a expropiación forzosa polo incumprimento das obrigas relativa a edificación, conservación e rehabilitación, de conformidade coa normativa básica estatal e coa Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Artigo 40. Réxime de venda e substitución forzosa.

1. A venda forzosa e a substitución forzosa teñen por obxecto garantir o cumprimento do deber de edificación, conservación e rehabilitación, mediante a imposición do seu exercicio, a través dun procedemento que garanta o cumprimento dos principios de publicidade e concorrencia.

2. Enténdese por venda forzosa a potestade pública que faculta a administración para proceder á venda dun inmovible a través dun procedemento de poxa pública co obxecto de garantir a súa rehabilitación ou conservación.

3. Enténdese por substitución forzosa a potestade pública que faculta a administración para substituír a persoa titular dun inmovible por outra persoa seleccionada a través dun procedemento con publicidade e concorrencia, para que realice as actuacións de edificación, conservación ou rehabilitación, e pódese realizar en réxime de propiedade horizontal coa persoa propietaria actual do solo.

4. Cando a administración actuante asuma o importe das cantidades imputables a aquelas persoas propietarias de vivendas que non poidan facer fronte ao seu pagamento por caeren en risco de exclusión social, subscribirase un convenio entre a administración actuante e a persoa propietaria, no que quedará reflectida a fórmula de devolución das cantidades asumidas no proceso de substitución e o tipo de xuro aplicable ás cantidades aprazadas, e non será aplicable a minoración do dereito da propiedade prevista neste capítulo.

Artigo 41. Procedemento da venda ou da substitución forzosas.

1. A resolución da declaración de incumprimento determinará, se é o caso, a aplicación da venda ou da substitución forzosas.
2. Cando o procedemento determine a adxudicación por aplicación da venda ou da substitución forzosas, unha vez resolto, a administración actuante expedirá unha certificación da devandita adxudicación, que será un título inscribible no Rexistro da Propiedade, na que se farán constar as condicións e os prazos a que queda obrigada a persoa adquirente, en calidade de resolutorias da adquisición.

Artigo 42. Venda forzosa.

1. A administración actuante, no prazo máximo de seis meses desde a declaración do incumprimento, sacará os inmobles ou os terreos á poxa pública. O tipo de licitación será o que resulte da valoración do inmovle. O prezo obtido entregarase á persoa propietaria, unha vez deducidos os gastos ocasionados e, de ser o caso, o importe correspondente á redución do dereito da propiedade prevista no artigo 25 da Lei 1/2019, de restauración e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, así como as sancións aplicables.
2. Se a poxa se declara deserta, convocarase de novo no prazo de tres meses, cunha rebaixa do vinte e cinco por cento sobre o tipo de licitación inicial.
3. Se esta última poxa tamén queda deserta, a administración actuante, no prazo de seis meses, poderá adquirila para o patrimonio público de solo ao setenta e cinco por cento do tipo de licitación inicial.
4. Logo de transcorrer os anteriores prazos sen que se producise a venda, quedará sen efecto o procedemento de venda forzosa, e deberá notificarse ao Rexistro da Propiedade para a cancelación da nota marxinal estendida.

Artigo 43. Obrigas da persoa adquirente.

A persoa adquirente de inmobles polo procedemento sinalado nos puntos 1 e 2 do artigo anterior quedará obrigada a iniciar as obras no prazo de nove meses a partir da toma de posesión do predio e a edificalo no prazo fixado na licenza.

Artigo 44. Substitución forzosa.

No caso de substitución forzosa, as bases do procedemento de adxudicación determinarán os criterios aplicables para a súa adxudicación, as penalizacións e indemnizacións a que houber lugar no caso de incumprimento, a orde de puntuación que establecerá, de ser o caso, a posterior adxudicación e mais a porcentaxe mínima de teito edificado para atribuír á persoa ou ás persoas propietarias do inmovible obxecto da substitución forzosa.

Artigo 45. Obrigas da persoa adxudicataria da substitución forzosa.

A persoa que resulte adxudicataria no procedemento de substitución forzosa deberá cumprir as súas obrigas nos prazos e nos termos establecidos nas bases do procedemento e na resolución de adxudicación. No caso de incumprimentos que dean lugar á resolución da adxudicación, realizarase unha nova adxudicación a favor dos seguintes licitadores ou licitadoras de acordo coa orde de puntuación acadada.

Artigo 46. Redución do contido do dereito de propiedade do solo.

1. Nos supostos de expropiación, venda ou substitución forzosa previstos neste capítulo, o contido do dereito de propiedade do solo poderá ser minorado nunha porcentaxe non superior ao cincuenta por cento do seu valor, e esta diferenza corresponderá á administración actuante, de conformidade co disposto na lexislación básica estatal e na Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

2. Non lles será aplicable a redución prevista no punto anterior ás persoas propietarias das edificacións que non poidan facer fronte ao pagamento das actuacións de edificación, conservación e rehabilitación por caeren no risco de exclusión social debido ás súas limitacións socioeconómicas.

Artigo 47. Inventario.

O Concello elaborará un inventario dos inmovibles respecto dos cales se ditara a resolución de declaración de incumprimento dos deberes de conservación, edificación ou rehabilitación co obxecto de aplicar as medidas de expropiación, venda ou substitución forzosas. Nese inventario farase constar a certificación

administrativa da firmeza desa declaración de incumprimento, así como os datos da propiedade e, de ser o caso, das persoas arrendatarias e/ou ocupantes de cuxa identidade se dispoña.

TÍTULO V

Informe de avaliación dos edificios

Artigo 48. Obrigatoriedade

1. Están obrigadas a dispoñer do informe de avaliación do edificio as persoas propietarias únicas de edificios, as comunidades de propietarios e propietarias ou as agrupacións de comunidades de persoas propietarias de edificios que se atopen nalguna das seguintes situacións:

- a) Os edificios de uso residencial de vivenda colectiva cunha antigüidade de máis de cincuenta anos.
- b) Os edificios catalogados ou declarados bens de interese cultural, independentemente da súa antigüidade e uso.

2. Quedan excluídos da obriga de presentación do informe de avaliación do edificio os inmobles que teñan declaración firme de ruína.

Artigo 49. Réxime aplicable.

Será de aplicación o disposto no Capítulo II do Título preliminar da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, e o Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios, ou norma que a substitúa.

Disposición adicional

Ás construcións e edificacións realizadas sen licenza urbanística municipal ou sen axustarse ás súas condicións esenciais, están sometidas ao réxime de protección

da legalidade urbanística establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Disposición transitoria

Os expedientes en tramitación iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza conservarán os trámites levados a cabo, pero os subseguintes efectuaranse de acordo con ela.

Disposición derogatoria

1. Quedan derogadas as ordenanzas municipais que de seguido se relacionan:

- Ordenanza sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 231, do 8 de outubro de 2013.

- Ordenanza reguladora do rexistro municipal de soares e edificacións que cómpre rehabilitar no Concello de Lugo, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 243, do 23 de outubro de 2009.

- Artigo 55 da Ordenanza municipal reguladora da tramitación dos títulos habilitantes de natureza urbanística e das actividades, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 113, do 19 de maio de 2023.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta Ordenanza.

4/107 PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DELIMITADO S.5.I. APROBACIÓN DEFINITIVA.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. INFORME PROPOSTA asinado técnica de administración xeral, adscrita a Urbanismo, o director xeral de Urbanismo e polo concelleiro delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude, do seguinte teor literal:

“A funcionaria que subscribe emite o seguinte Informe-proposta, ao abeiro do establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, con base nos seguintes

ANTECEDENTES

En Expte. relacionado 2020/U004/000001 constan as seguintes actuacións:

PRIMEIRO. A entidade mercantil AVENTO CONSULTORES INMOBILIARIOS, S.L., ao abeiro do artigo 74 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), formula o Plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado S-5.I, que ten por obxecto regular a urbanización e a edificación do sector de solo urbanizable delimitado S-5.I, desenvolvendo as determinacións contidas no Plan xeral de ordenación municipal de Lugo (PXOM) mediante a súa ordenación urbanística detallada.

O ámbito territorial do plan parcial está situado ao norte da cidade de Lugo, entre o polígono industrial do Ceao, o parque empresarial de As Gándaras e a Avenida Infanta Elena Duquesa de Lugo, cunha extensión de 328.525,28 m².

SEGUNDO. O plan parcial tramitouse seguindo o procedemento establecido na LSG e no seu Regulamento (RLSG), aprobado por Decreto autonómico 143/2016, do 22 de setembro, sendo aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local en sesión do 24/05/2023, sometido a información pública polo prazo de dous meses, na forma e prazos legalmente establecidos, obtendo todos os informes preceptivos en sentido favorable coas especificacións que en cada un se expresa.

Asemade, o plan parcial foi sometido a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, consonte ao establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e no artigo 46.1.d) da LSG. A declaración ambiental estratéxica do plan parcial efectuouse por resolución do 17/10/2024, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Xunta de Galicia.

TERCEIRO. Concluída a tramitación do plan, o Servizo de Urbanismo, en data 01/04/2025, emite informe xurídico no que se conclúe que:

“O instrumento de planeamento foi tramitado seguindo o procedemento legalmente previsto, foi sometido a información pública e a consultas preceptivas, obtendo todos os informes preceptivos emitidos en sentido favorable coas especificacións que en cada un se expresa, contén os documentos e determinacións exixidos na LSG e no RLSG, e se acomoda ás determinacións do vixente PXOM de Lugo, polo que, procede sometelo ao órgano competente para a súa aprobación definitiva.”

E en consecuencia, propón estimar parcialmente a alegación formulada pola mercantil PROMOCIONES FERMUNA, S.L.U., de modo que se amplíe a conexión

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac5155723106499437755.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 31-7-2025

exterior mediante o tramo viario en contacto co linde norte do polígono 2, segundo se reflicte no informe da arquitecta municipal; e desestimar as demais alegacións presentadas durante o período de información pública. Así mesmo, propón aprobar definitivamente o plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado S-5.I, coas condicións especificadas no informe-proposta.

CUARTO. O interventor municipal, en data 15/05/2025, emite informe no que se indica:

“Procede por tanto a devolución do expediente á unidade tramitadora, aos efectos de que ou ben se axuste a documentación do plan ao sinalado no informe proposta no que atinxe aos gastos de mantemento da urbanización ou se adapte este á redacción actual da memoria económica; e no caso da realización parcial anticipada das obras dos sistemas xerais, se aclare a obriga do concello desta execución e no seu caso se periodifique, de xeito que permita a esta Intervención Xeral determinar a capacidade do Concello para financiar os custes das actuacións previstas, máxime cando non existe no Orzamento Xeral municipal 2025 ningunha contía reservada para esta finalidade.”

Tanto o informe do servizo de Urbanismo como o informe da Intervención municipal constan no expediente Tecol 2025/G004/000174.

QUINTO. O vicesecretario accidental trasládalle ao interesado os informes emitidos polo Servizo de Urbanismo e polo interventor municipal, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

SEXTO. En data 26/06/2025, o representante da entidade promotora entrega nova documentación do plan parcial co obxecto de emendar as eivas sinaladas nos informes municipais.

SÉTIMO. A arquitecta municipal, o día 03/07/2025, emite informe técnico en sentido favorable á documentación do plan parcial entregada en data 26/06/2025 para aprobación definitiva.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia (RLSG)
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lugo (PXOM), aprobado de forma parcial en data 29.04.2011 por Orde do 29 de abril de 2011, da

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG núm. 94, do 16/05/2011) e definitivamente aprobado na data 27.04.2023

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Emenda das eivas sinaladas no anterior informe.

Do informe técnico emitido pola arquitecta municipal en data 03/07/2025 dedúcese que o novo documento entregado en data 26/06/2025 para aprobación definitiva emenda as eivas indicadas nos informes municipais anteriores.

- Determina a edificabilidade que corresponde a cada zona, garantíndo o cumprimento da edificabilidade máxima establecida no vixente PXOM (0,50 m²/m²)

- Reaxusta a delimitación dos polígonos para garantir a viabilidade técnica e funcionalidade da ponte A.

- Determina a obriga de executar as obras de ampliación da infraestrutura de drenaxe do río Rato baixo a vía do ferrocarril de xeito que se reduzan as actuais zonas de fluxo preferente e inundables, a cargo do primeiro polígono en desenvolverse no sector, e determina a execución da Balsa Well-Dam.

- Completa a normativa do plan parcial engadindo un apartado específico dedicado ás normas particulares de urbanización, en coherencia coa declaración ambiental estratéxica e co informe técnico da arquitecta municipal.

- Fixa os prazos para dar cumprimento aos deberes xestión, urbanización e edificación que corresponden as persoas propietarias de cada polígono.

- Prevé a obriga dos propietarios e propietarias dos soares resultantes da execución da urbanización de constituírase en entidade urbanística de conservación e fixa o prazo durante o que esta entidade correrá a cargo da conservación da urbanización.

- Incorpora a ampliación da conexión exterior mediante o tramo viario en contacto co linde norte do polígono 2, segundo se reflicte no informe da arquitecta municipal, como consecuencia da estimación parcial da alegación formulada pola mercantil PROMOCIONES FERMUNA, S.L.U.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac5155723106499437755.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 31-7-2025

Segunda. Competencia.

A aprobación definitiva do plan parcial corresponde ao Pleno da Corporación, por maioría simple de votos, consonte o disposto no artigo 123.1.i) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

En virtude do anteriormente exposto

PROPÓNSELLE ao Pleno do Concello de Lugo a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Estimar parcialmente a alegación formulada pola mercantil PROMOCIONES FERMUNA, S.L.U., de modo que se amplía a conexión exterior mediante o tramo viario en contacto co linde norte do polígono 2, segundo queda reflectido nos planos de ordenación.

SEGUNDO. Desestimar as demais alegacións presentadas durante o período de información pública, polas razóns que se expresan no informe xurídico do Servizo de Urbanismo de data 01/04/2025, que se deberá achegar xunto coa notificación que se practique a efectos da súa motivación.

TERCEIRO. Aprobar definitivamente, consonte o disposto no artigo 75.4 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, o Plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado S-5.I, promovido pola mercantil AVENTO CONSULTORES INMOBILIARIOS, S.L., segundo o documento presentado en data 26 de xuño de 2025.

CUARTO. Ordenar a publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia e remitir á consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, un exemplar do documento definitivamente aprobado, debidamente dilixenciado e, unha vez practicada a dita inscrición, ordenar a publicación do documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 82 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

QUINTO. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación."

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, emitido na sesión celebrada o día 28 de xullo de 2025.

Ao non suscitarse debate sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente a alegación formulada pola mercantil PROMOCIONES FERMUNA, S.L.U., de modo que se amplía a conexión exterior mediante o tramo viario en contacto co linde norte do polígono 2, segundo queda reflectido nos planos de ordenación.

SEGUNDO.- Desestimar as demais alegacións presentadas durante o período de información pública, polas razóns que se expresan no informe xurídico do Servizo de Urbanismo de data 01/04/2025.

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente, consonte o disposto no artigo 75.4 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, o Plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado S-5.I, promovido pola mercantil AVENTO CONSULTORES INMOBILIARIOS, S.L., segundo o documento presentado en data 26 de xuño de 2025.

CUARTO.- Ordenar a publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia e remitir á consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, un exemplar do documento definitivamente aprobado, debidamente dilixenciado e, unha vez practicada a dita inscrición, ordenar a publicación do documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 82 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

QUINTO.- Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

INTERVENCIÓN

5/108 **RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL 9-2025. REPAROS 40, 46, 52, 53, FACTURAS OFI E CONVENIO KÜNIG 2023.**- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 21 de xullo de 2025, do teor literal seguinte:

**“Asunto: Tramitación de aprobación de facturas
Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O
Recoñecemento extraxudicial de crédito 9-2025_REP 40, 46, 52, 53, Convenio
Künig e Facturas OFI.**

IMPORTE TOTAL:..... 454.451,53 €

IMPORTE TOTAL imputado ó orzamento 2025..... 454.451,53 €

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ao departamento de Contabilidade Municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ao orzamento, por importe total de **454.451,53 €**.

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade Municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2025, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade Municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade Municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **454.451,53 € (contía imputable ao orzamento 2025)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención xeral municipal Ref. 2025/1179 do 18.07.2025, relativo ó expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de crédito 9-2025_REP 40, 46, 52, 53, Convenio Küinig e Facturas OFI, coas consideracións nel contidas, e os Decretos de levantamento de reparo núms. 6566/2025 do 01.07.2025 (Reparo 40), 6567/2025 do 01.07.2025 (Reparo 46), 7077/2025 do 15.07.2025 (Reparo 52) e 7079/2025 do 15.07.2025 (Reparo 53), e os Acordos da XGL núms. 11/269 do 02.07.2025 (Factura 112173) e 16/285 do 09.07.2025 (Factura 112377), esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ó Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, propónse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **454.451,53 €**:

- Reparo 40-2025

CÓDIGO	PROVEDOR/A NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
110706	ASOCIACION BANDA FILARMONICA DE LUGO G27454875	9	CUARTO ENCONTRO DE BANDAS:- CON CERTO DA BANDA MUNICIPAL DE-VI LALBA E DA BANDA FILARMÓNICA D E-LUGO CELEBRADO O DÍA 5 DE OU	33801.22699	202500006566	2.000,00	9/10/2024	CULTURA	D
110709	FUNDACION DE FERIAS Y EXPOSICIONES DE LUGO G27161496	316	COORDINACIóN DESFILE DE GANADO SAN FROILAN DIA 4 DE OCTUBRE DE 2024. CONCELLERIA DE CULTUR A, TURISMO E PROMOCIóN DA LING	33801.22699	202500006566	4.265,25	8/10/2024	CULTURA	D
110898	ASOCIACION POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE LUGO G27291814	107	MISS DEUSA 2024	33801.22699	202500006566	3.500,00	17/10/2024	CULTURA	D
110942	ASOCIACION DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA G15039936	18	Representación da Revista Oral : Letra das Festas 2024, celeb rada o día 9 de outubro de 202 4, no Auditorio do Vello Cárce	33801.22699	202500006566	1.887,60	25/10/2024	FESTAS	B
110963	TAIBO* CRUZ,FRANCISCO 34889471N	30	electronic lucus fest	33801.22699	202500006566	4.053,50	28/10/2024	FESTAS	B

111 467	MICROMAXIAS SL B27512946	22	ESPECTÁCULO NO MAGOMOBIL "O SA N FROILAN MAXICO NO TEU BARRIO " 2024. * DIA 5 DE OUTUBRO NO AGRO DO ROLO. O MAGO DAVID MEN	33801.22699	202500018320	13.431,00	14/10/2024	CULTURA	B
111 795	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSION SLU B28016970	001149	CUÑAS EN RADIO LUGO SER "PROGR AMACIÓN TEATRAL NO AUDITORIO M UNICIPAL GUSTAVO FREIRE"-CUÑAS EN DIAL LUGO "PROGRAMACIÓN TE	33000.22699	202500022641	3.801,32	30/11/2023	CULTURA	B
112 010	ASOCIACION CULTURAL E MUSICAL FALSO TEITO G56486913	3	PASARRUAS A CARGO DO GRUPO DE MUSICA TRADICIONAL FALSO TEITO .	33801.22699	202500018320	1.000,00	5/12/2024	FESTAS	D
112 206	ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS SL B27369909	4	BOLO A-BOLO B-BOLO C-Material día 17 Gala CDAN Unicef	33000.22799	202500022645	23.831,58	3/1/2025	AUDITORIO	C
112 461	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSION SLU B28016970	LA0005480	programa radiofónico o 12 de D ecembro para a promoción Turís tica SER LUGO	33000.22699	202500022642	10.000,00	13/12/2024	FESTAS	C
113 083	RODRIGUEZ ARENAS ANTONIO 20262598N	27	representacións dos espectáculos "Pasma de pedra" e "A Tómbola do Cromina" os días 9 e 10 de Outubro nos San Froilán----	33801.22699	202500018320	1.430,00	10/10/2024	FESTAS	D
TOTAL						69.200,25			

- Reparo 46-2025

CÓDIGO	PROVEDOR/A NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
112207	ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS SL B27369909	5	Grupo I: Servicio de coordinac ión- Grupo II: Servicio didáctico-Grupo II: Servicio didáctico: Biblioteca- Grupo III: Servi	33312.22799	202500037247	27.101,47	7/1/2025	CULTURA	C
112342	LOPEZ* ALVAREZ,JOSE MARCOS 33333888B	64	Xestión das redes sociais da Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua. Mes decembro 2024,---	33000.22699	202500022639	1.502,42	10/1/2025	CULTURA	B
						28.603,89			

- Reparo 52-2025

CÓDIGO	PROVEDOR/A NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO REPARO
111829	LA VOZ DE GALICIA SA A15000649	010644	2024-EDUCACION E INFRAESTRUCTU RAS URBANAS,---	15300.22699	202500037907	5.000,08	13/12/2024	INFRAEURBA	B
112330	TALLERES TORNEIRO SA A27105964	93802	Del 27/11/24 al 27/12/24 ALQUI LER- ALQUILER DE:-CASETA AISLAD A MA-40 4x2.35x2.54 TT-GESTIO N DE RESIDUOS	17100R22799	202500042000	121,00	15/1/2025	AMBIENTE	B
						5.121,08			

- Reparo 53-2025

CÓDIGO	PROVEDOR/ A NIF/CIF	NUM_F ACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO REPARO
--------	---------------------------	--------------	----------	------------	----------	-------	------	------	------------------

111335	OSVENTOS B70493275	3524	Servizo de animación sociocult ural nos centros de convivenci a municipais e outros (Exp. Re f.: 2019-003) - C.C.M. Lamas d	23168R22799	202500029510	236,54	19/11/2024	ANIMACION	C
111841	OSVENTOS B70493275	3917	Servizo de animación sociocult ural nos centros de convivenci a municipais e outros (Exp. Re f.: 2019-003) - C.C.M. Fingoi	23162R22799	202500029500	3.164,72	16/12/2024	ANIMACION	C
111843	OSVENTOS B70493275	3918	Servizo de animación sociocult ural nos centros de convivenci a municipais e outros (Exp. Re f.: 2019-003) - C.C.M. Lamas d	23168R22799	202500029510	1.761,80	16/12/2024	ANIMACION	C
112248	OSVENTOS B70493275	49	Servizo de animación sociocult ural nos centros de convivenci a municipais e outros (Exp. Re f.: 2019-003) - C.C.M. Fingoi	23162.22799	202500038549	3.776,47	9/1/2025	ANIMACION	C
112250	OSVENTOS B70493275	50	Servizo de animación sociocult ural nos centros de convivenci a municipais e outros (Exp. Re f.: 2019-003) - C.C.M. Lamas d	23168R22799	202500029510	2.634,56	9/1/2025	ANIMACION	C
112261	COMBINA SOCIAL, S.L B70204094	241080	SERVICIO DE ATENCION Y DINAMIZACION EN LOS CENTROS DE CONVIVENCIA (LOTE 2)---	23162.22799	202500038551	1.232,14	31/12/2024	SOCIAIS	C
112299	AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS SAU A87045498	111630 000001 25F	SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EQUIPOS CONTRA INCENDIOS DO CONCEL LO DE LUGO. EXP. REF. 2020-C00 3-000003B DESDE16 DE OCTUBRE 2	93301.21200	202500041043	5.495,25	15/1/2025	INFRAEURBA	C
114209	URBASER SA A79524054	100031 2V2500 001	FACTURACION PARCIAL A CUENTA D EL 20,50% DE LA FACTURA 100031 2V2200086 DE FECHA 25/11/2022- --	16210.22799	202500043388	321.681,10	22/5/2025	LIMPEZA VI	C

339.982,58

- Facturas 112173 e 112377:

CÓDIGO	PROVEADOR/A NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA
112173	RODRIGUEZ*PARAM O,ROBERTO 33554451G	1772	DESENVOLVEMENTO DE 4 OBRADOIRO S DE "INICIACIOn A PANDEI RETA E AO CANTO TRADICIONAL" ot; NAS ASOCIACIOnS VECINAIS D	92400.22699	202500035170	4.319,73	23/12/2024	CIDADAN
112377	RODRIGUEZ*VAZQU EZ,MONICA 76622625B	1	CATRO OBRADOIROS DE RESTAURACI ON DE MOBLES PARA AS ASOCIACIO NS OS SEIS MUINOS, FESTEXEIROS DE PIAS, SANTIAGO DE PIUGOS E	92400.22699	202500035170	4.224,00	22/11/2024	CIDADAN

8.543,73

- Liquidación Cuota Convenio König 2023

CONCEPTO	IMPORTE	DATA
Convenio de colaboración entre os Concellos das Nogais, Becerreá, Baralla, O Corgo e Lugo para a representación, recuperación e promoción do "Camiño Frances por Lugo: Vía König".	3.000 €	03.03.2023

TOTAL 454.451,53

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, emitido na sesión celebrada o día 28 de xullo de 2025.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac5155723106499437755.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 31-7-2025

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, e de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, **ACORDA** APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **454.451,53 €**:

- Reparo 40-2025

CÓDIGO	PROVEDOR/A NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
110706	ASOCIACION BANDA FILARMONICA DE LUGO G27454875	9	CUARTO ENCONTRO DE BANDAS:- CON CERTO DA BANDA MUNICIPAL DE-VI LALBA E DA BANDA FILARMÓNICA D E-LUGO CELEBRADO O DÍA 5 DE OU	33801.22699	202500006566	2.000,00	9/10/2024	CULTURA	D
110709	FUNDACION DE FERIAS Y EXPOSICIONES DE LUGO G27161496	316	COORDINACIOn DESFILE DE GANADO SAN FROILAN DIA 4 DE OCTUBRE DE 2024. CONCELLERIA DE CULTUR A, TURISMO E PROMOCIOn DA LING	33801.22699	202500006566	4.265,25	8/10/2024	CULTURA	D
110898	ASOCIACION POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE LUGO G27291814	107	MISS DEUSA 2024	33801.22699	202500006566	3.500,00	17/10/2024	CULTURA	D
110942	ASOCIACION DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA G15039936	18	Representación da Revista Oral : Letra das Festas 2024, celeb rada o día 9 de outubro de 202 4, no Auditorio do Vello Cárce	33801.22699	202500006566	1.887,60	25/10/2024	FESTAS	B
110963	TAIBO*CRUZ,FRANCISCO 34889471N	30	electronic lucus fest	33801.22699	202500006566	4.053,50	28/10/2024	FESTAS	B
111467	MICROMAXIAS SL B27512946	22	ESPECTÁCULO NO MAGOMOBIL "O SA N FROILAN MAXICO NO TEU BARRIO " 2024. * DIA 5 DE OUTUBRO NO AGRO DO ROLO. O MAGO DAVID MEN	33801.22699	202500018320	13.431,00	14/10/2024	CULTURA	B
111795	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSION SLU B28016970	001149	CUÑAS EN RADIO LUGO SER "PROGR AMACIÓN TEATRAL NO AUDITORIO M UNICIPAL GUSTAVO FREIRE"-CUÑAS EN DIAL LUGO "PROGRAMACIÓN TE	33000.22699	202500022641	3.801,32	30/11/2023	CULTURA	B
112010	ASOCIACION CULTURAL E	3	PASARRUAS A CARGO DO GRUPO DE MUSICA TRADICIONAL FALSO	33801.22699	202500018320	1.000,00	5/12/2024	FESTAS	D

	MUSICAL FALSO TEITO G56486913		TEITO .						
112 206	ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS SL B27369909	4	BOLO A-BOLO B-BOLO C-Material día 17 Gala CDAN Unicef	33000.22799	202500022645	23.831,58	3/1/2025	AUDITORIO	C
112 461	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSION SLU B28016970	LA0005480	programa radiofónico o 12 de D ecembro para a promoción Turís tica SER LUGO	33000.22699	202500022642	10.000,00	13/12/2024	FESTAS	C
113 083	RODRIGUEZ ARENAS ANTONIO 20262598N	27	representacións dos espectáculos "Pasmo de pedra" e "A Tómbola do Cromina" os días 9 e 10 de Outubro nos San Froilán---	33801.22699	202500018320	1.430,00	10/10/2024	FESTAS	D
TOTAL						69.200,25			

- Reparo 46-2025

CÓDIGO	PROVEADOR/A NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
112207	ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS SL B27369909	5	Grupo I: Servicio de coordinación Grupo II: Servicio didáctico-Grupo II: Servicio didáctico: Biblioteca- Grupo III: Servi	33312.22799	202500037247	27.101,47	7/1/2025	CULTURA	C
112342	LOPEZ* ALVAREZ,JOSE MARCOS 33333888B	64	Xestión das redes sociais da Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua. Mes decembro 2024.--	33000.22699	202500022639	1.502,42	10/1/2025	CULTURA	B
						28.603,89			

- Reparo 52-2025

CÓDIGO	PROVEADOR/A NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
111829	LA VOZ DE GALICIA SA A15000649	010644	2024-EDUCACION E INFRAESTRUTURAS URBANAS:---	15300.22699	202500037907	5.000,08	13/12/2024	INFRAEUBA	B
112330	TALLERES TORNEIRO SA A27105964	93802	Del 27/11/24 al 27/12/24 ALQUILER-ALQUILER DE:- CASETA AISLADA MA-40 4x2.35x2.54 TT-GESTION DE RESIDUOS	17100R22799	202500042000	121,00	15/1/2025	AMBIENTE	B
						5.121,08			

- Reparo 53-2025

CÓDIGO	PROVEADOR/A NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
111335	OSVENTOS B70493275	3524	Servizo de animación sociocultural nos centros de convivencia municipais e outros (Exp. Re f.: 2019-003) - C.C.M. Lamas d	23168R22799	202500029510	236,54	19/11/2024	ANIMACION	C
111841	OSVENTOS B70493275	3917	Servizo de animación sociocultural nos centros de convivencia municipais e outros (Exp. Re f.: 2019-003) - C.C.M. Fingoi	23162R22799	202500029500	3.164,72	16/12/2024	ANIMACION	C
111843	OSVENTOS B70493275	3918	Servizo de animación sociocultural nos centros de convivencia municipais e outros (Exp. Re f.: 2019-003) - C.C.M. Lamas d	23168R22799	202500029510	1.761,80	16/12/2024	ANIMACION	C
112248	OSVENTOS B70493275	49	Servizo de animación sociocultural nos centros de convivencia municipais e outros (Exp. Re f.: 2019-003) - C.C.M. Fingoi	23162.22799	202500038549	3.776,47	9/1/2025	ANIMACION	C
112250	OSVENTOS	50	Servizo de animación sociocultural nos	23168R22799	202500029510	2.634,56	9/1/2025	ANIMACION	C

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac5155723106499437755.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 31-7-2025

	B70493275		centros de convivenci a municipais e 9 outros (Exp. Re f.: 2019-003) - C.C.M. Lamas d						
112261	COMBINA SOCIAL, S.L B70204094	241080	SERVICIO DE ATENCION Y DINAMIZ ACION EN LOS CENTROS DE CONVIV ENCIA (LOTE 2)---	23162.22799	202500038551	1.232,14	31/12/2024	SOCIAIS	C
112299	AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS SAU A87045498	111630 000001 25F	SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EQUI POS CONTRA INCENDIOS DO CONCEL LO DE LUGO. EXP. REF. 2020-C00 3- 000003B DESDE16 DE OCTUBRE 2	93301.21200	202500041043	5.495,25	15/1/2025	INFRAEUBA	C
114209	URBASER SA A79524054	100031 2V2500 001	FACTURACION PARCIAL A CUENTA D EL 20,50% DE LA FACTURA 100031 2V2200086 DE FECHA 25/11/2022- --	16210.22799	202500043388	321.681,10	22/5/2025	LIMPEZA VI	C

339.982,58**- Facturas 112173 e 112377:**

CÓDIGO	PROVEADOR/A NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA
112173	RODRIGUEZ*PARAM O,ROBERTO 33554451G	1772	DESENVOLVEMENTO DE 4 OBRADOIRO S DE "INICIACIÓN A PANDEI RETA E AO CANTO TRADICIONAL&qu ot; NAS ASOCIACIoNS VECINAIS D	92400.22699	202500035170	4.319,73	23/12/2024	CIDADAN
112377	RODRIGUEZ*VAZQU EZ,MONICA 76622625B	1	CATRO OBRADOIROS DE RESTAURACI ON DE MOBLES PARA AS ASOCIACIO NS OS SEIS MUINOS, FESTEXEIROS DE PIAS, SANTIAGO DE PIUGOS E	92400.22699	202500035170	4.224,00	22/11/2024	CIDADAN

8.543,73**- Liquidación Cuota Convenio König 2023**

CONCEPTO	IMPORTE	DATA
Convenio de colaboración entre os Concellos das Nogais, Becerreá, Baralla, O Corgo e Lugo para a representación, recuperación e promoción do "Camión Fránces por Lugo: Vía König".	3.000 €	03.03.2023

TOTAL	454.451,53
--------------	-------------------

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Pois entón ten a palabra Ana Abelleira. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas, señor alcalde. Moi bo día a todas e todos, a todas as persoas que nos acompañan da Escola de Enfermería, así como veciños e veciñas que están hoxe no Pleno do Concello de de Lugo.

Neste recoñecemento de crédito, 9/2025, o expediente propón ese recoñecemento xudicial dun crédito por un total de 454.451,53 euros, para facer o pago de facturas de convenios devengados en exercicios anteriores e pendentes de asignación ao orzamento de 2025. Diversos servizos municipais presentaron ante a contabilidade facturas emitidas en exercicios anteriores cos informes técnicos que os avalan e a

prestación efectiva dos servizos, xunto coa auditoría que verificou a existencia do crédito suficiente nas aplicacións orzamentarias deste orzamento. O importe total desglosado que acumula este total de 454.451,53 euros, todo fundamentado nos seus artigos e base xurídica do Real decreto que faculta ao Pleno para o recoñecemento deste crédito, o artigo 176.2 da imputación de obrigas de exercicios anteriores ao orzamento vixente, xunto co artigo da Lei de facendas locais 173.5, que fala da xurisprudencia que exige o pago do servizo que foi realmente prestado.

En canto á competencia que estas normativas dan o Pleno para facer efectivo o pago desta facturación, concluímos que a tramitación deste recoñecemento extraxudicial de crédito cumpre con todos os requisitos formais e orzamentarios para incorporar estas obrigas de exercicios anteriores, respectando así as recomendacións de supervisión e garantindo o pagamento aos provedores sen comprometer en ningún momento a estabilidade orzamentaria do Concello.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas señora Abelleira, Ten a quenda, por cinco minutos, par a réplica o Partido Popular. Cando queira.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Sí, buenos días... Gracias, alcalde. En primer lugar quiero darle la bienvenida a los vecinos, a los medios y a todos los trabajadores.

A este pleno nos traen facturas, deudas paradas desde Intervención, por un importe de casi medio millón de euros. Una vez más, señora González Abelleira, usted los lea aquí, un documento técnico, pero en el que omite lo realmente importante, y, además, se confirma lo que venimos advirtiéndolo: no están pagando las facturas que presentan los proveedores, las meten en un cajón, no están contabilizando las facturas, siguen intentando blanquear esas *trapalladas* económicas que están haciendo. Sin ir más lejos, el lunes veíamos como una empresa que lleva años con el contrato caducado tiene que ir a los tribunales para que ustedes les paguen. Por que sigue esta empresa con el contrato caducado después de tantos años, por que no le pagan? Eso es lo que nos tiene que explicar, porque lo que figura en el documento, en este documento, eso ya lo sabemos leer. Nosotros aquí, como siempre, tenemos que actuar como los cazafantasmas, sí, como los cazafantasmas, porque al igual que ellos tenemos que estar constantemente haciendo una labor de investigación y de eliminación de lo paranormal. Porque, desde luego, lo que pasa en este Concello normal no es. A este Pleno nos traen 25 facturas y un convenio sin pagar, las deudas de la vergüenza, porque hay que tener poca vergüenza para estar dos años y medio sin pagarle a una asociación la de Vía Kunig, 3000 euros que le deben del convenio, porque hay que tener muy poca vergüenza para que el vídeo promocional de Lugo que ustedes llevaron a Fitur hace sólo unos meses se llame *Lugo parte do teu camiño*, y que la primera, la primera, imagen que salga ponga vía Kunig. El vídeo promocional gira en torno a la vía

Kunig y resulta que tienen sin pagarle 3000 euros desde hace dos años y medio, que están asumiendo ellos mismos esos gastos. Hay que tener coraje. Lo venimos advirtiendo pleno tras pleno. Este Concello no generara riqueza, sino endeudamiento a los autónomos, empresas y asociaciones que trabajan con ellos, porque non pagaron parte del convenio con la asociación. Eso es lo que tiene que venir a explicarlo, señora González Abelleira. Este reconocimiento, seguimos en este reconocimiento, seguimos con las facturas de los de los siempre por no tener contratos, cultura, fiestas y el auditorio. Porque en el PSOE lo que se le está muy bien es tratar de buscar la confrontación con nosotros pero después hacen igual que su homólogo Pedro Sánchez en el gobierno central: a sus socios de gobierno les perdonan todo, con tal de seguir en el sillón les da todo igual. Y saben por qué lo digo? Por que un pleno más, nos traen las facturas del San Froilán sin pagar, siete facturas, más de 30.000 euros del San Froilán del año pasado, que aún están en un cajón sin pagar. Un año más organizan las fiestas saltándose todos los trámites legales: No hacen contratos, no los públcan, non se sabe ni a quien contratan ni cuando le van a pagar, quieren imponer su criterio, como siempre, sin diálogo ni participación, y aún tienen la cara, tienen la carga de decir públicamente, los unos y los otros, que en el PP le damos la espalda al San Froilán, que renunciamos a participar donde se construye la fiesta de la ciudad. No, no se equivoquen, a lo que le damos la espalda y a lo que renunciamos es en participar en estas *trapalladas* y no saber en qué se gastan el dinero. Damos a espalda á que contraten saltándose todos los trámites legales, porque recordemos que ni nos querían dar las cuentas del San Froilán, que tuvo que obligarles la Valedora do pobo. El San Froilán es de Lugo y de los lucenses, sí señores, por eso deben explicarnos por que pleno tras pleno les tienen que levantar facturas que les para desde Intervención. Si ustedes quisieran al San Froilán, si quisieran a Lugo, si quisieran a los lucenses, fomentarían la escucha activa, organizarían las fiestas con la antelación suficiente como para publicar las licitaciones de los contratos siguiendo los trámites legales. Convocar la primera Comisión de Fiestas a cuatro meses del San Froilán, no es serio. Nuestras fiestas patronales no se organizan en cuatro meses, así que no quieran venir a darnos lecciones, porque lo único que buscan siempre es confrontación y no se lo vamos a permitir. Señora González Abelleira sea clara, este año van a licitar todos os contratos en San Froilán? Se puede comprometer aquí a que van a publicar y van seguir todos los trámites legales? Porque eso sí que es importante, que sus socios de gobierno gasten un millón de euros y no sepamos en que, eso non les importa? Porque parece que lo único que les importa, repito, os confrontar, enfrentarse al Partido Popular y tratar de desacreditarnos. Están ustedes tan preocupados en lo que hacemos nosotros que, mientras tanto, sus socios de gobierno, que se ponen de perfil y sólo miran por lo suyo, están pagándole 1500 euros todos los meses sin contrato a una empresa para que les gestione las redes sociales de Cultura, 18.000 euros al año en una sola concejalía, y saben lo que se pagaban con esos 18.000 euros? La climatización de la guardería Gregorio Sanz, que ya le advirtieron en un informe técnico hace tres años que era insuficiente tanto en verano como en invierno, y que hicieron PSOE y BNG? Guardarlo en un cajón y mirar para otro lado. ¿Y todavía

quieren que les apoyemos? No, señores, no les vamos a apoyar en estas *trapalladas*. Cada uno tiene sus prioridades, la de ustedes? Gastar el dinero de los lucenses en fotitos; la nuestra, si gobernásemos, apoyar a la población vulnerable como es la infancia. Muchas gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Carballas. Tempo agora, en quenda de réplica, a voceiro municipal.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Dende logo, señora Carballas, pantasmada, é o que acaba de facer vostede aquí, é dicir, vimos falar dun recoñecemento extraxudicial de crédito e falou do que lle deu a gana e dicindo que se estaba incumprindo, de ilegalidades e non sei que. É unha figura xurídica avalada para precisamente o que vostede reclama: garantir o pago a todos aqueles provedores que traballan para Lugo e que se conforman coa facturación, alegando que foron traballo realmente realizados.

Mire, se vostedes están en contra da cultura e da inclusión, como son moitas destas facturas agora devengadas; do patrimonio e da identidade a través dese convenio do que facía referencia; da xestión responsable e sustentable... Dícialle ao principio que este recoñecemento extraxudicial de crédito non compromete os orzamentos do Concello, fala vostede de confrontación, pero simplemente coa súa actitude e co seu ton, non sei quen está confrontando neste caso, señora Carballas. O que vimos aprobar neste Pleno é o pago a provedores que fixeron efectivamente os seus traballos para este Concello e dos que puideron desfrutar a cidadanía, veciñas e veciños de Lugo. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora a palabra, a señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Señora González Abelleira, como sempre usted en su realidad paralela. Sabe lo que es un reparo de legalidad? Les se están parando las facturas porque no siguen los trámites legales; si siguieran los trámites legales no vendrían aquí. Yo de lo que hablé es de todo lo que viene aquí en este documento, no hable de nada, que no viniera aquí, no me dijo si van a seguir todos los trámites legales para el San Froilán; no me contestó a por qué le deben desde hace dos años el dinero a Vía Kunig; no me contestó, porque en las redes sociales de Cultura no tienen contrato y le pagan 1500... Todo eso. Usted no habla de eso, no habla de eso. Y no diga como siempre cosas que yo no dije, que lo hace recurrentemente. Yo no he dicho que no apoyáramos la Cultura y todo eso que dice. No dije eso, dije que hay que seguir los trámites legales. Su problema además es que cree que tiene la verdad absoluta, y sabe que? Que no la tiene, no la tiene, ni escuchan ni mira a su alrededor, lo que quieren es enfrentarse al Partido

Popular y les da igual el porqué. Si les importa importase lo más mínimo Lugo y los lucenses, no hubieran guardado durante tres años en un cajón el informe al que hacía referencia de la guardería Gregorio Sanz, los niños soportando temperaturas de 40 graos y ustedes, pues nada, mirando para otro lado. En serio nos van a venir dando lecciones, señora González Abelleira. Si le importase lo más mínimo Lugo, non tendrían sin pagar este convenio, 3000 euros desde el año, 2023 con vía Kunig. Expliquen a los lucenses porque no se pudo firmar el nuevo convenio con Vía Kunig, explíquelo, que tampoco nos lo dijo, verdad? Para hacerles un vídeo promocional sí, pero para pagarles ya es otra cosa. No se olviden que hay que tener la casa muy limpia para hablar de la del vecino. Y no me diga, non me hable de lo de siempre, como ya hizo, hábleme de lo realmente importante: Cantas facturas tienen en un cajón sin contabilizar? Cuántas? Porque a este Pleno nos traen el 20,50% de una factura que le deben a Urbaser también desde el año 2022, que le debían un millón y medio de euros desde el año 2022 a Urbaser, que no tenían contabilizado, que no tenían registrado, no existía en sus cuentas. ¿Cuántas facturas más tienen así? Eso es lo que tiene que venir a explicar en este Pleno. De eso no hablan, y no hablan de eso, claro, porque no les interesa, lo que les interesa es la confrontación, da mi tono, yo hablo con ese tono cuando le pongo intensidad a algo, pero no lo hago por confrontar.

Quieren que nos callemos ante sus *trapalladas* económicas porque las tratan de blanquear. El no tener contratos, el contratar a dedo, pero sabe qué? No lo vamos hacer. Queremos que se hagan las actividades? Si, si que queremos que se hagan y queremos que se presten los servicios, claro que sí, y por supuesto que les paguen, claro que sí, pero siguiendo los trámites legales, no que les tengan que parar las facturas en Intervención, no que tengan que tener las facturas en un cajón, no que tengan que ir al juzgado para poder cobrar. En este reconocimiento figuran muchas facturas de asociaciones que llevan un año esperando a que se les pague, porque ustedes no cumplen la ley, asociaciones con un presupuesto muy ajustado que están adelantando su dinero para poder hacer las actividades, Insisto, mientras sigan con esta forma de actuar, ahí vamos a seguir dándoles la espalda. Muchas gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Carballas. Última quenda de peche para a voceira municipal. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, por dicir moitas veces unha mentira non se converte en realidade. Estamos debatendo un recoñecemento extraxudicial de crédito, non as opinións do Partido Popular, torticeiras ademais, porque o que falaba de EcoLugo precisamente aprobouse aquí, no Pleno do Concello de Lugo, pero dá igual, o recoñecemento extraxudicial de crédito é unha figura legalmente contemplada, porque vostede fala de ilegalidades. Pois se quere denunciar ilegalidades, xa sabe onde ten que ir. Isto non é unha ilegalidade. E pagar a provedores que realizaron os seus servizos para o Concello de Lugo, para

o desfrute da veciñanza. Se vostedes consideran que deben votar en contra disto e argumentar torticeiramente, á súa maneira, porque ademais di vostede que eu ... eu non me considero coa verdade absoluta, é dicir, nós traballamos segundo a legalidade, e é una figura contemplada para aprobar este tipo de créditos.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Rematou o o seu tempos. Pasamos agora a votación.

PROPOSICIÓNS

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois antes de pasar o debate das proposicións quería aproveitar para dar a benvinda por todos os enfermeiros e enfermeiras e outros profesionais sanitarios que hoxe nos acompañan que se incorporaron este pleno. Así que benvidos a todos e a todas.

6/109 PROPOSICIÓN DO PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA PSOE DO CONCELLO DE LUGO PARA O MANTEMENTO DO STATUS ACTUAL DA ESCOLA DE ENFERMERÍA DE LUGO (Exp. 2025/G004/000397).- Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 30 de abril de 2025 asinouse un protocolo de actuación entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o Consorcio para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a Consellería de Sanidade e as tres universidades públicas galegas, no que se comprometen a reestruturar a docencia nunha única facultade por universidade. Propoñen tamén o desenvolvemento dun plan de mellora da docencia nun prazo de 4 anos.

Segundo se determina neste protocolo, a Escola Universitaria de Enfermería de Lugo quedaría integrada como sección dependente de Enfermería da USC.

A día de hoxe, non existen prazos nin modelo definido, só o avance achegado pola USC, en colaboración coa Consellería de Sanidade, de que exista unha única Facultade de Enfermería, da que dependerán tanto o centro de Santiago como o de Lugo, organizando este proceso da mellor forma posible, segundo eles, a través dunha comisión.

A Escola de Enfermería de Lugo, que leva 50 anos implantada na nosa cidade, é propiedade do Sergas e está adscrita no plano docente á USC, aínda que os alumnos xa desfrutan das mesmas condicións xerais que os estudantes dos centros dependentes da universidade pública.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac5155723106499437755.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 31-7-2025

Pero a posibilidade de converterse nunha sección da facultade con sede en Santiago está a xerar unha profunda inquietude, tal e como se constata polos escritos remitidos polo claustro de profesoras e profesores da Escola Universitaria de Enfermería de Lugo e desde a Academia de Enfermería de Galicia.

Tal e como eles indican, e co que concorda este grupo municipal, esta medida supoñería a perda de autonomía organizativa e de xestión e unha diminución do recoñecemento institucional e territorial de Lugo como sede universitaria, coa conseguinte dificultade de adaptación á realidade sanitaria da provincia, sen esquecer o posible impacto negativo na calidade da docencia, na formación clínica e na proxección local da profesión enfermeira.

A esta preocupación engádase tamén a posibilidade de que se poida pechar unha sección dunha facultade dun xeito máis doado e áxil do que se poida facer no caso dun centro autónomo.

Este grupo municipal únese a estas inquiredanzas, dado que esta escola, ademais, é un dos centros universitarios que cobre rapidamente as prazas dispoñibles, dado que a demanda é moi alta, debido ao seu recoñecemento académico pola calidade dos seus estudos, o que evidencia, unha vez máis, o alto valor educativo de Lugo e inflúe, sen dúbida, na elección de centro para inicio da etapa universitaria.

Por todo isto, e baseándose na exposición de motivos, o grupo socialista do Concello de Lugo presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal **os seguintes acordos:**

1. Concello de Lugo solicita que o Campus de Lugo manteña a Escola de Enfermería de Lugo como un centro autónomo e en ningún caso como unha sección da Facultade de Enfermería do Campus de Santiago de Compostela.
2. O Concello de Lugo súmase ás inquiredanzas manifestadas polo profesorado da Escola de Enfermería de Lugo, pola Academia Galega de Enfermería e polo Colexio Profesional de Enfermería.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, adoptou os seguintes **ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Solicitar que o Campus de Lugo manteña a Escola de Enfermería de Lugo como un centro autónomo e en ningún caso como unha sección da Facultade de Enfermería do Campus de Santiago de Compostela.

SEGUNDO.- Sumarse ás inquiredanzas manifestadas polo profesorado da Escola de Enfermería de Lugo, pola Academia Galega de Enfermería e polo Colexio Profesional de Enfermería.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra en primeira quenda, Olga López Racamonde. Cando queira.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Grazas alcalde. Comezar saudando a todo o profesorado e compañeiros da Escola de Enfermería de Lugo que hoxe acoden a este pleno, a súa asistencia, ademais dun apoio, que tamén, é fundamentalmente unha reivindicación dos dereitos da institución académica da Escola de Enfermería de Lugo, da que forman parte, ademais a cal en cada curso académico dedican o seu esforzo, así como o mellor da súa experiencia e do seu coñecemento, que non é pouco, para formar a profesionais enfermeiros cunha calidade docente e académica indiscutible. Grazas tamén aos representantes dos diferentes colexios profesionais. Moitas grazas. Representantes sindicais. En definitiva, a todos os que hoxe dan o seu apoio á Escola Universitaria de Enfermería de Lugo, ao Campus de Lugo, un referente para a cidade que inflúe na nosa vida social, económica e cultural, converténdose sen lugar a dúbidas, nun motor de dinamización, investigación e transferencia de coñecemento. A Escola Universitaria de Enfermería de Lugo forma estudantes os nunha profesión con alta demanda e saídas profesionais desde o ano 1972; o número de alumnos é, ano tras ano, un dos máis elevados de todo o Campus de Lugo, 80 novos alumnos cada ano, máis prazas que houbese, este centro depende do Servizo Galego de Saúde, é un centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela do Campus de Lugo. É a integración plena coa implantación dunha Facultade de Enfermería en Lugo vén de ser unha demanda con anos de historia. Neste proceso de integración, que hoxe nos pretenden vender cos últimos feitos acontecidos, hai dúas consellerías do goberno autonómico: á Consellería de Educación e Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez; a Consellería de Sanidade, Gómez Caamaño; unha universidade, á Universidade de Santiago de Compostela; dous campus, Lugo e Santiago, e, por suposto, os recursos universitarios dunha cidade, por suposto, a da nosa Escola de Enfermería de Lugo. Todos os anteriores implicados que acabo de citar tiveron a ben non ter en conta a Escola de Enfermería na elaboración dun protocolo, o protocolo dá vergoña, que autodenominan protocolo xeral para o desenvolvemento dun plan de mellora do ensino universitario da enfermía. Insisto, non teñen nin tiveron en conta á Escola de Enfermería de Lugo, nin aos

colexios profesionais de Enfermería, nin á Academia Galega de Enfermería. Tampouco consultan ou informan de ningún xeito ao alcalde do goberno de Lugo, da cidade de Lugo. Unha das titulacións referentes do Campus de Lugo tratan de subtraerlla á cidade pola porta de atrás, unha das titulacións máis demandadas. Iso si, invitan ao protocolo así o firman, ao reitor de Vigo e ao de A Coruña, a eses si os invitan a formar parte. Con todo o respecto, e que non lles pareza mal, non atopo mellor expresión, manda caralloj. E, non contentos, forman unha comisión de seguimento da que non forma parte ninguén dos que antes citei, ninguén da Escola de Enfermería de Lugo, nin ao Patronato, nin á Dirección, nin a Xunta da Escola, ninguén dos colexios profesionais de Enfermería, ninguén dos outros colexios profesionais que teñen referencia na saúde da cidade, ninguén do goberno de Lugo, non vai ser que teñamos algo que dicir. Saben cal é a síntese deste protocolo de plan de mellora? Que teñen a ben regalar a enfermería lucense, regalar a cidade de Lugo unha sección, unha sección, da Facultade de Enfermería de Santiago para Lugo, e ademais debemos estar contentos. Saben o que isto supón? Supón, resumindo, una perda de autonomía, porque unha hipotética situación de sección supón que se perde autonomía totalmente, pérdese autonomía en beneficio dunha facultade foránea. É máis doado e máis rápido, se se dera a situación por crise de alumnado ou por outros motivos, proceder ao peche, como xa se intentou hai anos, dunha sección que dunha Facultade de Enfermería. De xeito detallado, a principal diferenza entre unha facultade e unha sección radica fundamentalmente na autonomía e na xestión. Unha sección dependería directamente da facultade de enfermería foránea, Santiago, seguindo o seu plan de estudos con recursos xestionados dende fóra, fóra do Campus de Lugo. En resumo, unha facultade tería autonomía, independencia e capacidade de xestión, e iso é o que queren quitar á Enfermaría de Lugo, ao Campus de Lugo, á cidade de Lugo. E non se pode permitir, repito. Reitero as palabras que dixo o alcalde Miguel Fernández: Lugo non pode perder espazos, non pode perder competencias no ámbito universitario. Se queremos que o noso campus siga medrando, debemos defender con firmeza os centros que funcionan ben, entre eles destaca a Escola de Enfermería de Lugo, e que teñen un recoñecemento incuestionable, tanto social como académico.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Gracias. Rematou o tempo. Moitas grazas. Ten agora a palabra, en representación do Bloque Nacionalista Galego, a voceira Iría Buíde. Ricos.

DONA IRIA BUIDA PENA: Moitas grazas alcalde. E eu tamén quería comezar a miña intervención saudando ao profesorado da Escola de Enfermería de Lugo.

Dende o BNG sempre defendemos un ensino público, galego e de calidade. Isto pasa necesariamente por un modelo descentralizado e baseado na autonomía do profesorado e da comunidade educativa. É por isto que asistimos con preocupación a sinatura do protocolo entre as consellerías de Educación e Sanidade, as tres universidades públicas galegas e o Consorcio para a calidade do sistema

universitario de Galicia. Calquera que viva na cidade de Lugo, que estudara ou traballara no seu campus, ou que estea minimamente informada de cal é a situación do Campus Terra coñece o estado de febleza e abandono ao que se está a someter á comunidade universitaria lucense. Cada ano o Campus Terra loita por manterse vivo, a pesar da insistencia da ameaza á que se ve sometido dende a Xunta de Galiza, en ocasións contando, incluso, coa complicidade do vicerreitorado. Sempre falando de recortes, deixando de investir en investigación ou sorteando a vindeira titulación que pode desaparecer. Fronte a isto, hai dous bastións inquebrantables: a Facultade de Veterinaria e a Escola de Enfermería. A Escola de Enfermería de Lugo, con máis de 50 anos de historia, está a piques de pasar, debido a sinatura do devandito protocolo, a formar parte da Facultade de Enfermería da USC como sección dependente. Non é un problema, e dende o grupo municipal do BNG vemos lóxico e aceptable que a escola poida formar parte efectiva e única da Universidade de Santiago de Compostela, sen ser un centro adscrito, neste caso, ao Servizo Galego de Saúde. Máis non todo vale. E tal e como se plantexa no protocolo, analizamos que as consecuencias de esta sinatura poderían ser moi graves.

En primeiro lugar, a Escola de Enfermería non pasaría a ser autónoma, senón dependente da Facultade de Santiago. Isto repercute negativamente na capacidade de xestión e organización da escola, coa perda de autonomía que suporía demostrando máis unha vez que para a Consellería de Educación, o Campus Terra da cidade de Lugo é un campus de segunda. Como consecuencia da perda de autonomía está que, baixo esta premisa, facilitaríase a posibilidade de pechar a escola, porque sería una simple sección dunha facultade e non un centro adscrito ao Campus de Lugo e nós, como lucenses, non podemos nin debemos consentir a desaparición ou a perda de ningunha titulación. Ao contrario, temos que facernos fortes, temos que defendelas se difundilas e axudar a facer atractiva a oferta educativa para sumar usuarias e devolverlle a vitalidade ao Campus. Non podemos esquecer tampouco que se centralizamos a educación e provocamos a perda de autonomía do persoal docente, perdemos tamén calidade nas ensinanzas en la formación clínica. Outro gran problema tendo en conta que a día de hoxe a Escola de Enfermería de Lugo é un centro de referencia que cumpre cos estándares de profesorado da USC, cunha gran demanda de entre o alumnado e que atrae a cidade de Lugo moito valor futuro da man de todo o estudantado que escolle o centro como o seu lugar de estudos. É por isto, e a xeito de resumo, debemos valorar a necesidade de defender a Lugo e o seu Campus Universitario fronte a esa consideración de segunda que nos vemos sometidas en moitas ocasións, razón pola que defendemos que a Escola de Enfermería continúen a ser un centro autónomo e non dependente dunha facultade da USC.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Buide. Ten agora a palabra a representante do Partido Popular, señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: SI, moi bo día a todas e todos, E eu tamén dou a benvida e o agradecemento a todos os sanitarios que nos acompañan hoxe, aos representantes das entidades, tanto da escola como o do colexio, nun proceso nun momento no que efectivamente considero que é o que diga a Corporación municipal, aínda que efectivamente non ten competencias, ten moita importancia.

Estamos nun contexto onde se acaba de asinar un protocolo, un protocolo, que leva asinado o 30 de abril do 2025, onde na liña de actuación segunda, que oculta o procedemento posterior e xustifica un pouco porque estamos nesta situación. Este protocolo identifica que é preciso destinar e acadar os requisitos e cumprimento de criterios de calidade exixidos pola normativa vixente. Iso que en principio todas as entidades consultadas ninguén cuestionou, arranca con unha reorganización. Eses problemas organizativos dos centros serán as universidades as que se comprometen a procurar a reestruturación da docencia. Isto é o que se asina neste documento e iso é no que hoxe nos gustaría facer algún... Di que non a señora Racamonde, senón ten o documento entrégollo... A realidade de todo isto e onde podemos aportar, e o que podemos facer, evidentemente sempre coa exquisita educación e respecto. Nesta iniciativa do Partido Socialista, coa que estamos de acordo, botamos en falta, tamén o digo con toda humildade, un pouquiño máis de ambición. Eu creo que dende o Grupo Municipal do Partido Popular dicimos, e seguramente vostedes están de acordo, que o obxectivo non é manter o status actual; o obxectivo non é que un profesor, e vostede que eloxiou o labor da escola en terceira persoa, e eu dígollo tamén a vostede, que forma parte da mesma e todos os eloxios tamén lle corresponden, polo cal eu tamén a felicito, o obxectivo non é manter o status actual; o obxectivo non é que teña que ser aprobado un determinado programa dunha asignatura por Santiago, que é a realidade que está pasando xa hoxe, o obxectivo é avanzar e conquistar unha facultade propia. E o obxectivo de todo isto é deste proceso, é precisamente liderar, e creo que o Concello pode facelo e debe facelo, e vai ter o apoio do Partido Popular para elo, liderar ese proceso transformador de que se lle dea Lugo que merece. Vostede, evidentemente, é normal, vai dentro do debate político e, por suposto, non o tomamos como nada persoal, atacou á Consellería de Educación, atacou á Consellería de Sanidade, e eu sempre lle digo que cando cometen un erro hai que elixir entre Consellería e Lugo, este grupo vai elixir Lugo, pero sorpréndeme que esqueza unha parte neste puzzle moi importante, que foi un antigo compañeiro seu, politicamente, do mesmo proxecto, que é o vicedecano que representa o Campus de Lugo, o que ten que defender os intereses de Lugo, o que debe reunirse co alcalde, do que tamén foi compañeiro, que por certo vostede dixo que o alcalde non sabía nada, pero antes de ter este inicio da sesión plenaria tivemos unha reunión e me informou de que o reitor tivera unha reunión para informalo deste tema, pero, ben, iso é un tema interno que vostedes aclararán. Ao fin e ao cabo, non afecta o obxectivo desta iniciativa. O importante de todo isto é que neste proceso, que partimos da base que debe darse polo cumprimento de criterios de calidade exixidos pola normativa vixente, se garanta a participación, estamos de acordo, por

suposto; a colaboración coa escola e co colexio; se respecte a autonomía e que sexa realmente ese paso previo do centro adscrito, pero co obxectivo fundamental, ao que non queremos renunciar, que na súa iniciativa renuncia, de conquistar unha facultade propia co mesmo obxectivo construtivo e partindo da base de que estamos de acordo e que debe ser ademais máis útil dende o noso humilde punto de vista, unha declaración unánime de todas as forzas políticas, pedín unha reunión co alcalde esta mañá para propoñerlle que se reforzará e que nese proceso houbera máis participación, houbera ese recoñecemento das condicións para ser centro adscrito e que se perseguira ese obxectivo ambicioso de facultade propia. O alcalde díxome que estaba de acordo, na porta díxome que non, e entón non sei o que van facer, pero en todo caso, como vostede a que está defendendo a iniciativa, gustaríame que incorporará a súa iniciativa ese obxectivo conquistar unha facultade propia, partindo da base de que temos a responsabilidade, non a competencia, pero de liderar proxectos transformadores que nos permita mellorar, non seguir como estamos, e que este proceso sexa esa plataforma para aproveitar esa oportunidade e con todo interese e compromiso así llo traslado. Chámese emenda in voce, démoslle un texto antes ou que non se omita no texto o da facultade, o da facultade propia, por favor, porque creo que ata o momento en que deberíamos de aproveitar. Moitas grazas

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Quenda agora, tres minutos para a señora Olga López Racamonde.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Eu quero facer a primeira intervención dicíndolle que é verdade que ten un descoñecemento profundo do tema do que se está a falar. Dígolle que non se informou ao Concello, nin sequera á propia Escola de Enfermería antes da firma do protocolo que se firmou o 30 de xuño, se non me equivoco. Non se informou nin a Escola de Enfermería nin o alcalde. As xuntanzas, igual que con vostedes, tiveron lugar despois, así que non se falte á verdade. Cando vostede digo ... nomeo as persoas que forman parte deste protocolo e son os conselleiros, si que son, e nomeei á Universidade de Santiago e, que eu saiba, o vicerreitor e o reitor forman parte da Universidade de Santiago de Compostela. Non sei se vostede estivo atenta ou, como sempre xa tren un discurso e teñen un monólogo que non contestan ao que nós lles plantexamos.

A finalidade do protocolo está moi lonxe, moi lonxe, de querer unha Facultade de Enfermería para Lugo, de feito precisamente é o que obvia, precisamente é o que obvia, e vostede preséntalle ao alcalde, media hora antes de entrar, unha emenda, ademais unha emenda de substitución, na que no primeiro parágrafo di claramente: manter o apoio ao protocolo vixente, manter o apoio... (Por favor se lo pasan) ... Manter o apoio ao protocolo vixente, Voullo a ler textualmente e, a partir de aí, ver que facemos. O apoio unánime do Concello de Lugo a que sexa unha escola de enfermería non está en discusión, eu creo que vostede ten un grande descoñecemento do propio protocolo. Tamén cando me volve a atacar, e non ataca

ao goberno, ataca á cidade, ataca a enfermería, que é o máis grave, e di que hai unha necesidade de adaptación. Voulle dicir, mire, a Escola de Enfermería de Lugo actualmente dá docencia con calidade, con moita calidade, acreditada por auditorías externas que supoñen unha cualificación superior á Facultade de Enfermería de Santiago, coa cal tampouco tratamos de entrar en debate, pero voulle a dicir, non está en entredito a calidade da Escola de Enfermería de Lugo. Non é ese o motivo, o motivo é outro, o motivo é outro, non é ese, invítoles a que consulte as auditorías. Dígolle, na Comisión de seguimento forman parte tres persoas representantes da Consellería de Sanidade, tres persoas da Consellería de Educación, unha persoa da Axencia do Consorcio da Axencia para a Calidade do Sistema Sanitario e dúas persoas representantes de cada unha das universidades públicas, como lle viña dicir, incluído Vigo e Coruña, que teñen moito que dicir no Campus de Lugo, non vai ser, os de Lugo non temos, e obvian totalmente, aquí están os meus compañeiros, a calquera representante da Escola de Enfermería de Lugo, nin o propio representante do Patronato, nin á Dirección, nin á Xunta de Goberno.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas señora Racamonde, rematou o seu tempo. Quenda de réplica... Cando queiras Iria.

DONA IRIA BUIDE PENAS: É importante remarcar que o problema non é que a Escola de Enfermería deixe de estar adscrito ao Sergas, pois é lóxico que se atope en igualdade de condicións coas outras escolas e as outras facultades da Universidade de Santiago de Compostela. Máis unha sección non é unha facultade. O problema ou preocupación reside no como e no porqué. Non é admisible quitarlle a autonomía á escola. En canto aos porqués, cabe preguntarse cales son as razóns polas que se asina este acordo. Desde hai anos, indo ao concreto, dende o curso 2022-2023, comezou a funcionar na Galiza a ensinanza universitaria privada, a pesar das protestas da comunidade educativa en defensa do ensino público. A desatención na ensinanza superior por parte da Xunta de Galiza foi unha constante nos gobernos do Partido Popular e actualmente percébase unha intensificación..., por poñer como exemplo a desaparición do mestrado de Matemáticas para o vindeiro curso 2025-2026, e acordos como este poderían facilitar, por dicilo dalgún xeito, a convivencia entre o ensino público e a inversión privada, permitindo a diminuír por exemplo a oferta de determinadas titulacións para favorecer a matriculación en entidades privadas. Dende o Concello de Lugo temos que posicionarnos e defender claramente un ensino público e de calidade, e defender tamén á cidade de Lugo e o seu Campus como o que é e o que deba ser e ao que xa é por dereito propio, que é unha institución de primeira calidade. E para isto non podemos retroceder na defensa de todas e cada unha das titulacións das que dispón. Non se pode permitir que o Campus de Lugo perda a titulacións e non se pode consentir que a Escola de Enfermería deixe de estar en igualdade de condicións coas outras escolas e facultades da Universidade.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois, segunda quenda para a señora Candia. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Para que non haxa ningún tipo de equivoco, vou proceder a ler o texto, onde nin cito, por suposto, o protocolo. *O Pleno do Concello de Lugo apoia o proceso de acreditación dos títulos de enfermería e o traballo iniciado con este fin, sempre e cando se garanta a participación activa, o mantemento da súa autonomía, a continuidade da súa plantilla e de xestión e a creación do mesmo como centro propio.* Punto segundo: *Que o Concello de Lugo se comprometa a seguir impulsando o fortalecemento do Campus Universitario de Lugo e, no marco desta titulación, seguir traballando para reforzar a súa identidade e poder dotar á cidade dunha facultade propia de enfermería.* Como está escrito, non hai ningún tipo de erro. Isto é o que nosoutros intentamos, porque creo que ademais é bo, non o tome como nada persoal, nin sequera fixen ningunha crítica a súa intervención primeira nin á segunda. Creo que nos procesos como este debemos de estar unidos, o Concello, como sabe, non toma ningunha decisión, e como tamén vostede sabe, a autonomía universitaria é neste momento, pois ese, non imos dicir inimigo, senón ese elemento a convencer, a persuadir e a conquistar ese obxectivo. O que está neste momento nun protocolo que, como vostedes saben que firma moitos, é unha declaración de intencións, creo que estamos no momento axeitado, creo que non hai ningunha decisión que poida non ter marcha atrás. Creo ademais que houbo reunións coas directoras das escolas en colectivo e en individual. Creo que hai unha boa vontade, tamén llo digo con total honestidade e ogallá, esta Corporación tamén teña esa mesma altura de miras.

O único que lles propuxen é que na nosa proposta puideramos con literalidade quedar dunha maneira expresa ese compromiso de todas as forzas políticas para poder conquistar esa facultade propia, porque creo que debemos liderar retos ambiciosos. E simplemente quixen garantir esa mensaxe de tranquilidade e de mantemento tamén dos cadros de persoal, que probablemente non haxa ningunha dúbida, pero gustábame que quedara dunha maneira explícita, e, o máis importante, reforzar esa participación real e efectiva. Este texto non non ataca a súa proposición, creo humildemente que a mellora, e a nosa vontade é única e exclusivamente, mal que lles pese, esta cidade necesítanos a todos. Vostedes teñen oito concelleiros, o Bloque Nacionalista Galego ten cinco e nosoutros temos doce; somos 25 persoas, homes e mulleres, que representamos os intereses desta cidade sen acritude, sen ningún tipo de crítica negativa, cun espírito construtivo. Temos que ter á altura de miras. E faleino co alcalde porque en teoría pensaba que era o que tomaba a decisión sobre a literalidade do acordo e creo que representa a esta Corporación. E fíxeno, cando puiden, segundo cheguei non estaba, esperei e recibíume, creo que non ten nada de malo o noso comportamento que só buscaba un acordo unánime.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Última quenda para Olga López Racamonde. Cando queira.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: ... (Non se escoita) ... a literalidade do que presentou. Propoñer ao Pleno do Concello de Lugo o apoio ao proceso de acreditación dos títulos da enfermaría é o traballo iniciado a tal fin polas consellerías de Sanidade e de Educación, que vostede non leu, en colaboración coa Universidade de Santiago, que é o protocolo. Iso é o que está escrito e que vostede deliberadamente, que a súa forma de actuar, obvia ler omitir a frase *polas consellerías de Sanidade e Educación*. Está escrito por vostede, aquí está. Vostede omitiu literalmente ler iso e entón vostede o que quere é reafirmarse no protocolo.

Mire, vostede ten un papel moi difícil, ten un papel moi difícil neste momento de a quen apoio á cidade ou apoio aos conselleiros dá vergonza que firman, e á propia Universidade tamén neste caso, que firman un protocolo da vergoña?. Bueno, eu espero que se retrate de xeito adecuado, creo que o que propoñemos a este Pleno é claramente un apoio á Facultade de Enfermería de Lugo, porque di súmarse as inquedañas manifestadas que son xerar unha facultade. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Antes de pasar á votación, e dado que a señora Candia fixo unhas alusións á xuntanza que tivemos, queríalle, facer unhas puntualizacións. Efectivamente solicítoume unha xuntanza esta mañá e así a tivemos, tróuxome un documento, ese documento mo puido ter presentado onte ou a semana pasada, pero tróuxome un documento, que eu entendín positivo en buscar consensos e estar todos ao unísono que, a fin de contas, por iso presentamos esta moción, que era buscar a unanimidade de todos e facer máis forza. Pero despois non dixo toda a verdade, señora Candia, vostede dixo que lle había dito que si, e non é certo, eu o que lle dixen é que estudaría o documento, e antes do pleno que lle contestaría. Estudei o documento e comprobei nunha redacción moi curiosa, eu diría que de forma moi sutil, está aí para ver o documento, trasládase a aceptación do protocolo que firmaron a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela, algo con que, obviamente, estamos en contra porque suporía a desaparición ou, polo menos, a autonomía da Escola universitaria de Lugo que nós defendemos. E, mire, xa que estamos, efectivamente, como ben dixerón os portavoces do Goberno, a Escola de Enfermería de Lugo está nunha situación un tanto excepcional ou incluso lle podíamos chamar anómala, porque, como todos sabemos, depende da Consellería de Sanidade, pero academicamente está adscrita á Universidade de Santiago de Compostela e, por tanto, calquera medida que vaia no sentido da integración plena na Universidade, parécenos correcto e positivo, pero non a calquera prezo, nin moito menos poñendo en risco a viabilidade futura da Escola. Aquí nin o señor conselleiro de Sanidade pode quitarse un morto de encima, valia a expresión, e desentenderse dunha Escola, que ademais eles son os máis beneficiados como responsable de Sanidade. Nin tampouco a USC pode convertela

nunha sección da Facultade de Enfermería de Santiago. E isto non llelo digo nin por unha cuestión localista, nin por nada corporativista, nin nada parecido, senón polas consecuencias que isto ía ter e polo que ía supoñer. Esa decisión, esa perda de autonomía, suporía pois iso: perda de autonomía para a escola, debilitar o noso campus universitario, poñer en risco o futuro, porque sería máis doado pechala, se esa decisión se tomara. Algo moi importante, eu creo que non se valora suficientemente, que sería alonxar a formación da realidade sanitaria e académica desta cidade, e incluso podría haber algunhas dúbidas en canto ao manter a calidade da formación que se imparte nunha Escola que era leva 50 anos funcionando á perfección, que ten un recoñecido prestixio, que é moi demandada polos alumnos e alumnas e que está, como dicía, perfectamente integrada na vida social e sanitaria desta cidade.

Por iso nós dende o primeiro momento apoiamos ao claustro de profesores, ao Colexio de Enfermería, á Academia Galega de Enfermaría e a cantas voces se erguéronse xustamente en defensa das nosa Escola. Manifestámolo publicamente, convocamos e presentamos esta moción precisamente para buscar a unanimidade de todos. Solicitamos inmediatamente xuntanzas cos conselleiros de Sanidade e Educación e co reitor da Universidade. Cos dous primeiros con moi pouca fortuna porque non nos recibiron nin nos contestaron. Co reitor, como lles dixen, efectivamente tiveron unha primeira entrevista, lle trasladamos as nosas inquietudes, quedou que as estudaba ou foi receptivo e estamos á espera de que nos conteste.

Nós témolo claro, nós queremos e exiximos que se manteña a Escola Universidade de Lugo como centro autónomo e que se dean xa os pasos para convertida na futura Facultade de Enfermería de Lugo que este Concello necesita, e a que este Concello ten dereito. Así que vamos a pasar a votar.

7/110 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 229/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MODIFICACIÓN TEMPORAL DO IBI, EXENCIÓN DO IIVTNU E A ADHESIÓN Á INICIATIVA CONCELLOS EMPREENDEDORES (Exp. 2025/G004/000434).- Vista a citada proposición cuxo teor é o seguinte:

A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia regula os denominados **Concellos Emprendedores**. O obxectivo desta iniciativa é favorecer a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia, con plenas garantías de sustentabilidade económica e con redución das barreiras normativas e administrativas.

Na actualidade, máis de **150 concellos galegos** xa forman parte desta rede. Porén, **o Concello de Lugo aínda non se adheriu formalmente**, a pesar do seu potencial económico, da súa rede empresarial e da dispoñibilidade de solo industrial.

Desde o grupo municipal popular, consideramos que a incorporación do

concello de Lugo a este programa, tamén coñecido como Doing Business, convertería á nosa cidade nun lugar atractivo para implantar proxectos empresariais, coas conseguíntes ventaxas desde o punto de vista da creación de emprego e de riqueza no noso territorio, e evitaría que moitas empresas decidisen ubicarse, como así o están a facer, en concellos da nosa contorna como poden ser Outeiro de Rei, Castro de Rei, O Corgo, Palas de Rei ou Portomarín.

Revertir esa situación e facer que Lugo sexa un foco de captación de proxectos e un lugar atractivo para invertir é o noso deber como corporación municipal, e medidas como esta (que implican incentivos fiscais, simplificación administrativa e facilidades de acceso a solo industrial e maior puntuación nas axudas da Xunta de Galicia) axudarán sen dúbida a acadar ese obxectivo.

Igualmente relacionado coas ordenanzas fiscais municipais, traemos a este pleno a solicitude de outorgamento dunha bonificación do IBI nas Areas de Expansión de Núcleo previstas polo vixente PXOM, terreos que ata a aprobación do 5% pendente eran rústicos e, a partir de dita aprobación, pasaron a ser urbanos a efectos de este imposto. A realidade é que estas áreas, e todas aquelas sen ordenación predeterminada, non son susceptibles de aproveitamento algún, polo menos nun corto o medio prazo, polo que o cambio operado trae unhas consecuencias inxustamente gravosas para os propietarios.

E, a maiores, a transmisión por calquer concepto destas fincas é considerada como feito impositivo no Imposto sobre o Incremento de Valor dos Bens de Natureza Urbana, co conseguinte perxuízo económico para o transmitente.

A capacidade legal do concello de corrixir esta inxusta situación á que se enfrontan os propietarios destas fincas está, respecto ao IBI, na posibilidade de conceder unha bonificación temporal, cun importe e prazo por determinar e, respecto á coñecida como plusvalía, en declarar como exentas deste imposto a transmisión destas fincas.

Por todo o exposto, desde o Grupo Municipal Popular solicitamos ao concello de Lugo:

1. O estudo dunha bonificación temporal no IBI para as parcelas ubicadas en Áreas de Expansión de Núcleo, de tal xeito que a súa aplicación corrixa os efectos da nova valoración e do novo tipo de aplicación ás mesmas.

2. A exención no Imposto sobre o Incremento de Valor dos Bens de Natureza Urbana a transmisión, inter vivos ou mortis causa, de ditas parcelas

3. A súa adhesión á iniciativa Concellos Emprendedores, regulada mediante A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia e realice ás modificacións precisas na normativa municipal de aplicación.

Vista, así mesmo, a emenda “in voce” presentada no transcurso do debate, polo Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, na que se propón substituír os puntos 1 e 2 polo seguinte texto: “1. Estudar a aplicación dunha bonificación temporal no Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) para as parcelas situadas nas Áreas de Expansión de Núcleo do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, co obxectivo de corrixir os efectos da nova valoración e do novo tipo impositivo” e “2. Estudar a

exención no Imposto sobre o Incremento do Valor dos Bens de Natureza Urbana das transmisións inter vivos ou mortis causa, das mesmas parcelas ubicadas nas Áreas de Expansión de Núcleo”, e a supresión do punto 3.

E tendo en conta que o Grupo Municipal do Partido Popular, autor da proposición, acepta a dita emenda.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coa redacción dada pola emenda aceptada, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Estudar a aplicación dunha bonificación temporal no Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) para as parcelas situadas nas Áreas de Expansión de Núcleo do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, co obxectivo de corrixir os efectos da nova valoración e do novo tipo impositivo.

SEGUNDO.- Estudar a exención no Imposto sobre o Incremento do Valor dos Bens de Natureza Urbana das transmisións inter vivos ou mortis causa, das mesmas parcelas ubicadas nas Áreas de Expansión de Núcleo.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, imos agardar un momento que se retiren... Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Popular. Cando queira.

DONA CRISTINA SANZ ARIAS: Moitas grazas señor alcalde. Buenos días concelleiras e concelleiros. Saludar a los vecinos de la ciudad de Lugo que hoy nos acompañan en este pleno. Bien, desde el Grupo Municipal Popular traemos a este Pleno una moción que contiene dos contenidos diferentes, con finalidades bien distintas, pero que ambos tienen como hilo conductor el pivotar básicamente sobre reducción de impuestos municipales. En cualquier caso, se trata de una petición de mínimos que se enmarca dentro de la estrategia global que en materia fiscal define este partido y que será objeto de futuras propuestas que traeremos a debate, Pero

visto que desde el equipo de gobierno de este Concello non son capaces de presentar ninguna iniciativa en este ámbito, sino que se limitan a elevar continuamente la presión fiscal que soportan los lucenses, hoy traemos esta moción que, como decía, consta de dos propuestas: primero, bonificar el IBI y eliminar la plusvalía en las zonas de área de expansión de núcleo, y, segundo, solicitar la incorporación del Ayuntamiento de Lugo a la a rede de concellos emprendedores o Doing Business. Di a respecto da primeira parte: la aprobación en el mes de noviembre del año 2023 del 5% restante del PXOM derivó en que grandes bolsas de suelo de nuestro concello, las áreas de expansión de núcleo, que eran rústicas, pasasen a ser consideradas como urbanas. Hablamos de una superficie que, según nuestros cálculos, ocupa cerca de 15 millones de metros cuadrados en parroquias como Piúgos, Muxa, Ombreiro, Orbazai, Bóveda, Tirimol o Soñar. Estas áreas de expansión de núcleo se dividen en áreas preordenadas y en áreas expansión sin ordenación. En las áreas de expansión preordenadas, y bajo determinados requisitos, como parcelas superiores a 1600 metros cuadrados y otros más, sí que es posible edificar, pero en el resto de estas parcelas y en la totalidad de las áreas de expansión sin ordenación no es posible edificar absolutamente nada en tanto no se apruebe un plan especial de iniciativa pública, plan especial que todos sabemos que no se va a aprobar como mínimo ni a corto ni a medio plazo, eso como mínimo. Es decir, son fincas en las que no se puede edificar hasta el punto que ni siquiera se puede poner un cierre fijo, tan sólo permiten cierres con vallas o con estacas, a pesar de lo cual tienen la consideración de urbanas con las consecuencias fiscales que esto conlleva. Y aquí quiero poner en valor que desde el Grupo Municipal Popular, desde que intentamos trabajar los temas en profundidad y con seriedad, ya advertimos en principio lo que iba ocurrir. Se nos tachó de alarmistas, incluso de mentir, sobre la subida fiscal que veíamos venir, pero el tiempo lamentablemente nos dio la razón, como pudimos comprobar en el momento en que empezaron a llegar los recibos de contribución y los recibos de IBI de estas fincas. La situación es tremendamente injusta, los propietarios de estos terrenos, que, repito, no pueden edificar, han visto como sus recibos y contribución se han incrementado, según nuestros cálculos, un promedio de un 67% en el último año. Y esto por que? Porque el IBI es el resultado de multiplicar el valor catastral por el tipo impositivo y en este caso se han incrementado los dos factores, el valor catastral y el tipo que pasa a ser de urbana. Hay muchos casos, muchos vecinos enfadados y me consta que el Concello lo sabe, y con toda la razón porque son propietarios de fincas que, por ejemplo, tengo aquí un recibo, como otros miles de ellos, han pasado de pagar 718 euros en el año 2024, a pagar 1198 euros en el año 2025. Simplemente no hay derecho. Un incremento de un recibo de un 67% de un bien que no ha incrementado en modo alguno su valor. Además, se da la paradoja de que, por ejemplo, si estas fincas fueran objeto de expropiación, el Concello considera en las expropiaciones que no se pueden pagar las expectativas de derecho, mientras que, por el contrario, a la hora de recaudar impuestos, el Concello considera que si. Cuando el Gobierno municipal paga la finca no es urbana, cuando el Gobierno municipal cobra la finca sí que lo es. No son capaces de compartir con nosotros lo injusto de esta situación?

El segundo problema surge con el impuesto sobre el incremento de valor de los terrenos de naturaleza urbana, lo que conocemos como plusvalía, pues al considerarse estas fincas como urbanas su transmisión, sea por donación, bien por herencia, bien por venta, pasarán también a tributar por la plusvalía, la venta de una *leira*, la herencia de una *leira* va a pasar a tributar por plusvalía. Repito nuestra pregunta. Non son capaces de compartir lo injusto de esta situación?

Bien, ante este escenario nosotros lo que proponemos, por una parte, es que el Concello no se beneficie de lo que no le corresponde y que compensen en el IBI con una bonificación la injusta subida a estos propietarios, así como que le pedimos que no aplique la plusvalía en la transmisión de estas fincas y hablando de esta materia, quería hacer mención a una reciente sentencia que todos conocemos, supongo, del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de lo que ha ocurrido en Sarria. Estamos estudiándolo en detalle pero *a priori* observamos paralelismos con la situación de las fincas ubicadas en Lugo.

En resumen, que no tengo mucho tiempo, la sentencia dice que el requerir un plan parcial y un plan especial de mejora del medio en Sarria, que non están aprobados, no se pueden equiparar estas fincas a urbanas y anula los nuevos valores.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Sra. Sanz, rematou o seu tempo. Grazas. Ten agora a palabra a señora González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas. Pois si, por suposto que o goberno de Lugo comparte e por iso traballa e estuda para ques, en términos impositivos, sexa o menos gravoso para todas as persoas. Por iso temos tamén as bonificacións xa existentes. Pero, indo a propia proposición, ben seguro que non recoñecerán, ou polo menos en público, seguro que non o farán, é que Lugo é un concello atractivo para a implantación de iniciativas empresariais. Falo de iniciativas empresariais porque vostedes o que argumentan na moción, fala de concellos emprendedores e, polo tanto, mesturan as dúas cousas, non sei... non sei non, por intereses partidistas, supoño.

En Lugo, como lles digo, non o recoñeceran abertamente, pero é atractivo para a implantación de iniciativas empresariais. Así o demostran as 554 licenzas da actividade concedidas nos últimos dous anos por esta administración e tamén moitos dos moitos proxectos que son presentados para a súa análise dentro da iniciativa Lugo Transforma, porque somos sabedores da importancia que ten para o municipio que veñan empresas, boas empresas e que melloremos ese nivel económico e social e que tamén inflúe no poboacional, se se implantan aquí e se quedan aquí en Lugo.

O seu repetido discurso, porque esta proposición xa a elevaron, o que pasa é que non incluía o do IBI, pero xa a elevaron no ano 2021, e facían alusión a que se aprobara, porque éramos muy lentos dando licenzas no Concello de Lugo. Pero ese repetido discurso xa non lles serve porque está sendo ademais un dos aspectos

máis valorados pola cidadanía e polas persoas implicadas grazas ao impulso que nos últimos anos se deu dende Urbanismo, dende esta Consellería, e que se reflicte principalmente na redución de prazos da tramitación.

O instrumento que vostedes propoñen impón obrigas e non ten en conta as particularidades de cada concello. Están propoñendo, o que lle chaman Concello emprendedor, naquel momento trasladábase esa proposta e nós rexeitábamola e mostra de que tomamos unha boa decisión é o incremento e o mellor traballo que se está realizando no Concello de Lugo. E dígolles, polo motivo ese, porque o plan que vostedes propoñen non contempla todas as casuísticas dos distintos concellos adheridos. A preferencia de instalarse nun concello ou noutro non soamente ten que ver cos incentivos fiscais, que xa existen en Lugo, despois recordareilles algún, senón outros factores, que é a garantía dunha calidade de vida que Lugo ofrece e que permiten desenvolver proxectos profesionais e empresariais, tamén persoais e profesionais, familiares dentro do proceso vital de calquera persoa que se queira instalar aquí en Lugo. Os datos de Lugo son bos, o que a vostedes lles molesta, e queren facer política con isto dos impostos, pero, como saben, nós sempre imos ser partícipes de mellorar a calidade de vida das persoas, E os datos de Lugo melloran nesa tramitación de licenzas en proxectos industriais, en proxectos empresariais atraentes e que xa contan con beneficios fiscais nas nosas ordenanzas. Por exemplo, o 90% para os inmobles que constitúan un obxectivo de actividade, o 50% durante os tres períodos impositivos ao do outorgamento da Comunidade autónoma, en 95% en bens rústicos das cooperativas agrarias e explotacións da terra, o 30% coa condición de titulares de familias numerosas de categoría xeral; ao 95% nos inmobles propiedade da universidade que se dediquen a fins universitarios; o 95% durante os tres anos aos inmobles nos que estean ubicadas as construcións; o 50% durante os tres períodos impositivos seguintes a finalización da súa imposición. E por iso pretendemos seguir sendo coherentes, e imos na seguinte intervención que xaa non me dá tempo, presentar unha emenda *in voce* para aprobar por unanimidade esta proposta e pasarei a dicila despois. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas. Ten a palabra a señora Cristina Sanz.

DONA CRISTINA SANZA ARIAS: Gracias señor alcalde. Respecto a las áreas de expansión no habló nada, supongo que hablará en su segundo turno, pero a nosotros es un tema que nos preocupa mucho.

Bien, respecto al tema del que si que habló, lo que es la adhesión del Concello de Lugo a la iniciativa Concellos emprendedores, o Concellos Doing Business, es una realidad, que la etapa post COVID- y la ingente cantidad de recursos inyectados desde la Unión Europea para transformar las economías de los países miembros está motivando que se desarrollen numerosos proyectos empresariales que buscan

el mejor lugar en el que implantarse. En este contexto de dinamismo de nuevos proyectos los concellos compiten y nosotros queremos convertir Lugo en un concello atractivo para atraer proyectos e inversión. No podemos permitirnos que empresas que podrían implantarse en nuestra ciudad lo estén haciendo en concellos vecinos aprovechando esas ventajas que a los promotores les otorga ubicarse en un Concello emprendedor. Hablo de Castro de Rei, Outeiro de Rei, o Corgo, Palas, Sarria o Portomarín, o que se implanten en concellos vecinos porque están huyendo de las dificultades especialmente en materia de licencias que se dan en este Concello, y lamentablemente es algo que sí está ocurriendo, empresas que se desplazan a concellos limítrofes y lo digo desde la experiencia y conocimiento de varios casos.

En cualquier caso, adherir Lugo a esta red es una medida más, no la única, para atraer proyectos a nuestra ciudad y fidelizar la consolidación de los existentes. Así que les pedimos que rectifiquen, es más, ni que rectifiquen, pedimos que se cumpla el acuerdo adoptado por este Pleno el 26 de octubre de 2017, porque en este se hace a un acuerdo de 2021, pero ya en el 2017 hubo un acuerdo de este Pleno por el que se aprobaba la adhesión de Lugo da Rede de Concellos Emprendedores y no sabemos cual fue el motivo por el Concello, el gobierno local, no cumplió su palabra.

Incluir a Lugo en esta red implicará que los nuevos proyectos que aquí se implanten tendrán ventajas fiscales, bonificación en el IBI, en el IAE, en el ICIO, así como un compromiso de agilización administrativa ya que aquel proyecto que tenga la documentación completa por parte do solicitante y tenga todos los trámites sectoriales preceptivos tendrá la licencia en plazo de 30 de días. Parecía algo de justicia. Pero es que, a mayores, si el concello es emprendedor habrá una doble discriminación positiva, tanto para la empresa que tendrá más ayudas de la Xunta como para el propio concello cuando se presente a convocatorias relacionadas con esa iniciativa. Si el motivo por el que non se adhieren a este iniciativa es pola reducción en la recaudación de impuestos en la implantación inicial de una empresa, estaríamos ante una visión muy simple y cortoplacista, porque cada empresa que se instale en Lugo es gente que vive aquí, que consume aquí, que recaudo aquí, que tributa aquí..., en definitiva, riqueza en nuestra ciudad muy por encima de los impuestos que deja de pagar. La señora Abelleira presumía de las licencias que se conceden, nosotros, si el dato es así, totalmente a favor, nos complace, pero por que limitarnos a más? Por que limitarnos? Está bien la cosa, bien, pues sigamos así, avancemos, tengan una mirada a largo plazo y tengan ambición. Lugo no se puede hacer desde lo pequeño, hay que mirar más allá. Bien, en Galicia hay más de 160 concellos Doing Business, en la provincia de Lugo 25, y, repito, no entendemos los motivos por que la capital, que tenemos potencial económico, suelo industrial, recursos económicos, capacitados y una amplia red empresarial, seguimos al margen de esta iniciativa. No podemos permitir que Lugo quede atrás e continúe perdiendo oportunidades.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Quenda de peche agora para Ana González Abelleira.

ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas señor alcalde... Mire, non pretendemos desprestixiar iniciativas da Xunta de Galicia, non somos coma vostedes, pero si queremos ser coherentes. Vostede fala do 2017, no 2017 non se implantou porque no 2021 se rexeitou precisamente polo argumentario da primeira da primeira exposición. Ademais esa decisión demostra que foi unha decisión ben tomada porque se incrementaron as licenzas se a vostede non lle parecen suficientes, seguramente teremos que ter máis, pero é que saen a case dúas por día. Se en dous anos hai 554, bote contas. Entón, por iso lle propoñemos a emenda. E, ademais, vostede fala dos concellos emprendedores e falou na súa intervención primeira de plusvalía, pois é que non podemos aceptar ese concello emprendedor porque a plusvalía non está incluída no Programa de emprendedores. Revíseo señora Sanz.

A emenda consistiría para estar todos de acordo, unha emenda, un modificando... admitindo o punto primeiro, aínda que nós seríamos un pouco máis... incluído a partir de: *o estudo dunha bonificación -quedaría igual- temporal no IBI para as parcelas ubicadas en área de expansión e de núcleo do vixente Plan xeral de ordenación municipal co obxectivo de corrixir os efectos da nova valoración e do novo tipo impositivo*. Ven a dicir o mesmo, pero valeríanos a redacción que vostedes propoñen aí, cremos que é máis completa se se inclúe *co obxectivo de corrixir os efectos da nova valoración e do novo tipo impositivo*. E no punto seguinte redactar como: *Estudar a excepción no imposto sobre o incremento do valor de bens de natureza urbanas, das transmisións inter vivos ou mortis causa das mesmas parcelas ubicadas nas áreas de expansión de núcleo*, e eliminar o terceiro punto polo que me refería porque os concellos emprendedores non contemplan a exención da plusvalía, polo tanto, quedaría redactado o primeiro igual, o segundo, cun estudo da exención do imposto do IBI e eliminar o terceiro porque contradi, xa que se pretenden eliminar a plusvalía, os concellos emprendedores non o contempla.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas. Pois, agora si, última quenda para a señora Cristina Sanz.

DONA CRISTINA SANZ ARIAS: Señora Abelleira, con todo respecto, pero creo que non me expliquei ben, ou non entendeu ben, a plusvalía vai no punto dous exclusivamente e só para os terreos e áreas de expansión. Non ten nada que ver ..., non hai plusvalía... (Voces de fondo inintelixibles) ... Pero o punto tres, non, (persisten as voces de fondo) ... Pero o punto dous é exactamente a exención... isto non é debate, isto é acordar a transacción, pero o dous pon a exención no imposto da plusvalía na transmisión de ditas parcelas, nada máis, non

fala nada de concellos emprendedores, que é o punto tres, que é totalmente a parte, non sei se estamos confundindo.... (voces de fondo) ... claro, ... pero non queren adherirse agora á Rede de Concellos emprendedores? (voces de fondo) ... En absoluto é contradictorio, porque o punto dous fala de fincas e o punto tres é o de concellos emprendedores... Pódese votar? Se nos permite a votación por puntos?

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Non, hai que votar a moción.

DONA CRISTINA SANZ ARIAS: ... A ver, a nosa vontade sobre todo é O tema dos concellos emprendedores podémolos ver máis adiante, a nosa vontade é principalmente, nesta iniciativa, da que vostede non falou nada, é tratar o tema das fincas e das parcelas. Entón a nosa boa vontade e de acadar acordos e, por tanto, e imos aceptala, pero prefiro que o señor alcalde lea o texto, porque non sei se me quedou claro, penso que si, pero prefiro que polos compañeiros lea o texto e aceptaremos a emenda que propón a Sra. Abelleira ...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Aceptan a emenda que presenta...?

DONA CRISTINA SANZA ARIAS: ... Coido que si, pero prefiro que a lea para ter claro o que votamos...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Bueno, hai unha explicación previa á emenda, pero a emenda é que o acordo presentado quede modificado do seguinte xeito: Un, no punto primeiro, substitúese a redacción actual por estudar a aplicación dunha bonificación temporal no imposto sobre bens inmobles para as parcelas situadas nas áreas de expansión de núcleo do vixente Plan xeral de ordenación municipal co obxectivo de corrixir os efectos da nova valoración e do novo tipo impositivo. Dous, no punto segundo, redactar do modo seguinte: Estudar a exención no imposto sobre o incremento de valor dos bens de natureza urbana das transmisións *inter vivos* ou *mortis causa* das mesmas parcelas ubicadas nas áreas de expansión de núcleo. Eliminación por completo do punto terceiro, por ter sido rexeitado no Pleno de novembro do Concello de Lugo de 2021, en decisión que favoreceu, segundo os datos posteriores que nos avalan. Esta é a emenda que se presenta... (voces de fondo) ... Quedou claro. Pasamos a votar.

Así mesmo, logo de efectuarse a votación, O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, sinala: Moi ben, pois antes de pasar ao seguinte

punto da orde do día, dámoslles tamén a benvida a todos os veciños de Coeses e da zona de Coeses.

8/111 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 230/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MODIFICACIÓN DO ARTIGO 80 DA ORDENANZA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN AMBIENTAL (Exp. 2025/G004/000435).- Vista a antedita proposición do seguinte teor:

A Ordenanza Municipal de Protección Ambiental do Concello de Lugo ten como finalidade garantir a calidade de vida da veciñanza a través da protección do medio ambiente, a saúde pública e o benestar colectivo. Non obstante, a realidade actual e a aparición de novas instalacións con impacto ambiental -como as plantas de produción de biogás- fan necesaria unha revisión e actualización dalgúns dos seus preceptos.

O artigo 80 da devandita ordenanza, relativo á "Produción de olores", carece actualmente dunha regulación específica que estableza distancias mínimas entre este tipo de instalacións industriais e os núcleos de poboación ou vivendas illadas.

Por todo o anterior, considérase urxente iniciar un proceso de revisión deste artigo co fin de incluír unha previsión expresa que regule de forma clara e rigorosa a ubicación deste tipo de infraestruturas, introducindo distancias mínimas obrigatorias respecto a núcleos habitados, zonas residenciais ou vivendas illadas, en consonancia cos principios de precaución, sustentabilidade e protección da saúde pública.

Por todo elo, o Grupo Municipal do partido Popular, que suscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

Incoar de xeito inmediato un expediente de modificación da Ordenanza Municipal de Protección Ambiental, co obxecto de revisar o artigo 80 "Produción de olores", engadindo unha previsión expresa que amplíe a distancia mínima entre as plantas de biogás e os núcleos de poboación ou vivendas, garantindo unha maior protección da saúde pública, do benestar da veciñanza e do medio ambiente.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- Votos a favor:	24	dos Grupos Municipais do Partido Popular, Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** a incoación, de xeito inmediato, dun expediente de modificación da Ordenanza

Municipal de Protección Ambiental, co obxecto de revisar o artigo 80 “Producción de olores”, engadindo unha previsión expresa que amplíe a distancia mínima entre as plantas de biogás e os núcleos de poboación ou vivendas, garantindo unha maior protección da saúde pública, do benestar da veciñanza e do medio ambiente.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois ten a palabra a representante do Partido Popular, señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moi bo día novamente. Traemos esta iniciativa que é coñecida por que ser intentamos negociala vía emenda nun debate anterior, pero que naquel momento non tivemos éxito, pero seguimos, coa perseverancia que nos caracteriza e, por suposto, coa forza de que polo menos se vaian pouco a pouco escoitando as nosas voces. Dende logo, xa coa aprobación da iniciativa anterior xa o xustifica e que permitirá que o rural teña un tratamento como merece.

Este Pleno, este Concello e todos os grupos políticos, nos últimos tempos, vimos analizando un proxecto co que todo o mundo manifestou non estar a favor, polo menos neste momento, algúns en momentos anteriores iniciaron a súa tramitación no Concello. Este proxecto, referido á instalación de plantas de biometano entrou nun debate moi importante, que é que imos facer cos residuos, Parece que todo o mundo recoñece que hai ese problema e tamén todo o mundo está a favor de que hai que darlle unha solución, pero ese debate creo que xa quedou absolutamente superado, e o que nos toca, como o Concello, coa nosa capacidade normativa, coa nosa competencia do artigo 25.2 da Lei de bases de réxime local, coa nosa preocupación tamén na área medio ambiental, é saber que pode facer o Concello para que o proxecto que coñeciamos, pasado o prazo sabemos que non se presentou recurso contencioso administrativo a esa vía desfavorable, e todo parece indicar, e así se me transmitiu, que ese proxecto como tal non será unha realidade, pero mañá ou pasado pode aparecer outro, e o que pretendemos con esta iniciativa do Grupo Popular é que esteamos mellor preparados dende as competencias que ten o Concello, non para atacar a ninguén, senón para protexer, para protexer os núcleos de poboación, para protexer as vivendas habitadas, en definitiva, para protexer o valor das propiedades, tamén das persoas que deciden manter un proxecto de vida no noso rural, Nun contexto no Concello de Lugo no que este tema, se cadra, cobra maior importancia, na maioría dos núcleos rurais sen abastecemento de auga, a maioría dos núcleos rurais sen rede de saneamento, cunha rede de acceso rodado en moitos casos moi susceptible de melloras; en definitiva, unha parte da cidade na que nós temos o convencemento de que non estivo nas prioridades deste goberno dende o ano 1999. Por iso, se cadra, aqueles mecanismos que permitan protexer os núcleos habitados cobran máis forza. Nosoutros defendemos que o Concello pode, dixémolo e dicímolo- Porque

entendemos que pode? Porque hai unha competencia medioambiental, hai unha normativa, a Lei de bases, que así o acredita, e ademais hai uns precedentes neste Concello. Eu gústame moito poñer en valor o traballo da xente que fixo ben as cousas, e temos que dicilo, no ano 1995 houbo un equipo de Goberno comprometido, visionario, onde cando no debate non había ese ecopostureo ao que nos teñen acostumados agora, onde dicimos unha cousa nun titular e despois cando tomamos decisións facemos moitas veces a contraria, pero lexislaban, porque os concellos non poden renunciar nin deben renunciar a lexislar, e deben lexislar e deben ser valentes, especialmente naquelas iniciativas en onde aínda está todo por facer.

Onte remataba unha consulta pública dun decreto que probablemente do ámbito autonómico, tamén afonda nestas cuestións. É evidente que necesitamos lexislatura doutras administracións. A Administración autonómica intentamos na pasada sesión plenaria do Parlamento chegar a un acordo transaccional onde se recollera esa necesidade de que todas as administracións, teño aquí a copia, por se alguén lle quere votar unha ollada. Pero todo iso teremos que facelo nos departamentos correspondente no Congreso, no Senado, todo iso evidentemente farano os nosos compañeiros, farémolo nós os que formamos parte dos dous sitios. Pero hoxe estamos aquí cunha petición moi clara: O artigo 80 da ordenanza do 1995, no apartado tres, recollía expresamente que aquelas actividades ou industrias que orixinaran deseccións de animais ou produzan residuos fedorentos deben situarse a una distancia adecuada do núcleo poboacional. Hoxe pedimos máis ambición, que se concrete o de distancia adecuada, porque non foi suficiente para protexer as vivendas de Cuíña, de Soñar, non foi suficiente, co cal hai que concretalo. E tamén, por suposto, dicilo alto e claro e aplicalo. É o principio. A modificación da ordenanza, como saben, ten que ter outro procedemento, pero é unha decisión valente que o Grupo Municipal do Partido Popular quere liderar.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora a palabra o señor Rubén Arroxó.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas alcalde. Moi bo día e moi bo día aos veciños e veciñas de Soñar, de Piúgos, de Cuíña, do contorno da parroquia de Coeses. Ben, primeiramente un apunte, señora Candia, os concellos non lexislan, os concellos fan ordenanzas, fan regulamentos pero non lexislan. De feito, o período que hai entre eleccións non se chama a lexislatura, iso é nos parlamentos, nos concellos chámase mandato precisamente porque os concellos non lexislan. E creo que isto é moi importante para comprender todo o que hai no entorno disto.

É ben, isto é ben sabido que o Partido Popular dende a Xunta fixo unha declaración que lle dá carácter supramunicipal a este proxecto, do que tanto se ten falado, e dáselle carácter supramunicipal por unha lexislación en vigor que aprobou o propio Partido Popular. Isto é así, e así o pode corroborar calquera, e ante esta situación

que non só a acontece aquí, na veciña Castela e León teñen ese problema, onde goberna o Partido Popular, e, como xa falamos no Pleno anterior, tamén tiveron en conta isto, e lexislaron porque hai un Parlamento, alí si lexislan como o Parlamento galego, lexislaron para marcar as distancias máximas ás que hai que poñer as plantas das casas, pois iso é unha solución. Solución que tamén acolliamos na iniciativa que presentabamos hai nada, hai 15 días, no Parlamento galego, no que, por certo, vostede, como deputada, que tamén é, votou en contra, na que propoñiamos lexislar ao respecto das distancias das casas, vostede votou en contra, como fai en Castela e León que aprobou o Partido Popular, ou como o fan en Alemaña tamén, que tamén levan xa tempo con estas plantas, que é poñerlles unha capacidade máxima, porque o problema disto son as macroplantas, como é este proxecto, macroplantas, porque plantas pequenas hainas en moitos sitios, en moitas granxas incluso, para tratar os residuos in situ. O problema son as macroplantas, ¿Qué pasa? Que as macroplantas son as que dan cartos ás eléctricas. É aí onde está o meollo de todo isto. Se se fan pequenas plantas, as grandes eléctricas xa non teñen eses beneficios. E esta é a cuestión. E eu non quero dicir cousas que non teño forma de saber, pero a algún o recórdaselle o abrazo do presidente de Iberdrola a Feijóo o día que gañou as eleccións e que celebraba que as eléctricas volveran ter certo poder. O tema é que a clave en todo isto estaría limitar aí.

En todo caso, nós sempre estivemos en contra deste proxecto, imos a facer todo o posible para estar en contra deste proxecto. E dicimos unha cousa: hoxe imos votar que sí a esta proposición, imos votar que si, sabendo que non serve, porque o sabemos, non serve, non é a solución, a solución é lexislar no Parlamento galego, pero imos votar que sí para que non se diga que non se intentou facer dende aquí todo o posible. Pero somos conscientes e non queremos enganar a ninguén que esta non é a solución, non é a solución porque ten carácter supramunicipal, porque así está lexislado, pero que non se nos acuse en todo caso de que non fixemos todo o posible para tratar de evitalo.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas. Ten agora a palabra o voceiro do Partido Socialista, señor Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas señor alcalde. Ben, a primeira pregunta que fago é: quen regula a Lei do solo rústico en Galicia?, E volveu darlles a responsabilidades outra vez, as competencias impropias, aos municipios, como dixo antes o señor Arroxó. Vou ler, cito textualmente, o que di: Ámbito competencial e organización da Consellería de Medio Ambiente, Cambio Climático. Á Consellería de Medio Ambiente, Cambio Climático corresponden as competencias e funcións en materia de medio ambiente, a conservación do patrimonio natural, a ordenación do litoral e promoción da paisaxe, protección das augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación, e as competencias en materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables. Ben, iso, por un

lado. Conforme ao establecido no Estatuto de autonomía, segundo o Estatuto de autonomía á comunidade autónoma correspóndelle a competencia exclusiva nunha serie de materias onde figuran as normas sobre protección do medio ambiente e paisaxe. Xa debatemos fai un par de meses, no Pleno do mes de maio, quen ten as competencias en canto administracións. E cómpre recordar que a ordenación do territorio de Galicia baséase na Lei 2/2016, que regula directamente as condicións de uso, ocupación, edificación do solo rústico. Porque estamos falando, claro, estamos a debater outra vez, dunha ordenanza porque temos un problema de que agora mesmo a normativa, a Lei do solo, permite facer unha planta de biometano e biogas a escasos metros dos núcleos rurais. Poderíamos empezar por aquí, exixindo á Xunta de que modifique o artigo 35 da Lei do solo de Galicia, o cal non estaría demais modificar tamén neste apartado para impedir a instalación destas plantas cerca dos núcleos rurais. E, dito isto, pois ben, a ordenanza municipal de protección ambiental se ocupa de regular determinados aspectos relativos á produción de cheiros, como vostede dixo. Non é un instrumento legal adecuado para regular os plans de biogás onde a problemática excede das cuestións de malos cheiros, porque non son só os malos cheiros, é calidade das augas, é o tráfico rodado, a evacuación de residuos, que se fai con eses residuos, non é só a localización da planta, senón todo o sistema e a infraestrutura que necesita para poder funcionar. E dígoo porque na propia ordenanza, no artigo 80 e no artigo 3, o exercicio das competencias municipais, como informou antes o señor Arroxo, e cando existan regulacións específicas de superior rango, as prescricións desta ordenanza aplicaranse con suxeición ao principio xerárquico das normas con predominio aquelas. É dicir, nós podemos modificar a ordenanza pero no momento no que a Xunta, que está obrigada polas súas competencias, faga a ordenación deste tipo de plantas de biometano e biogás, terá todas as competencias. E non o digo eu o di a Lei de ordenación do territorio de Galicia. Pero si que é curioso que fixeron unha modificación dunha Lei de medidas fiscais e administrativas, a 10/2023, para que o saiba todo o mundo, pois é a a simplificación da declaración de proxectos industriais estratéxicos, os PIES, e por que o fixeron? Bueno, para dar celeridade ás industrias e empresas que consideren que lles sae algún tipo de beneficio, entre elas, a planta de biometano, ou para Altri, non sei, esta si que a fixeron, esta modificación para facer rápido e pasar unha declaración de impacto ambiental rápida. Entón, ben, isto é o de sempre, ides vendendo que facedes un favor á cidade de Lugo, e a primeiros de cambio, a culpa é do Concello e o Concello é quen ten que arranxar o desperfecto no uso das competencias que ten a Xunta de Galicia.

Eu non estou de acordo desta forma a traballar, pero si informar de que vén votaremos que si a modificación desta ordenanza, pero non é a solución, porque isto é pan para hoxe e fame para mañá. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Seguinte quenda para o Partido Popular.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Ben, en primeiro lugar ou o meu agradecemento ao apoio da iniciativa, máis alá dos termos literais do debate. Estamos nunha materia en onde ambas forzas políticas, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, recoñecen que non hai regulación, Recoñéceno. A partir de aí, o ámbito competencial que eu citei, tanto o artigo 25 da Lei de bases como algunha sentenza moi interesante do Tribunal Supremo do ano 2015, bastante recente, en onde desenvolve que debe entenderse pola esfera competencial do medio ambiente urbano e a capacidade normativa dos concellos.

Evidentemente, cando digo legislar é a acción de ditar normas, e non me refiro a unha lei, referíame a ordenanza creo que en ningunha parte do debate din lugar a ese erro. Eu dixen que o Concello pode y agora parece que o Concello quere, iso é un éxito de todos, especialmente da xente que dende hai moitos meses veñen reivindicando acordos e unanimidade en protexernos da maneira que teñamos posibilidade de facelo. Sigo defendendo que a ordenanza si o é, vostedes acaban de traer no punto un unha ordenanza de rehabilitación, non debería de ser necesaria, hai unha Lei de patrimonio galega do ano 2016, pero, sen embargo, vostedes mellórana, aportan, concretan e acaba de aprobarse nesta mesma sesión plenaria. Non se trata, insisto, porque tería moitísimos argumentos para contradicir o que acaban de dicir, pero xusto neste Pleno é que xa se dá un, non sería necesario, hai unha lei autonómica.

Os concellos teñen moito que dicir e teñen que ser valentes e deben dicilo nestes ámbitos e nestas actividades porque, mire, ao PP acredítaselle que abraza ás empresas, pero a única forza política ou polo menos para que non... imos apoiar todos esta iniciativa, e non quero abrir ningún debate, pero o PP non coñece a empresa, non sei se o Partido Socialista pode dicir o mesmo da iniciativa que se pretendía, e alégrame dicilo en pasado, instalar en Coeses. Eu pódolle dicir que o Partido Popular non sabe quen é, os 12 concelleiros que están aquí, nunca tivo unha reunión, nunca participou en ningunha actividade, e a rapidez e a dilixencia tamén -que vostede agora leva urbanismo- podemos comparar o tempo de resposta que lle deu o departamento correspondente deste Concello a ese proxecto co que lle dá a moitos pequenos autónomos que, por moito que se mellore, seguen esperando meses e incluso anos pola súa licenza.

Entón iso non é para abrir o debate. Creo que o Concello pode, e agora parece que o Concello quere, pois se o Concello quere, nosoutros estaremos por suposto ao lado, concretando se deben ser 3800, 2500, coa participación da veciñanza que tanto o merece, que tanto leva esforzándose para ter información, é para facernos tamén andar a todos os grupos políticos, e creo que é un éxito de todos. Por conseguinte, non infravaloraren a capacidade normativa que teñen os concellos, acaban de demostralo no punto un, e aprobeítana para protexer as vivendas habitadas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Quenda agora para o señor Arroxo.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: A frase de que creo que o Concello pode e parece que o Concello quere, que o Concello quere, quedou patente en xuño do 2024, hai un ano e un mes neste Pleno; que o Concello pode, tamén quedou patente por calquera persoa que lese as leis durante todo este tempo. O Concello poder non pode, se a Xunta lle dá unha declaración de interese a este proxecto, pasa a ter unha competencia supramunicipal e a literatura que poidamos introducir nas ordenanzas, que me parece moi ben, ademais pode servir ... para este proxecto non vai servir, pero pode servir para outros, me parece correcto, non vai influír na autorización ou declaración de interese que lle dea o goberno galego. Ese é o problema de todo isto. Entón, pola nosa banda, e ademais tamén me sumo a toda a intervención que fixo o meu compañeiro Jorge Bustos, pola nosa banda imos poñer todo o que estea na nosa man. O problema é que se o Goberno galego lle dá unha declaración de interese a este proxecto, e segue sen regularse por parte do Parlamento galego, o Concello non vai poder facer nada, absolutamente nada. Entón, eu creo, señora Candia, que igual que vostede amosa aquí vontade nisto, que a amose de verdade onde se pode cambiar, que é no Parlamento galego, que non vote en contra dunha iniciativa que o que busca é regular as distancias e o volume, como fixo hai 15 días, porque aí é onde se demostra se hai interese ou se o que se pretende facer é un brindado ao sol, que imos dar hoxe, que realmente son brindados ao sol, pero que realmente non vai solucionar isto. Esa é a realidade, non o vai solucionar.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas. Quenda para o señor Bustos. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, señor alcalde. Primeiro, ao igual que hai un plan sectorial eólico de Galicia, elaborado pola Xunta, máis que nada para que non teñamos un muíño de vento posto na porta de casa, pois haberá que facer un plan sectorial das plantas de biogás e biometano. Eso sería un primer punto. Despois dicirlle, debería falar con diversos colectivos da construción dentro da cidade de Lugo, porque están gabando o bo traballo dos técnicos municipais, porque o Servizo de Licenzas está funcionando a un nivel moi bo, e de feito, mostra diso, son varias notas de prensa que está a saír despois da súa man. Entón, dende aquí os felicito eu polo menos porque está a facer un traballo excepcional os técnicos municipais. Despois dicirlle que, claro, eu leo a proposta e boto moito en falta. Hai dous meses falabamos da distancia entre os materiais, limitar a capacidade das plantas, legislar o sector, establecer unha serie de parámetros, e canto máis o miro... *engadir unha previsión que amplía a distancia mínima...* e con iso xa solucionamos todo, unha distancia mínima, como só hai que poñer unha

instancia para que non se faga unha planta de biometano que non esta regulada. Pois, ben, a verdade é que vexo moita desidia da oposición, len un par de artigos, limítanse a dicir que temos que cambialos e dinlle á poboación que a culpa é nosa e que non facemos nada.

Ben, e logo, pois o da distancia mínima para atallar un problema grande como o que temos coa ubicación das plantas de biogás e biometano non é suficiente. O noso posicionamento é claro, imos traballar para que a ordenanza recolla todas as casuísticas necesarias e que regule da mellor maneira posible a instalación destas plantas de cara ao beneficio da cidadanía. Pero, repito, non é a nosa competencia, pero teremos que asumir unha vez máis ese papel que a administración autonómica está deixando de lado. Sen máis, moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas. Ultima quenda, señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: A proposta que se rexistrou no Parlamento precisamente para mellorar e protexer as vivendas empezaba con ese plan que vostede demandou, por iso o Partido Socialista tampouco apoiou a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

Neste proceso hai dúas maneiras de traballar, buscando dar solucións. Esta ordenanza téñena no caixón dende o ano 1995, xa podía ter modificado o artigo desde hai meses, pero, insisto, aplaudo que rectifiquen e o fagan, ou constantemente poñer isto enriba da mesa como ariete en contra do Partido Popular, dos concelleiros do Partido Popular ou da Xunta de Galicia.

Estamos no Concello de Lugo, vostedes teñen dedicación no Concello de Lugo, non están facendo oposición á Xunta de Galicia, están para dar solucións no Concello de Lugo. A ordenanza é unha solución, non hai normativa e, por favor, busquen xurisprudencia que lles avala, fáganse valer, non pensen que o Pleno dá brindes ao sol. Déanlle un respecto á Corporación e déanlle respecto aos plenos, porque os plenos adoptan acordos que deben de cumprir, que teñen que facer un seguimento, non o tomen todo a broma porque non o é.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas. Rematou a quenda. Pasamos á votación.

9/112 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 231/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DESISTIR DO DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO DO POLÍGONO C E DO SECTOR S13R NO ENTORNO DO PASEO DO RATO EN PARADAI (Exp. 2025/G004/000436).- Vista a antedita proposición que é do seguinte teor:

O entorno do Paseo do Rato, en Paradai, dispón na actualidade de dúas bolsas de terreos, maioritariamente de titularidade pública, para as que aínda non se remataron os trámites de ordenación urbanística: o polígono C e o sector S13R.

No primeiro caso, segundo a Xunta de Compensación, a Deputación de Lugo é titular do 28,4% dos terreos, ADIF do 20,6% e o Concello de Lugo do 15,9 (é dicir, as administracións públicas controlan o 64,9% desa Xunta de Compensación fronte ao 35,1% en mans dunha empresa privada e un particular). No segundo caso, o impulsor e titular é a Deputación de Lugo. En ambos casos, as administracións públicas teñen a maioría suficiente para decidir sobre o futuro destes terreos e os procesos iniciados.

O polígono C de Paradai conta cun Plan Parcial aprobado inicialmente polo Concello de Lugo. Recentemente foi protagonista das queixas dos veciños e incluso PSOE e BNG chegaron a pedir publicamente que non se edifique. O propio alcalde e deputado provincial, Miguel Fernández, se amosou partidario de non edificar na zona.

O proceso de venda dos terreos do sector S13R, titularidade da Deputación de Lugo, iniciouse no 2005. En xaneiro do 2007 o BOP publica a venda pública que foi adxudicada en marzo dese mesmo ano, venda respaldada de forma unánime polos grupos políticos que formaban parte do Consello de Administración da extinta Suplusa.

No contrato de venda estableceuse un primeiro pago do 30% do total, a realizar no momento da adxudicación, e un segundo e terceiro pagamento vinculados ao desenvolvemento urbanístico dos terreos, por parte da Deputación de Lugo. Circunstancia que en 18 anos aínda non se rematou.

A realidade é que este último paso nunca se executou porque aínda non se aprobou o Plan Parcial, de forma que as parcelas non son edificables. A Deputación de Lugo contrataba unha arquitecta e o presidente da Deputación autorizaba (por Decreto do 20 de novembro de 2024) o pago polos servizos para a ‘Adaptación dos documentos para aprobación inicial do Plan Parcial S-13R do ano 2018 aos requirimentos municipais e nova lexislación’.

E, máis recentemente, a Deputación de Lugo acordaba na xunta de goberno do 4 de xullo de 2025:

“PRIMEIRO: Aprobar o presuposto para o exercicio 2025 e réxime de aportación de derramas da Xunta de Compensación do Polígono C, Paradai, Lugo, no que corresponde á cota da Deputación Provincial que ascende a doce mil seiscentos catorce euros con vinte e un céntimos) (IVE incluído).

SEGUNDO: Aprobar as Contas Anuais, correspondentes ao exercicio 2024 da Xunta de Compensación do Polígono C, Paradai, Lugo.

TERCEIRO: Aprobar o proxecto de compensación emendado de acordo co informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais.

CUARTO: Tomar coñecemento dos acordos adoptados pola Xunta de Compensación do Polígono C de Paradai, Concello de Lugo, referentes á renovación de cargos do Consello Rector e ao estado de tramitación do proxecto de urbanización desta actuación.

QUINTO: *Notificar o presente acordo á Xunta de Compensación do Polígono C de Paradai, Lugo”.*

Isto supón que o goberno provincial de PSOE e BNG, do que forma parte o alcalde de Lugo, sí está a favor de impulsar a edificabilidade en ambas bolsas de solo en Paradai.

Dende o Partido Popular apostamos por garantir un desenvolvemento urbanístico ordenado, coordinado cos veciños e transparente, que permita preservar zonas verde no Paseo do Rato, que foi impulsado fai décadas por gobernos do Partido Popular na Deputación e o Concello de Lugo.

Se os gobernos local e provincial teñen vontade real poden paralizar de inmediato o desenvolvemento urbanístico de ambas bolsas de solo no Paseo do Rato adoptando a decisión de desistir do seu impulso ao ter a maioría necesaria e o control absoluto de ambas Xuntas de Compensación.

Por outra banda, a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) é posible. Como exemplo, o Concello de Lugo aprobou en xunta de goberno o 29 de xaneiro de 2025 unha modificación da clasificación e cualificación urbanística dos terreos do Garañón. O acordo é o seguinte:

“Modificación do Plan xeral de ordenación municipal de Lugo, no ámbito do URPI-58, segundo a documentación presentada polo equipo redactor no rexistro municipal en data 28-11-2024, coas seguintes condicións:

*a) O ámbito da modificación manterá a súa clasificación como solo urbano **non** consolidado.*

b) A cualificación urbanística de zona verde e de equipamento dos terreos ao sur do ámbito en contacto coa Rolda do Carme, chegará ata onde empeza a beirarrúa existente”.

Por todo elo, o Grupo Municipal do partido Popular, que suscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1.- Instar ao Concello de Lugo, á Deputación provincial de Lugo e demais administracións implicadas a desistir do desenvolvemento urbanístico que están impulsando no Paseo do Rato (polígono C e sector S13R de Paradai).

2.- Levar a cabo as modificacións puntuais do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Lugo e demais planeamento urbanístico para garantir que a totalidade da superficie do polígono C e o sector S13R de Paradai se clasifiquen como solo urbano non consolidado e se destine a usos dotacionais públicos, como zona verde, viario ou equipamento.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 11 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 1 | de dona Elena Candia López, segundo manifestacións efectuadas durante o debate do presente asunto. |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra en representación do Grupo Popular, o señor Ameijide. Cando queira.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas alcalde. Están impulsando dúas urbanizacións no polígono C, no S13R, dúas urbanizacións no Paseo do Rato, isto é unha realidade e imos intentar poñer negro sobre branco a situación de ambos polígonos.

Empezamos co S13R do que o martes, por exemplo, dixeron moitas mentiras apenas a uns metros deste Concello, no Palacio de San Marcos. Dixeron que era un pelletazo urbanístico do que non sabían nada. Home, é curioso porque no 2004 aprobouse unanimemente á venda en SUPLUSA onde estaba o Partido Socialista votando a favor. Dixeron que se venderá a escuras, curioso que se venderá a escuras cando se publicou no Boletín Oficial da Provincia o 3 de xaneiro de 2007, e evidentemente non foi a escuras, senón que encima houbo tres licitadores e tres ofertas. Dixeron que se venderá o día antes do comezo do mandato, da entrada de Besteiro na Deputación, outra mentira máis, porque a adxudicación foi precisamente o 3 de marzo do ano, 2007, mentiron. Menten máis que falan. Dixeron que se adxudicara a un amigo, adxudicouse dos tres licitadores ao que máis pagou: 3.666.173,84 euros. Só pagou o primeiro prazo 909.312,49 euros. Por que? Porque os outros 2,7 millóns tiña que pagalos cando lle entregasen os terreos, cousa que despois de 18 anos aínda non aconteceu, 18 anos despois non ten os terreos. Dixeron que non sabían nada da venda e todo isto evidentemente viña validado polo señor Besteiro, como membro da Corporación, Provincial e como membro e SUPLUSA, por certo, teño aquí os documentos, se queren consultalos despois. Dito isto, mentiron. Mentiu o Bloque tamén, porque dixo que nós pedíramos á construción desa urbanización, seguramente agora, Rubén, saque unha noticia de prensa dicindo que nós pedimos ou preguntamos polo atraso dos 18 anos. Efectivamente, cando detectamos que contrataran un arquitecto despois de 18 anos sen facer nada nas urbanizacións, dixémoslles: Oían leva 18 anos parada esa organización, que van facer agora con estes terreos? Evidentemente, preguntamos, reunímonos cos veciños unha semana despois, unha semana despois para dicirlles o que querían facer alí e a realidade desa situación, realidade que cambiou moito en 18 anos. Tanto que non só probablemente non sexa a mellor decisión construír aí, senón que o propio promotor que adquiriu eses terreos, dende o ano, 2001, leva chamando ás portas da Deputación para resolver, para retrotraer para, ben,

dalgunha maneira romper ese contrato. Non lle fixeron caso en ningunha das veces que chamou á porta da Deputación e foi o xulgado, concretamente o 25 de xaneiro de 2025. Teño aquí a demanda, porque probablemente tamén digan que a descoñecen, aquí está a demanda e nesta demanda pídelles resolver o contrato e que, se queren, coas 66 parcelas, por certo, mentían tamén, Sr. Fernández, na Deputación, cando dicían que as 66 parcelas se quería quedar con elas o promotor. Non, non, son da Deputación e seguirán sendo da Deputación, o único que pide ao promotor e que lle devolvan os 909.312,49 euros que lle teñen retidos dende hai 18 anos para nada. Ben, no medio de todo isto non debería haber problema. Este señor quere que lle devolvan os cartos, a Deputación di que non quere edificar, o alcalde de Lugo di que non quere edificar, o tenente alcalde de Lugo di que non quere edificar -teño aquí as noticias de prensa- e o señor quere que lle devolvan os cartos e devolver as parcelas. Parece que está resolto o problema, pero non. Porque mentres pasaba todo isto, e daban estas notas de prensa tan bonitas, vostedes estaban rexistrando un plan parcial, ao cal non nos deixaron acceder. Tiven que solicitalo en tres ocasións, e agora si temos acceso a ese plan parcial, agora despois de todas esas mentiras que lles acabo de desvelar, si temos acceso a ese plan parcial, e nese plan parcial plantexan a construción de sete torres en pleno Paseo do Rato, torres entre cinco e seis plantas, téñoas aquí marcadiñas, aquí, aí as ten, señor Fernández, as que dixo que non quería facer, e mentres lles dicía a estes veciños que non as quería facer, rexistraba este documento como membro do goberno provincial, hoxe pódono parar desistindo desta proposta, pódono parar porque son os promotores principais, como di este documento.

Isto o S13R, pero hai tamén ao polígono C de Paradai, alí queren facer tamén outra urbanización, 240 vivendas oito plantas en pleno Paseo do Rato, concretamente aquí tamén, e aquí tamén son maioritarios, o 64,9%, contrólano vostedes a través do Ministerio, da Deputación e Concello, Junta de Compensación. Presentaron ese plan parcial, tamén dicían que non sabían nada, a pesar de que o señor Arroxo dera a licenza como alcalde accidental na Xunta de Goberno e que vostedes son uns dos promotores e din que non sabe nada. Hoxe tamén o podemos parar aquí, poden desistir, son os promotores principais e poden negociar cos promotores minoritarios que teñen pouco máis dun 30%. Agora, hoxe, diante de todos diranos se hai vontade de parar ou se Agora terán que dicirnos, señor Fernández, se lles mentiron aos veciños ou non.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten a quenda de palabra o conselleiro Jorge Bustos. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas señor alcalde. A verdade, señor Ameijide, que ten un papelón. E vou empezar a miña intervención lendo unha nota da Voz de Galicia, *As verdades do Plan Paradai*. Ademais vén redactado por un compañeiro voso: Ao principio do ano 1999, o meu compañeiro de profesión e mais recibimos do Concello de Lugo o encargo profesional de redactar a zona

comprendida entre a ponte da Estación e a ponte Romai. Este trámite se aprobou sendo Joaquín García Díez o alcalde e un tenente de alcalde de Urbanismo, que se chama Ramón Arias, posibilitando que a Xunta, en maio dese mesmo ano, se firmase un convenio urbanístico entre a Xunta, Deputación e o Concello. Non contento con isto, podemos entender que o desenvolvemento urbanístico desta zona do polígono de Paradai, está impulsado polos gobernos do PP de Lugo, é máis, subindo aposta, pois eu teño a información de que o 11 de xullo de 2007, cando se estaban a celebrar unhas eleccións municipais, a Deputación estaba traballando en funcións e o Goberno, unha persoa que, ben, por educación non se pode mencionar porque xa non está, vendeu a un particular, ben, vendeu a un particular non, sacou a licitación 66 parcelas de iso ao público na contorna do parque de Paradai, 60.000 metros cadrados de terreo público. Non contento con isto, o mantemento dos terreos é realizado por SUPLUSA, a sociedade urbanística provincial, que naquela época estaba dirixida polo concelleiro de Urbanismo da época de Joaquín Díaz e polo seu fillo, que por todos é coñecido. Toda esta operación foi inscrita no Rexistro da Propiedade o trece de xullo por un Goberno en funcións que en teoría non podería liquidar 60.000 metros cadrados de solo público para beneficiar, ben, a un licitador, porque antes de perder o poder ante o señor Besteiro tiñades razón, deixastes todo atado e moi ben atado. E logo teñen o valor a escribir na proposta de que os gobernos do Partido Popular apostaran por garantir un desenvolvemento urbanístico ordenado, coordinado cos veciños e transparente. Se non se houberse aprobado ese plan parcial, se aprobara ese PERI, teño aquí o PXOM do 90, había edificacións, pero había bastantes máis zonas verdes. Logo, en xuño 2005, unha aprobación definitiva dun plan especial feita por SUPLUSA, e logo a aprobación definitiva en abril de 2011 coa ordenación equivalente a 2005. Non diga que somos nós os que queremos edificar alí, por favor, non se pode mentir así.

Entón modifican o PXOM para facer edificable a zona, venden 60.000 metros cadrados nunha licitación e cun compromiso nun contrato privado que sexa a Deputación quen financie o proxecto, mantendo os terreos a Sociedade Urbanística Provincial e por riba todo din que son vostedes os que traballan con transparencia cara a sociedade, pero a solución para todo de facer ver a todos os veciños e as veciñas de que somos nós quen queremos desenvolver este plan.

É que estamos obrigados por lei, porque é un acto regrado que está aprobado, tivo unha exposición pública, está aprobada polo PXOM. Entón non podemos prevaricar, agora o que hai que buscar son solucións.. Despois, non me pode mesturar o polígono C, que xa é solo urbano consolidado, cun sector S13R, que está en desenvolvemento e ese plan parcial aínda ten que pasar polo Concello e teremos que mirar a ordenación detallada que queremos nesa zona. Entón non me pode mesturar os dous polígonos, pero, ben, como son estes xogos de trilería, que mesturamos así todo, din que todo isto se resolvería quitando a nosa participación da Xunta de Compensación, o cal non se pode facer por non podemos desistir nunha Xunta de compensación, e se puidésemos a deixar o porcentaxe de participación pública que ten agora mesmo a administración, o Concello de Lugo,

deixariámolo ao promotor privado. Pois home, eu non sei, eu creo aí que confunden bastantes temas e é o interese público, están perdendo o patrimonio público para darlo a un promotor privado? Pois ben, eu aí non estou de acordo, á verdade.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Segunda quenda, señor Ameijide. Cando queira.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Jorge téñoche un profundo aprecio e amizade, pero hoxe mentiches en todo e canto dixeches. Primeiro, empezaches mentindo, porque falas do que che dixeron. No 2007 non se venderon esas parcelas, iniciouse a venda no 2004, publicouse no 2006 y adxudicouse en marzo de 2007, meses antes dunhas eleccións. Por tanto, infórmate máis e non mintas tanto. Segundo, eu non dixen en ningún momento, nin dixemos nós, que desistas ou renunciases as propiedades que están na Xunta de Compensación. Non, dixemos que o Goberno provincial de Lugo e o Goberno municipal de Lugo controlan, xunto co Ministerio, todas as xuntas de compensación, a do polígono C e a do S13R, no S13R de forma maioritaria a Deputación practicamente integralmente, e no polígono no polígono do C, o 64,9 entre Ministerio, Concello e Deputación. Dixemos que, como promotores, a Xunta de Compensación pode desistir dunha licenza, dunha solicitude de licenza para un plan parcial, porque ti ou eu se solicitamos unha licenza ante o Concello, podemos desistir en calquera momento desa licenza, e ti, como concelleiro de Urbanismo, sabelo, e ti, como promotor desas xuntas de compensación, en calquera momento, podes retirar a petición de plan parcial, en calquera momento. Por tanto, non mintas, Jorge, porque sabes que se pode facer, o que pasa é que hai que saber se hai vontade de facelo.

Aquí ninguén di que a Deputación renuncie os terreos, todo o contrario, ninguén di que o Concello renuncie aos terreos, todo o contrario. Pedimos que fagades o mesmo que fixestes fai un par de anos no Garañón, coller eses terreos e convertelos en zona verde, como puidestes facer fai un par de anos, podédelo facer hoxe en Paradai, aquí e hoxe, porque vostedes mesmos o fixestes e non fagas alusión a un plan xeral do ano 1990, cando despois do 1990 veu o 2011, que houbo outro plan xeral. Eu non fagas alusión á obrigación legal de sacar adiante un plan parcial cando levades 18 anos con el nun caixón, e ao presentades agora porque vos interesa. E non digas que non hai opcións, porque no S13R a única opción ou a máis fácil é cumprir a sentenza xudicial que tedes no xulgado de Lugo. Dicirlle ao señor tome os cartos despois de 18 anos retidos, seguimos coas parcelas en propiedade da Deputación Provincial e garantimos que sexa zona verde. E, se queres, nós ofrecemos o noso voto a favor para convertelo en zona verde mañá cunha modificación do Plan xeral, rétote a que o fagas mañá. E no polígono C, só hay un propietario particular, hai dous, perdón, que suman o 34% das parcelas, hai que permutar con eles simplemente, e o que piden estes veciños, pódese solucionar hoxe aquí e agora, desistindo dos trámites, vós sodes os promotores, se calquera dos que estamos aquí presentamos unha licenza para facer unha casa ou

para calquera tema urbanístico, podemos retirar esa petición de licenza cando queiramos, non che vou pedir nunca que informes negativamente unha licenza, porque iso é prevaricar, vouche dicir e imos pedir que, como promotores, como como membros da Xunta de Compensación, que manexables integramente as dúas xuntas de compensación, retiredes eses plans parcial, pódello facer e hoxe ... ou non.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo. Moitas grazas. Ten a palabra o señor Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas señor alcalde. Señor Ameijide, eu prepárome os plenos investigando e preguntando tanto a técnicos municipais como ás persoas implicadas e que estiveran involucradas neste caso. Teño que dicir que o de mentir, o plan está aprobado en 2005, foi unha modificación do PERI que fixo SUPLUSA, estivo en exposición pública, no PXOM, do 2012 recolleuse, entón, claro, non podes ir contra un acto regrado, non se pode, iso é unha prevaricación, como vostede dixo, pero claro, por todo o anterior, como sucede... estamos buscando solucións, buscando solucións a un problema que teñen os veciños de Paradaí. Temos falado con eles, temos establecido unha folla de ruta, principalmente para non provocar, primeiro, o deterioro da veciñanza no barrio de Paradaí e, despois tamén, porque temos que defender os intereses da Administración pública, que non podemos perder moitísimos cartos, que facemos despois se non tempos patrimonio.

A ver, o que non acabo de entender é a súa postura, porque, o 22 de abril, non o digo eu, dío a prensa, resulta que o xulgado... paraliza a construción de 239 vivendas, como dixo antes, e hoxe no Pleno trae esta proposición de que non se poden aí construír vivendas, é que é un volantazo, ou como se chama isto? Non sei, política para adultos ou unha película de Nolan, que é moi difícil entender. É que non sei se queren construír ou non quere construír. Primeiro fan as chapuzas e agora dinlles aos veciños que a culpa é do Concello, que son nós os que temos as armas xurídicas necesarias para poder arranxalo. Evidentemente, claro que estamos traballando para poder arranxar esta situación, pero é que é unha herdanza que temos de vostedes de cando estaban gobernando, do 1999 para diante, de verdade, temos que arranxar unha herdanza que deixaron alí en Paradaí, unha bolsa de chan que hai que desenvolver. Entón, ben, pois nós, lonxe de deixar facer e logo botarlle a culpa, imaxinádevos que nós collemos e deixabamos facer a urbanización, a edificación e logo botámoslle a culpa de que no ano 1999 empezou outro procedemento se aprobou, e agora a culpa é vosa, non imos facer iso. Por iso falamos cos veciños. Entón, para falar cos veciños establecemos unha folla de ruta para poder solventar o problema que temos do polígono C de Paradaí. E vou rematar, que se me acaba o tempo, pero, non podemos apoiar esta moción, está proposición por unha cousa: o primeiro, non podemos desistir de algo que estamos obrigados a facer, de acordo?. Calquera acordo neste sentido podería acabar nun

xulgado, ademais de que, de ser posible, o único que se conseguiría sería que os profesionais das parcelas quedaran coa nosa participación. Está permitido pola lei que poidan desenvolver ese plan. Despois, o segundo, na proposición se mesturan dúas cousas que non teñen nada que ver porque o polígono C xa é urbano non consolidado, de acordo?, e o sector 13R está aínda por desenvolver que é o plan parcial que acaba de amosar vostede, onde aínda non se sabe onde van as edificacións... aínda non está aprobado polo Concello, as edificacións moveranse para unha zona onde se preserve..., pero é que ten que pasar por Urbanismo, ese é un plan ..., pero aínda non pasou. Ten que pasar polo Concello, Antonio.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Señor Bustos rematou o seu tempo. Última quenda para o señor Ameijide. Cando queira.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: 26 anos Concello e 20 na Deputación e non saben nada, é culpa dun señor que estaba nos anos 90. Por favor, Jorge, un pouco de seriedade.

Mira, hoxe toca escoller claramente, se queredes construír oito torres de entre cinco e oito pisos no paseo do Rato, en pleno paseo do Rato, ou se queredes parar. Hoxe tedes encima da mesa os votos necesarios para parar estas dúas construcións, respóndeme: Controlades, tedes a maioría no polígono C e no S13R, nas xuntas de compensación, entre a Deputación, o Ministerio e o Concello? Minto nisto? Minto? Pois como promotores hoxe podedes retirar esa proposta de plan parcial, hoxe, hoxe, podedes retiralo. Como eu podería retirar unha licenza calquera que presente ante este Concello, como calquera dos que están no público hoxe poderían retirar esa licenza. Toca escoller. E dicir a verdade, non é falar con eles, é dicirlles a verdade, porque lles estades mentindo, hoxe podedes retirar os dous plans parciais e garantir que iso se converta en zona verde, e nós poñemos os nosos 12 votos a disposición, querédelos? ... (voces de fondo)

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo. Vamos a ver, a min, desde logo, me parece proverbial a capacidade de terxiversación, de manipulación e de demagogia que demostra o señor Ameijide en cada unha das intervencións, no cal é un mestre, e téñollo que recoñecer, téñollo que recoñecer.

Mire, primeiro empezou dicindo que noutra administración, referíase á Deputación, que se tomaran unha serie de medidas e non sei que..., alí tivo tempo suficiente para argumentar o que quixo, se ve que foi con pouco éxito porque non saíu aprobada..., perdón, déixeme falar, perdón..., tivo o tempo suficiente, non saíu aprobada esa proposta e vostede tivo que achantar, iso si, púxose colorado que algo é algo verdade? ... (voces de fondo) ... perdón, perdón, déixenme falar, déixenme falar, eu escóitoo a vostede, déixame falar, escóitame e déixenme falar. Eu escóitoo vostede... Chámoo a orde, señor Ameijide.

Continúo e desculpe o todo o público por estas interrupcións que creo que non conducen a nada, dende logo, eu non as provoco

Miren vostedes, nesa Deputación, nese debate, tachouse todo isto de pelotazo urbanístico, en concreto, dun pelotazo urbanístico do Partido Popular no barrio de Paradaí, e déronse argumentos e razóns e eu voules esgrimir algunhas para que vexan o grao de manipulación que se pode facer as veces dos datos. Os feitos foron que o señor Cacharro, do Partido Popular, nos últimos días do seu mandato... (Voces de fondo do Sr. Ameijide, inintelixibles) ... Señor Ameijide... señor Ameijide... señor Ameijide, chámoo á orde por segunda vez, se está provocando que o bote non teñen ningún problema, ningún problema. Eu escoiteino, tivo tempo para rebater, falar é facer o que quixera

Ben, o señor Cacharro en funcións que nesa situación, en xeral, aténdense só asuntos de trámite, e en só tres días rematou a venda, que empezou inicialmente antes, rematou a venda, escriturou e rexistrou en só tres días...

Señor Ameijide, de verdade está provocando que bote? De verdade? Non me gustaría que quedase esa mancha ... Déixeme falar, déixeme falar... Continúo e espero que non me volva a interromper.

En só tres días rematou a venda, escriturou e rexistrou, en só tres días, a ver se se algún de nosoutros é capaz de facer esa tramitación, vale? E nesa tramitación vendeu 66 parcelas de solo público, algún creo que aínda tiña bancos e papeleiras, 66.000 metros de solo público a un particular, vale? E fíxoo ademais, imos dicilo suavemente, a un prezo... imos deixalo en vantaxoso, vale?, Pero é que fixo máis, é que comprometeu á Deputación Provincial a que desenvolvese urbanisticamente aquela zona, de maneira que o propietario privado tería moito máis sinxelo, moito máis doado, poder proceder a edificación. E, a partir de aí, desde SUPLUSA, o organismo SUPLUSA, dependente da Deputación, impulsárona. En SUPLUSA, presidía nese momento o señor Ramón Árias, que foi candidato a esta casa, do Partido Popular, e tamén estaba o seu fillo, o señor Javier Arias, actual delegado da Xunta en Galicia, que tamén, creo, é, do Partido Popular. Posteriormente, o Partido Popular, de forma insistente e reiterada, exixiulle por todos os medios a Deputación Provincial que fose a ese desenvolvemento urbanístico. E tanto é así, e para que vexan que é unha realidade, e non que se dixo, que o 22 de abril, o 22 de abril deste ano, comparecen publicamente o señor Ameijide e a señora Candia lanzando furibundas críticas polos, segundo eles, escandalosos 20 anos de parálise da Deputación de Lugo e do Concello de Lugo por non desenvolver urbanisticamente Paradaí. 22 de abril. Claro, nese momento dicían, e se escandalizaban, porque estabamos facendo paralizar a construción de 239 vivendas nesa zona que é na contorna do río e segue sendo o mesmo, paralizar o futuro do Rato e paralizar o crecemento de Lugo e do barrio. Claro, cando comprobaron que había contestación popular, pois como noutras situacións, recuaron, recuaron, como cando a señora Candia dixo que o Plan Paradaí que non era unha prioridade e despois cambiou, e como foi por exemplo a Coeses coa boa nova de que se ía implantar a planta biometano e vendíao como unha cousa positiva da creación de emprego e de

modernización e despois volveu para atrás... (Voces e balbordo de fondo) ... Podo continuar... Ben, iso foi... As verdades vese que non gustan... (Persiste o balbordo de fondo) O 22 de abril fixeron esa comparecencia pública... Vanme permitir continuar? Si?... Iso foi o 22 de abril. Cando comprobaron o rechazo dos veciños, o 19 de maio, o 19 de maio, un mes despois, volveron a comparecer, volveron a comparecer igualmente de indignados que a anterior vez, e nese caso pois alertando de que a Deputación e o Concello de Lugo, están as hemerotecas, está na prensa e está nos medios de comunicación, alertando de que a Deputación e o Concello ían construír en Paradaí 239 vivendas, e que iso que era un escándalo, vale? Bueno, esa é a realidade.

É unha manipulación, é un intento de enganar aos demais. E agora dinnos: primeiro, veñen exixíndolle ou instando á Deputación a que desista de realizar ese plan urbanístico, cando saben perfectamente que hai unha sentenza xudicial que os obriga, unha sentenza xudicial que os obriga, e logo cando din que o propietario que está disposto a devolver os cartos e demais, entón para que foi ao xulgado a exixir durante anos que se desenvolvera. Mire, e miren, a verdade é que este Goberno, esa é a verdade, e xa llo dixemos aos veciños e veciñas, este Goberno esta, teno demostrado, comprometido co medio ambiente e ten a firme vontade de respectar o Rato e todo aquel entorno natural privilexiado. Iso llelo manifestei aos veciños e veciñas nesta mesma casa, nunha reunión recente e ratifícome e reitérome en relación ao polígono C, e igual lles podo dicir do sector S13R, imos a intentar por todos os medios protexer esa contorna natural, iso si, temos que cumprir a legalidade, respectar os dereitos da propiedade e, desde logo, non impedir que de forma racional e sensata no resto do polígono de Paradaí se desenvolva, se modérnice e se amplíe, máximo agora que hai unhas expectativas a partir da construción da intermodal. Ou sexa, que iso faremos ese é o compromiso que lle transmitín aos veciños e ese é o compromiso que reitero hoxe aquí. Este Concello vai facer todo o posible, cumprindo a legalidade, respectando os dereitos adquiridos, para protexer o entorno do Rato. Moitas grazas e pasamos a votar... (voces de fondo inintelixibles) ... Dígame.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: (Non se escoita ao non estar activado o micrófono) ... Aínda que só sexa dicir que en paz descanse. En segundo lugar, non o sei... Repasarémolo Non o sei, a abstención, sigo respetando a ausencia do compañeiro Permuy, porque ata o momento non foi necesario xa que todos os acordos ían a favorecer a votación Neste caso, como parece que hai votación en contra, seguiremos facendo o que fixemos ata agora, ata que a saúde lle permita incorporarse. En terceiro lugar, por alusións, eu nunca estiven en Coeses presentando o proxecto da planta de biometano, quero que quede constancia en acta. Grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois dito isto, pasamos á votación.

10/113 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 232/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA SOLICITAR O APOIO UNÁNIME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL NA CANDIDATURA DE LUGO COMO SEDE DA AXENCIA ESTATAL DE SAÚDE PÚBLICA (Exp. 2025/G004/000437).-Vista a citada proposición expresiva do seguinte:

A Axencia Estatal de Saúde Pública constitúe unha ferramenta clave para o fortalecemento do sistema nacional de saúde, a mellora da coordinación institucional e a protección da saúde pública de todos os cidadáns.

Desde o ano 2022, o Partido Popular de Lugo, a través da súa voceira e candidata á Alcaldía naquela altura, Elena Candia, vén solicitando que a cidade de Lugo sexa tida en conta como sede desta nova institución estatal. Esta demanda mantívose no tempo como parte dun compromiso co desenvolvemento da nosa cidade e co recoñecemento de Lugo como unha cidade con potencial para albergar organismos públicos de carácter estratéxico.

Lugo conta cunha localización privilexiada no noroeste peninsular, cunha universidade con traxectoria no ámbito biosanitario, cun referente nacional en materia de saúde e seguridade alimentaria dende 2014 coma é o Laboratorio Central de Saúde Pública, co novo Centro Integral de Saúde e, ademais de infraestruturas axeitadas, cunha calidade de vida destacada e un ecosistema favorable para o crecemento institucional. Ademais, a descentralización de organismos estatais é unha medida longamente reivindicada para fomentar a cohesión territorial e ofrecer oportunidades ás cidades da España interior.

Neste contexto, resulta imprescindible que o Concello de Lugo, como máxima representación institucional da cidade, se posicione de maneira unánime e firme na defensa dos intereses de Lugo, amosando a súa vontade inequívoca de acoller a sede desta nova axencia.

Por todo o exposto, desde o Grupo Municipal Popular solicitamos ao concello de Lugo:

1. A manifestación do seu apoio unánime á candidatura da cidade da cidade de Lugo como sede da Axencia Estatal de Saúde Pública.
2. A trasladar este acordo ao Goberno de España, ao Ministerio de Sanidade, á Xunta de Galicia e ao resto das administracións competentes, solicitando que Lugo sexa valorada como sede para a Axencia.
3. Instase a todas as forzas políticas, institucións, entidades sociais, económicas e académicas da cidade a sumarse a esta iniciativa, en defensa dunha proposta que contribuirá ao desenvolvemento de Lugo e ao fortalecemento institucional de Galicia.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, adoptou os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Manifestar o apoio unánime á candidatura da cidade de Lugo como sede da Axencia Estatal de Saúde Pública.

SEGUNDO.- Trasladar este acordo ao Goberno de España, ao Ministerio de Sanidade, á Xunta de Galicia e ao resto das administracións competentes, solicitando que Lugo sexa valorada como sede para a Axencia.

TERCEIRO.- Instar a todas as forzas políticas, institucións, entidades sociais, económicas e académicas da cidade a sumarse a esta iniciativa, en defensa dunha proposta que contribuirá ao desenvolvemento de Lugo e ao fortalecemento institucional de Galicia.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois ten a palabra a voceira do Partido Popular, señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Creo que é outro asunto importante e no que o equipo de goberno, pero eu tamén o quero facer extensible a toda a Corporación, debe ir unido, debe ser valente e debe marcarse retos que poñan novamente a Lugo no mapa.

Recentemente ao Congreso devolvía ao Congreso a modificación da Lei para a creación da Axencia estatal de saúde pública, esta axencia, que é un organismo público, que vai ser responsable de coordinar a preparación, prevención, vixilancia e a resposta antes ameazas de saúde pública en todo o Estado. Unha proposta moi relacionada ao contexto de pandemia que vivimos no seu momento e que por parte do Ministerio tiveron a ben liderar.

Xa no ano 2022, cando se fixo pública esta iniciativa, da creación deste organismo autónomo, que terá personalidade xurídica propia, cun patrimonio e unha autonomía fundacional e de xestión, que se adscribirá ao Ministerio de Sanidade a través da Secretaría de Estado de Sanidade, tendo en conta as instalacións que hai na nosa cidade, como é o laboratorio de saúde pública, de recoñecido prestixio a nivel galego e incluso a nivel nacional, dende o grupo

municipal pedimos publicamente, co apoio, neste caso, da Consellería de Sanidade e da Xunta de Galicia, que a nosa cidade fose sede para este novo organismo.

E son moitas as razóns, evidentemente técnicas, pero tamén de autoestima, de potenciar ese lucensismo, de fortalecer ese modelo de cidade que quere estar na vangarda, liderar iniciativas ambiciosas e, ao mesmo tempo, -que, por certo, vai sendo hora- poder aproveitarse da titulación política do goberno do Estado que coincide co goberno do Concello e co goberno da Deputación Provincial.

Somos críticos cos recortes que houbo en investimentos. O señor alcalde saía estes días aplaudindo o exceso de millóns que repercutían na nosa provincia ao lado do secretario xeral do partido. Non sei se opinaba o mesmo ou non, porque nas últimas comparecencias ás veces sae e non opina o mesmo, pero alí estaba. A nós parécenos unha actitude pouco ambiciosa, sobre todo cando coñecemos que nada se sabe das cantidades económicas que estaban consignados nos orzamentos do 2018 para a construción das variantes, e meto a materia de infraestruturas porque probablemente para a creación desta axencia é unha materia que vai ser tida en conta, e aí probablemente sexa unha desvantaxe, pero, como facíamos na análise da primeira iniciativa, creo que temos a responsabilidade e obrigación de facer da crise unha oportunidade. Creo que esa é ademais a maneira que deben liderar os gobernantes os seus territorios, aproveitando as oportunidades e saíndo, buscando consensos, buscando apoios e, sobre todo, demostrando esa empatía e sobre todo esa boa relación polo menos cos da súa mesma cor política, toda vez que o resto nos trata a paradas, polo menos cos da súa forza política teñan a capacidade de chegar a acordos e que saquen fortaleza. Nese traballo, nesa estratexia, nesa planificación, se é que a teñen, xa lle adianto que a faremos nós, vai ter, por suposto, a man tendida do Partido Popular. Lugo merece moitas cousas boas, pero cada vez que hai unha oportunidade ten a obrigación de levantar a man e ser a primeira que a reivindique. Normalmente nos plenos desta Corporación dedícase moitísimo tempo a falar de pasado e iniciativas coma esta e para falar de futuro, para saber o modelo de cidade que queremos, pero sobre todo para demostrar que, a pesar das adversidades, somos quen de convencer a Secretaría de Estado de Sanidade, somos quen de convencer ao Ministerio de Sanidade, que Lugo é o lugar idóneo para a creación da Axencia estatal de saúde pública. Pero o máis importante, este tamén é unha desculpa para demostrarlles aos lucenses que, cando temos cousas importantes, somos capaces de ir xuntos e, por iso, hoxe rexistramos a iniciativa, pero tamén que temos a axilidade, a inmediatez e o momento, acaba de ser aprobado, a normativa non regula cal vai ser a sede. É obvio que xa hai poboacións que se están postulando e que están traballando, e creo que nisto, como moitas cousas da vida, o que dá primeiro dá dúas veces, o Pleno da Corporación debe falar alto e claro se apoia esta iniciativa e, o máis importante, se vai traballar para conquerila.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora a palabra a señora Cristina López. Cando queira

DONA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas. Por suposto que imos apoiar esta iniciativa porque claro que queremos traer cousas importantes para Lugo, o que teremos que ver é como se vai a postular a Xunta de Galicia neste proxecto e se non vai ser un boicot constante a cada unha das dúas cousas que pide Lugo.

Ter unha actitude ambiciosa, claro que temos unha actitude ambiciosa, non ten a mesma o Partido Popular cando en proxectos importantes para Lugo, como pode ser este caso ou outros como estábamos esperando, como era o caso da estación de autobuses, vemos como a portavoz do Partido Popular de Lugo cambia de actitude e eses proxectos ambiciosos para a nosa cidade -que vostede nos di ao equipo de goberno que temos que ter esa actitude ambiciosa- vemos como de forma constante, unha e outra vez, está aforrando cartos á Xunta de Galicia para que cada día invista menos en Lugo.

E vemos tamén a postura do Partido Popular con esta axencia, esta Axencia estatal de saúde pública que sería moi moi necesaria, sobre todo cando pasamos o proceso de pandemia. Vimos cal foi a actitude do Partido Popular desde o ano 2011, desde o ano 2011 no que a propia lei dicía que había que desenvolvela. Durante todos estes anos o Partido Popular nin estivo nin se esperou que fixera absolutamente nada, e vimos que durante estes meses para poder levala a cabo como o Partido Popular de forma constante, unha e outra vez, puxo trabas no camiño para poder levala a cabo. O mesmo que sucede con Lugo e coa Xunta de Galicia que de forma reiterada nos pon pedras no camiño para poder levar a cabo os distintos proxectos que queremos levar a cabo na nosa cidade; porque os obxectivos desta Axencia Estatal de Saúde pública son moi claros e son moi importantes, por iso non entendemos como unha e outra vez este Partido Popular puxo diferentes e numerosas trabas para poder levala a cabo. E, claro, sen poder levala a cabo, non ten sentido ningún onde a vamos a ubicar e cal pode ser a sede. E, por suposto, que Lugo está postulada para poder traela para aquí e vaise facer todo o traballo que sexa preciso e posible para levalo a cabo, pero tamén somos conscientes das dificultades, sobre todo en infraestruturas, que nos poden restar posibilidades á hora de poder ser elixida esta sede. Non pode ser, non pode estar de costas o Partido Popular, porque vemos como infraestruturas en Lugo unha e outra vez non temos ou non están rematadas, como podemos ver, nin sequera a autovía á nosa capital.

Os obxectivos que están recollidos son muy claros e serían moi interesantes, e é unha mágoa que hasta o ano 2026 non podamos ver traballar a esta axencia, porque vemos como a vixilancia... Estes obxectivos están moi claros: a vixilancia, identificación e avaliación do estado da saúde da poboación e os seus determinantes, así como os problemas, ameazas e riscos en materia de saúde pública, prestando especial atención ás desigualdades sociais na saúde.

Reitérome no importante que sería ter posto en marcha esta axencia para todo proceso que pasamos durante a pandemia, pero vemos de maneira moi clara cales

son os obxectivos e cal é o trato que lle dispensa o Partido Popular á sanidade. A sanidade o Partido Popular sempre a enfoca como un negocio, entón, se non hai negocio pois non hai desenvolvemento de todas estas sedes ou axencias que serían tan necesarias, sobre todo polo tema das desigualdades entre a distinta poboación, e todas esas coordinacións que se podían haber estado levando a cabo de preparación e resposta ante crise e emerxencias sanitarias, que non o podemos ter a cabo por que non estaba posta posta en marcha. Entón, nós, total apoio a que a sede desta Axencia estatal de saúde pública veña para Lugo, vanse poñer todos os esforzos e todo o traballo para que así sexa. Estamos esperando que a Xunta de Galicia, tal e como dicía, se postulaba no ano 2022, o señor conselleiro Comesaña se postulaba para traer esta sede para Galicia. Vamos ver cal vai ser a postura e cal vai ser o apoio da Xunta de Galicia para o Concello de Lugo, para colocalos nunha boa posición.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Quenda agora para a voceira socialista, señora López Racamonde.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Bos días de novo, moitas grazas Sr. alcalde. Como xa se dixo aquí, pero non quero obviar de volver dicilo, a Axencia estatal de saúde pública vén ser un desenvolvemento o que obriga a lei, a Lei estatal de saúde pública do 2011. Desde o 2011 ata o 2022. Tivemos que esperar a que un Goberno socialista de novo, da mao da que naquel momento era a ministra de Sanidade, señora dona Carolina Darias, promovese o desenvolvemento desta Axencia estatal de saúde pública. Falamos de 11 anos para desenvolve-la e, por fin, esta Axencia estatal de saúde pública vai a a ser unha realidade no noso país, esperemos que na nosa terra, Galicia, e agardamos, como non pode ser doutro xeito, que sexa na nosa cidade de Lugo.

A Axencia estatal de saúde pública supón un paso decisivo para abordar con garantías as respostas que nos xerou o actual contexto posterior á pandemia, pero non só iso, e que moitos negan, o contexto de cambio climático que está afectando a saúde das persoas, as novas zoonosis e enfermidades emerxentes que están a minuar a saúde de moitos veciños e veciñas de Lugo, de Galicia e mesmo de España.

Dito isto, hai que ter en conta, plasmar e dar a coñecer á nosa veciñanza que o momento no que estamos é a aprobación de todo o desenvolvemento da Axencia estatal de saúde pública, que, conforme á lei, si que é certo que pertencera ao Ministerio de Sanidade, pero teño que corrixila, aínda que lle pareza mal, a señora Candia, porque os criterios de adxudicación e para concorrer a ubicación territorial destas axencias, segundo a lexislación vixente, publicada, e que establece o procedemento para determinar as sedes físicas destas diferentes entidades do sector público que se xeran a nivel institucional, fanse da man do Ministerio que a desenvolve, repito, Sanidade e do Ministerio de Cohesión Territorial. Estamos nun

momento, no que coñecemos por aprobación que se vai desenrolar esta Axencia estatal de saúde pública, reitérome, pero que descoñecemos os criterios, porque non son públicos, porque aínda non se estableceron nin se abriu o prazo para presentarse, os criterios que se van a solicitar e a exixir para as diferentes candidaturas de instauración desta axencia, non obstante dicirlles que, por suposto, é un obxectivo desta Alcaldía, deste Goberno, que esta a axencia estatal se ubique en Lugo, se ubique en Lugo, e non, por dicilo así, por complacencia, senón porque tanto o tecido da Universidade, o tecido investigador e tamén, e tamén o tecido de certas entidades privadas que traballan no eido da investigación e de promoción de saúde avalan que temos suficientes recursos e suficiente entidade para albergar e dar resposta satisfactoria a todas as responsabilidades que vai acadar a Axencia estatal de saúde pública. A descentralización é unha necesidade. E non quero rematar a miña primeira intervención sen dicir que agardo que digan algunha vez que Lugo é atractivo. Home; claro que é; Aínda no anterior Pleno se dixo aquí que os residentes da profesión médica non veñen a Lugo porque non era atractivo. Agardo que se retracte, Lugo é atractivo. Temos que estar orgullosos de Lugo. Lugo merece a Axencia estatal de saúde pública, este Goberno, está a Alcaldía vai loitar por ela, vai dar un paso adiante e imos a loitar por que Lugo estea aí.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Racamonde. segunda quenda para a señora Elena Candia. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Mire, empezando polo remate, evidentemente estamos convencidos de que Lugo é atractivo a pesar do seu Goberno, o que entendemos que é mellorable é precisamente o traballo do seu Goberno. Iso intentamos obxectivo, ademais, e intentamos demostralo, como digo sempre, parece que lles senta mal, pero eu creo que ás veces é bo recordalo, dende a discrepancia, pero dende a lealdade e dende a contundencia.

O proxecto entrará en vigor 20 días despois da publicación no boletín e o Goberno deberá constituír a axencia no prazo de seis meses. É o momento, calquera que os escoitara parecía que era unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego ou do Partido Socialista, e non se imaxinan o que me alegro, porque realmente é o obxectivo que buscamos sempre, convencelos de que efectivamente estamos na boa dirección e agradézolles enormemente o voto favorable, pero, como sempre teño que facer algunha matización, é que a señora López diga, cando na súa área renunciou xa en dúas ocasións, a ver que fai que a terceira, de mercados excelentes, a axudas da Xunta de Galicia, por exemplo, ou que diga que a Xunta de Galicia e o Partido Popular só fai negocio cando o goberno é unha institución con 38 contratos privatizados, xestionando practicamente nestes contratos máis de 33,7 millóns de euros, con números, porque o dato mata relato, pois a verdade é que pon a un colorado, ou que, en breve contestarán como avanzaron co convenio propio, que dende que desapareceu a posibilidade de ir en manifestacións en contra doutra Administración, o traballo na casa é cero, por iso lle digo, por iso digo

que Lugo é inmensamente atractivo a pesar do seu Goberno. Pero hoxe, que creo que é un pleno absolutamente excepcional, onde teño que felicitar, por suposto, o traballo de todos os compañeiros do grupo, porque vamos a conseguir moito apoio ás nosas iniciativas, catro de tres, iso é un feito histórico, probablemente, documentareino, pero dende logo bastante excepcional, e ten que ser ademais o broche antes do período estival, e ogallá sexa o principio despois de rematado agosto, porque é o que nos demanda a cidadanía.

Insisto, todos somos necesarios, nós temos que escoitar cousas que non facemos, que non sabemos que non vimos documentado. Vostedes mírense no espello e todos os días din que guapo son, como me vexo. Non, teñen aspectos moi susceptibles de mellora, neste tema tamén; dende o ano 2022 tiña que coñecérselle esa axenda de traballo, tiña que coñecérselle esa axenda para conquistar eses resultados, tiña que coñecérselles, por qué non, esas reunións de traballo dentro do seu grupo político, co distinto ministerio, non faga como o de Renfe que foi prometéndolles non sei que é e aínda hoxe non sabemos o porqué porque saíu peor do que entrou; tiña que coñecérselle ese liderado en reivindicar do ministerio, que esperemos que lle quede pouco, pero que leva gobernando o noso país tanto tempo e tanto leva desprezado a nosa cidade. Eu agradézolle o apoio e ríndolle, sobre todo, o traballo leal e comprometido para conquistar este obxectivo. Intentarémolo tamén, por suposto, así mo trasladaron coa Xunta de Galiza.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Rematou o seu tempo. Segunda quenda para a señora Cristina López. Cando queira.

DONA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: Home; que vostede veña aquí falar de servizos privatizados, cando vemos as noticias día tras día tras día, si, si... fale co señor Montoro, que facía leis *ad hoc* para poder agarrar e poder facer todo iso, que diga vostede eso. Y logo, despois, que vostede fale de desprezo a Lugo, home, desprezo a Lugo pola Xunta de Galicia non hai máis que velo, non hai máis que ver como están traballando vostedes, vostede sobre todo, para aforralles día tras día, tras día cartos á Xunta de Galicia. Empezamos, como reiteramos, o Plan Paradaí, que para vostedes non era importante; seguimos con facer uns edificios nunha zona que xa estaba totalmente tensionada onde quería meter máis construción; seguimos co tema da estación de autobuses, que quere aí mantela, quere seguir mantendo un edificio non sei para que, entende, cando había un proxecto moi claro por parte da Xunta de Galicia, pero diso xa se encargou vostede de que eses cartos que tiñan que vir para Lugo que non viñeran; non digamos o que está pasando co tema dos mexillóns do río para que non se coloque a rampla, o que están facendo; non sei, que diga vostede que non hai desprezo pola súa parte con respecto a Lugo, obviamente que hai desprezo a Lugo. Máis lle digo, agora, están sendo auténticos especialistas en facerse cargo do traballo dos outros, ata chegan ás comisións de festas, ata as comisións de festas, en rendibilizar con esas pancartas

e se a pancarta non está ben colocada, Señora Candia, hai unas broncas de tres pares de narices, como presenciei hai pouco neste tempo. Iso é como traballan vostedes: apropiarse do traballo doutros, son auténticos especialistas... Non, non poña cara sorpresiva, porque é así. Onde está pancarta? O único que quere facer é ir polas festas colocando pancartas para atribuírse o traballo das comisións de festas. Iso é o que están facendo, e, senón, mandan correos ou mensaxes, como denunciou hai pouco a Federación veciñal, dos 500 euros que andan por aí adiante. Non poña cara sorpresiva, señora Candia, porque eu estaba diante, eu estaba adiante cando sucedeu iso, iso é o que mandan vostedes ás festas. Non lles importa ir e estar cos veciños, a compartir con eles, estar ao lado deles os días das festas, o único que lles importa é onde está colocada a pancarta. Eso o que lles importa a vostede e, senón está colocada onde vostede estima resulta que hai unhas broncas monumentais, entende?. Incomodar a veciñanza, iso é ao que se dedican vostedes, iso é o desprezo cara a veciñanza de Lugo, iso é o que están facendo vostedes, ao mellor non estea enterada, pero debía de estalo, porque son tan eso que ata nin se cortan de facelo diante xa da xente? Iso é ao que se dedican vostedes, iso é o desprezo maior e absoluto, aforrarlle cartos á Xunta de Galicia nos investimentos. Así vemos, 25.000 euros para as festas do San Froilán, iso é o que mira a Xunta de Galicia e o que mira a portavoz do Partido Popular por Lugo, para as súas festas patronais? Para as súas festas patronais? Iso é o que está facendo vostede? Entón, non falemos de desprezo porque o maior desprezo que ten é ter unha portavoz do Partido Popular en Lugo que o único polo que está traballando é a favor da Xunta de Galicia, iso é o que está facendo. E xa lle digo, como, como di vostede, dato mata relato, pois aí os ten vostede encima de encima da mesa. Así que non fale de desprezo nin de que se lles trata a patadas, e a situación e a postura que vostede fai coa nosa veciñanza.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Quenda agora para o voceira socialista, Olga López Racamonde. Cando queira.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Voulle dicir algo. Hai unha diferenza moi grande entre a súa maneira de traballar e a deste goberno. Nós traballamos pola xente, nós traballamos por Lugo, vostede traballa por si mesma, por un partido, por un puñado de votos. Esa é a maneira e iso ten nome, un nome feo, ademais, feo, sen importarlle e sen ter ningún pudor nin ningún límite. E, mire, pode que lle renda votos, pode que lle renda votos, pero sabe que? Tamén lle renderá contas a larga, porque esa maneira de traballar a larga, a larga, rende contas, e vostede estame entendendo perfectamente. Imos ao tema que nos ocupa, que é o importante.

Como ben dicía, é o goberno do Concello, esta Alcaldía estará, xa estivo así, xa se pediu cando Lara Méndez era tamén a alcaldesa deste Concello o apoio doutras administracións, neste caso a Xunta de Galicia, para presentar a Lugo como candidata na convocatoria que se determine polo Goberno central para albergar fisicamente a Axencia estatal de saúde pública, así que fagamos un traballo

conxunto, fagamos un grupo impulsor de traballo institucional no que todos aqueles axentes implicados e que se sumen á candidatura de Lugo para albergar esta ubicación estea presente e presentemos unha memoria de consenso no momento en que se coñezan os criterios que determine a convocatoria para que Lugo sexa esa candidata, vou máis alá, non a candidata, senón a ubicación elixida para albergar a Axencia estatal de saúde pública de Galicia.

E permítanme, porque me doe moitísimo a maneira na que vostede plantexou certos aspectos da saúde, e permítanme aquí una licenza coa miña situación persoal. Alguén moi importante neste momento na sanidade pública galega tivo a ben desahuciarme desde o meu punto de vista de perspectiva de vida, negarme unha intervención que tiven que facer fóra de Galicia, porque a onde ía coas miñas expectativas de vida. Alguén que di iso non é merecedor nin sequera de respecto.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Perdón, rematou o seu tempo. Quenda agora para a señora Candia. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Sobre a última reflexión, non menos importante, en materia de saúde, subscríbollo integramente sen ter ningunha información do que dixo, e, dende logo, se hai algo que poidamos facer para reprobar esas condutas conte con noso apoio.

A verdade é que esta axencia xa conseguiu grandes transformacións. Neste último debate pois xa ata chegou o Bloque Nacionalista Galego á Federación veciñal coas súas mentiras e coas súas trapalladas, co cal creo que vai ser un éxito este debate, porque xa cousas veredes. En segundo lugar, nun asunto tan importante non debía nin de ser necesario recorrer a esa confrontación, pero vostedes quéreno así e nosoutros intentaremos manter a serenidade e a templanza. Pero si unha cousa, señora Racamonde, leccións de honestidade, aceptamos consellos, aceptamos reflexións, pero leccións de honestidade non llas aceptamos, bastante, bastante, honradez temos na información da que dispoñemos para que estes debates, especialmente os seus ataques, queden nun debate político. Agradecemento do apoio unánime e ogallá o academos, que será un éxito para todos e recordaremos que foi unha iniciativa do Partido Popular. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Rematado o debate e pasamos á votación.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

TESOURERÍA

11/114 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓN DE TESOURERÍA XUÑO 2025.- En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de XUÑO de 2025, coa numeración 61/2025 a 69/2025.

Do 01 ao 30 de XUÑO de 2025 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2025/T030/000062	Resolución Tesourería.- Recurso reposición requerimento DAVID FERNANDEZ DURNAN de pago a sucesores de entidades sen personalidade disoltas expte 47010000056852	2025/61	05/06/2025
2025/T030/000063	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo CCPP Castelao 41 LIQ.10816129	2025/62	09/06/2025
2025/T030/000064	Resolución Tesourería.- Inadmisión a trámite Recurso presentado por LUIS ALBERTO SILVA PALACIOS	2025/63	17/06/2025
2025/T030/000065	Resolución Tesourería.- REHABILITACION A VOLUNTARIA MULTAS PC 03-25	2025/64	17/06/2025
2025/T030/000066	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia constrinximento JAIRO FERNÁNDEZ ESPIN multa 2023P0008282.	2025/65	19/06/2025
2025/T030/000067	Resolución Tesourería.- Recurso reposición BEATRIZ CASTRO RIVAS requerimento de pago ó conxuxe en réxime de gananciais (Expte 47010000055414).	2025/66	19/06/2025
2025/T030/000068	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia constrinximento CUBIERTAS VILASANTAN SL (Multas 2019B0000601 e 2019B0000378)	2025/67	19/06/2025
2025/T030/000069	Resolución Tesourería execución resolución TEAM Vaamonde Longueira José Francisco	2025/68	20/06/2025
2025/T030/000070	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia embargo ANGEL GONZÁLEZ GALLEG0 (Multa 2019R0005520)	2025/69	30/06/2025

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

MOBILIDADE

12/115 DACIÓN DE CONTA DA AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA PARA A APLICACIÓN DAS TARIFAS PARA O TRANSPORTE URBANO EN AUTOTAXI.- Vista a proposta da sección de Mobilidade Urbana e Sancións, asinada pola xefa de sección e polo tenente de alcade delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, do 18 de xulo de 2025, o teor literal seguinte:

“Antecedentes de Feito

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac5155723106499437755.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 31-7-2025

Proposta da Asociación de Profesional de Trabaxadores Autónomos de Auto Taxi y Gran Turismo de la Provincia de modificación de tarifas de taxi para o ano 2025 conforme o estudo económico que consta no expediente, do seguinte teor:

TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas

Baixada de bandeira	4,05 €
Kilómetro percorrido	1,10 €
Hora de espera	16,80€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 2: Sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán de 6:00 a 22:00 horas.

Baixada de bandeira	4,40 €
Kilómetro percorrido	1,20 €
Hora de espera	19,95 €

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 3: Servizo nocturno de 22:00 a 6:00 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e os días de Nadal e Ano Novo (de 0 a 24 horas)

Baixada de bandeira	4,95 €
Kilómetro percorrido	1,45 €
Hora de espera	25,00 €

* 1.700 m ou tempo equivalente

SUPLEMENTOS

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,60 €
----------------------------	--------

*Primeira maleta/bulto gratuito- Máximo 2 suplementos.

Con data 8 de febreiro de 2025 publícanse no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aprobación inicial das tarifas polo Excmo. Concello Pleno.

A Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia o 23 de xuño de 2025, previo informe favorable da Comisión de prezos de Galicia, resolve autorizar as tarifas máximas (IVE incluído) para o transporte urbano en auto-taxi para o Concello de Lugo.

En base ó anterior, PROPÓNSE, que polo Excmo. Concello Pleno se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Dar conta da resolución da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia, pola que se autoriza a aplicación das tarifas máximas (IVE incluído) para o transporte urbano en autotaxi do Concello de Lugo, conforme o seguinte:

TARIFA 1: Días laborais de 6:00 a 22:00 horas

Baixada de bandeira	4,05 €*
Kilómetro percorrido	1,10 €
Hora de espera	16,80€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 2: sábados, domingos, festivos e días laborais durante as festas de San Froilán de 6 a 22 horas.

Baixada de bandeira	4,40 €*
Kilómetro percorrido	1,20 €
Hora de espera	19,95€

*1.700 m ou tempo equivalente

TARIFA 3: Servizo nocturno de 22 a 6 horas: sábados, domingos, festivos durante as festas de San Froilán e os días de Nadal e Aninovo (de 0 a 24 horas)

Baixada de bandeira	4,95 €*
Kilómetro percorrido	1,45 €
Hora de espera	25,00 €

* 1.700 m ou tempo equivalente

SUPLEMENTOS

Equipaxe (maleta ou bulto)	0,60 €
----------------------------	--------

*Primeira maleta de man ou bulto gratuíto. Máximo 2 suplementos."

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

ACTAS E GOBERNO

13/116 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) DENDE O DÍA 13 DE XUÑO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN (Exp. 2025/G004/000431).- En

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac5155723106499437755.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 31-7-2025

conformidade co informe da secretaria xeral do pleno, por suplencia do vicesecretario, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran na Secretaría Xeral (Vicesecretaría), dende o día 13 de xuño de 2025, coa numeración 5881/2025 a 7211/2025, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2025.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 233/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE HABILITE A PARCELA COLINDANTE CO CAMPO DE FÚTBOL DAS GÁNDARAS COMO APARCADOIRO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

No mes de outubro de 2024 o Grupo Municipal do Partido Popular presentaba unha proposición a pleno para solicitar un acordo co Ministerio de Defensa que permitise o uso seguro dos terreos confinantes co campo de fútbol das Gándaras. Nese momento o concelleiro de deportes afirmaba que “xa chegamos a un acordo entre a Subdelegación de Defensa e o Concello de Lugo”. Cando teñen transcorridos 9 meses e está próximo o inicio dos adestramentos, o Grupo Municipal Popular presenta un ROGO a PLENO para que, se os trámites están finalizados, tal como afirmou o concelleiro, se habilite esta parcela como aparcadoiro cumprindo coas medidas oportunas de seguridade para usuarios e viandantes.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Queren formular? ... Si. Pois o compañeiro Carballo. Cando queira.

DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ: Gracias, señor alcalde. Buenos días a todos e a todas. É un pracer estar aquí e, ben, se nos temos que meter agora aquí no

Pleno en tema pancartas e tal, eu xa apaga e vámonos, pero imos ao que realmente importa.

No mes de outubro de 2024, o Grupo Municipal do Partido Popular presentaba unha proposición a Pleno para solicitar un acordo co Ministerio de Defensa que permitise o uso seguro dos terreos colindantes co campo de fútbol das Gándaras. Nese momento o concelleiro de Deporte afirmaba: Xa chegamos a un acordo entre a Subdelegación de Defensa e o Concello de Lugo, cando teñen transcorridos nove meses e próximo o inicio do adestramento, o grupo municipal presenta un rogo a Pleno para que se os trámites están finalizados, tal como afirmou o conselleiro, se habilite esta parcela como aparcadoiro cumprindo coas medidas oportunas de seguridade para os usuarios e os viandantes.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas señor Carballo. Daralle contestación Jorge Bustos. Agora, cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas señor alcalde. Primeiro, foi o 20 de xaneiro de 2024 cando iniciamos as conversas, primeiro coa Subdelegación do Goberno e logo remitiunos á Subdelegación da Defensa, onde o persoal técnico de alí a verdade é que nos axudou un monton en poden resolver ese proxecto tan enquistado que levaba tantos anos. En marzo de 2024 presentouse un escrito de acordo, contestado polo Departamento de Enajenación do Ministerio de Defensa no mes de xuño do 2024. Outra vez, grazas á colaboración da Subdelegación de Defensa, volveuse a remitir un comunicado para o envío para celeridade na autorización dos terreos ante a gran demanda que ten, que si que é verdade, o cal foi contestado ao dous de febreiro de 2025 de maneira positiva, onde nos permitían o acondicionamento do terreo desatascando unha situación que levaba moitos anos traballando nela, a expensas de certificar urbanisticamente a finca, o cal se fixo en maio deste ano. E digo todo a cronoloxía do sucesos porque me cabrea moito, e perdón pola expresión, que en outubro 2024 se presentaba unha proposición a Pleno para solicitar un acordo co Ministerio de Defensa, cando levabamos traballando dende xaneiro de 2024. Isto de apropiarse dos traballos, non está ben, de verdade, non está ben. Antes dicíao a miña compañeira Cristina e agora teño que dicilo eu tamén. É un insulto a todo o persoal técnico municipal de Deportes, que despois dun ano e medio, e tamén de Urbanismo que tocou ao final, que se conseguira a autorización para o acondicionamento e da cesión dos terreos e que sexa por unha proposta que se emitiu 10 meses despois, e máis, cando despois din que, transcorridos nove meses, no mes de maio foi cando certificamos urbanisticamente a parcela e notificouse ao ..., entón de maio a xullo non van nove meses, van tres. Pero, ben, que saibades que a día de hoxe xa é legal aparcar, non o era antes, agora si, e dende maio de 2025, como dixeran antes, pola certificación urbanística, e ademais a licitación para a adecuación do aparcadoiro está á espera dun procedemento administrativo que despois baixarei por Intervención, porque xa está firmado o informe de necesidade e as prescricións técnicas. Entón, se temos

sorte canto antes, xa está presentado todo, pois teremos acondicionado o aparcadoiro.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois grazas, señor Bustos.

B) ROGO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 234/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA A RETIRADA DOS VERTIDOS E LIMPEZA NA PISTA DA CANTEIRA DE BARBAÍN A BÓVEDA, E SE REFORCE O CONTROL DOS VERTEDOIRO INCONTROLADOS.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

O Grupo Municipal do Partido Popular xa trasladara neste Pleno a problemática existente na pista da canteira de Barbaín a Bóveda, onde se localiza un vertedoiro ilegal que ademais está a causar problemas de acceso ás fincas dun veciño.

Naquel momento pedimos a intervención urxente do Concello para limpar a zona, repoñer a normalidade no camiño e evitar novos vertidos. Porén, transcorrido un tempo máis que suficiente, comprobamos con preocupación que non se fixo nada, e que a situación mesmo empeorou pola acumulación de máis residuos.

Entendemos que unha parte do problema deriva da conduta incívica dalgunhas persoas, pero iso non exime ao Concello de actuar nin de exercer as súas competencias de vixilancia, sanción e limpeza.

É moi doado falar de sustentabilidade, do Lugo verde e de respecto ao medio ambiente nos discursos, pero logo hai que facer os deberes tamén nos camiños e parroquias do rural. Lugo precisa un cambio que poña o coidado do territorio e o respecto polos veciños como prioridades reais, non só como propaganda.

Por iso rogamos novamente:

Que o Concello proceda canto antes á retirada dos vertidos e á limpeza da zona afectada, así como instar ao goberno a reforzar o control e a vixilancia dos vertedoiros incontrolados para evitar que se reproduzan situacións semellantes no futuro.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, ten a palabra a Sra. Rubinos. Cando queira.

DONA FLORA RUBINOS ROIS: Grazas señor alcalde. O Grupo Municipal do Partido Popular quere poñer novamente enriba da mesa un problema que, máis a ter sido xa trasladado a esta Corporación en sesións anteriores, continúa sen resolución. Incluso agravouse co paso do tempo. Referímonos á situación da pista da canteira de Barbaín, na parroquia de Bóveda, onde persiste un vertedoiro ilegal que non só atenta contra o medio ambiente, senón que tamén está a dificultar gravemente o acceso ás fincas dun veciño. No seu momento xa solicitamos unha

actuación inmediata por parte do Concello para acometer a limpeza do espazo afectado, restaurar as condicións mínimas de acceso no camiño e sobre todo impedir que se sigan producindo vertidos irregulares. Por desgraza, pasados varios meses, o único que podemos constatar é a inacción por parte do goberno municipal e a acumulación de máis lixo, o que agrava o problema e demostra unha preocupante deixadez.

Non se pode presumir de políticas verdes nin de sustentabilidade cando se ignoran os problemas ambientais máis básicos que afectan ao noso rural. O discurso ecolóxico debe estar acompañado de accións concretas, tamén nas parroquias, onde os veciños temos o mesmo dereito que no centro urbano a desfrutar dun entorno limpo e digno. Por todo o anterior, este grupo municipal formula o seguinte rogo: que o Concello actúe de inmediato para proceder á retirada dos residuos acumulados na pista da canteira de Barbaín, realizando os traballos de limpeza necesarios para recuperar a normalidade na zona. Así mesmo, instamos ao Goberno local a incrementar as tarefas de control e vixilancia sobre os puntos onde adoitan producirse vertedoiros incontrolados co obxectivo de previr a súa proliferación e garantir unha resposta máis eficaz ante este tipo de situacións. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Gracias señora Rubinos. Contéstalle Ana Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Tómase en consideración.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas.

C) ROGO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 235/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE MELLOREN CON ILUMINACIÓN LED OS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

No período estival o Concello de Lugo mantén pechados os campos de fútbol, polo que sería o momento axeitado para levar a cabo as melloras necesarias nos mesmos. O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO a PLENO para que, durante este período, se proceda ao cambio de iluminación por led (esta iluminación mellora a eficiencia enerxética, ten maior durabilidade e ofrece unha mellor calidade de luz) nos campos de fútbol municipais de forma que se mellore a visión e se aforre no consumo.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, poir fai a pregunta de novo o señor Carballo. Cando queira.

DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDE: Jorge, nosotros no queremos quitarnos protagonismo ni nada, pero sí daros un empujoncito para que hagáis las cosas. Nada más.

No período estival o Concello de Lugo mantén pechados os campos de fútbol, polo que sería o momento axeitado para levar a cabo as melloras necesarias nos mesmos. O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un rogo a Pleno para que durante este período se proceda ao cambio da iluminación por led, esta iluminación mellora a eficiencia enerxética, ten maior durabilidade e ofrece unha mellor calidade de luz. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Contesta o señor Jorge Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, señor alcalde. Pois cambia de rexistro, e isto si que é un rogo que se pode ter en consideración. Máis que nada vou informar de todas as instalacións que temos, porque non só temos campos de fútbol na cidade. Podemos dicir que somos das cidades onde máis sistemas led nas instalacións contamos: o Palomar, o pavillón municipal, as piscinas o pavillón Cris Seijo, o campo das Gándaras, Duquesa de Lugo xa contan na súa totalidade con luces LED; a Piringalla e Frigsa na reposición das luminarias, a medida que se vai esgotando a súa vida útil, vanse cambiando por tipoloxía de luminarias led, contando xa con mais dun 50%, aproximadamente, da superficie de iluminación. Este ano no orzamento está estipulado a renovación da iluminación da Cheda e o Polvorín. Terémolo en consideración para vindeiros anos, xa que empurróns non hai que dar, que xa sabemos facer nós os traballos. Grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas.

D) ROGO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 236/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE TOMEN EN CONSIDERACIÓN AS DEMANDAS PRESENTADAS POLAS DIRECCIÓNS DE VARIOS CEIPS DA CIDADE.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

A educación pública é un servizo esencial que require do compromiso das administracións para garantir condicións dignas, seguras e accesibles nos centros educativos. No caso da cidade de Lugo, tras manter reunións e visitas a varios CEIP, as direccións trasladaron ao noso grupo municipal unha serie de necesidades concretas e urxentes que levan tempo sen resolverse e que afectan

directamente á calidade da atención educativa, á seguridade do alumnado e á dignidade dos espazos.

O Grupo Municipal do Partido Popular de Lugo rogalle á concellaría ou ás concellarías competentes que adopten as medidas necesarias para atender de forma urxente e planificada as demandas concretas trasladadas polos equipos directivos dos centros de ensino público da cidade. En particular, solicitamos:

- A elaboración dun plan de actuación urxente, consensuado cos centros, que recolla as seguintes intervencións:
 - CEIP Paradai: pintado das aulas afectadas tras a retirada das pizarras dixitais; mellora do firme do aparcadoiro cunha capa de aglomerado para eliminar pedras soltas; limpeza das arquetas; arranxo ou substitución dos radiadores; pintado do mobiliario infantil do patio.
 - CEIP Illa Verde: cobertura inmediata e estable da praza de conserxe, vacante desde o mes de maio.
 - CEIP Casás: substitución da reixa de acceso ao parque por seguridade; reforma do acceso principal para garantir a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida; instalación de sistemas de alarma nas zonas sen cobertura; solución ao areeiro solidificado do patio; limpeza das arquetas; pintado integral do centro (con prioridade para o local da ANPA); incremento das horas de persoal de limpeza cunha media xornada adicional; mellora na contratación e formación do persoal monitor para atención á diversidade; incremento de monitores nas actividades extraescolares para alumnado con necesidades educativas especiais; realización de enquisas ás familias para mellorar a programación; clarificación e publicidade dos criterios para asignar horas gratuítas de actividades extraescolares, garantindo igualdade entre centros.
 - CEIP Albeiros: solución estábel á carencia de conserxes, atendendo a solicitude rexistrada e convocando a reunión solicitada pola dirección; estudo dunha rehabilitación integral do edificio.
 - CEIP Luis Pimentel: ampliación do servizo de limpeza ata o 15 de xullo para atender as necesidades do profesorado e persoal administrativo; instalación dunha alarma na casa do conserxe; reparación do muro da zona de infantil cunha capa de cemento e pintura, resolvendo o atraso acumulado.

ROGO:

- Que o Goberno municipal asuma estas demandas como unha prioridade, por seren necesarias para garantir a seguridade, accesibilidade, hixiene e dignidade dos espazos educativos públicos da cidade de Lugo.
- Que se establezan prazos concretos para a execución destas actuacións, informando de maneira clara aos centros educativos e á comisión correspondente.

Que se mellore a coordinación e comunicación entre o Concello e as direccións dos centros educativos para garantir un seguimento eficaz e evitar atrasos innecesarios.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... O señor Vázquez. Cando queira.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Moitas grazas, señor alcalde. A educación pública é un servizo esencial que require do compromiso das administracións para garantir condicións dignas, seguras e accesibles dos centros educativos. Tras manter reunións e visitas aos CEIPS, as direccións trasladaron ao noso grupo necesidades concretas e urxentes que levan tempo sen resolverse e que afectan directamente á calidade da atención educativa, á seguridade do alumnado e a dignidade dos espazos. O Grupo Municipal do Partido Popular rógalle á concellaría ou ás concellerías competentes que adopten as medidas que sexan necesarias para atender de forma urxente e planificada as demandas trasladadas polas direccións dos centros educativos. Non vou citar todas elas porque vexo que xa se recolleron no rogo que presentamos, son moitas e están remitidas no propio rogo. É un rogo que vai encamiñado fundamentalmente a que se establezan prazos concretos para as execucións desas actuacións, informando de maneira clara aos centros educativos, que se mellore a coordinación e a comunicación entre o Concello e os centros educativos, en definitiva, para garantir un seguimento que sexa eficaz e evite retrasos innecesarios, e, por último, que o Goberno, asuma as demandas garantizando accesibilidade a hixiene e a dignidade dos espazos públicos dos centros educativos públicos da cidade de Lugo. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas señor Vázquez. Contéstalle a concelleira Buide. Cando queira.

DONA IRIA BUIDE PENAS: Esta comunicación xa é efectiva e xa se está a realizar. Pero, ben, quería facer un par de matizacións: Por una parte, informar de que os arranxos correspondentes ao mantemento que están incluídos neste rogo, a data de hoxe, están todos realizados, e tamén aclarar que a día de hoxe todos os centros educativos, os CEIPS de Lugo, contan con conserxe. E despois, hai unha serie de peticións, como poden ser a substitución dos sistemas de calefacción, as reformas de accesibilidade, as rehabilitacións integrais dos centros educativos, que, por ser consideradas investimentos, son competencia da Xunta de Galiza, polo que vos emprazo tamén a estudar o rogo é trasladarlle ao conselleiro de Educación.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 237/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA SUSTITUCIÓN DOS CONTADORES DE AUGA DE TITULARIDADE MUNICIPAL.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Ao abeiro do disposto na normativa estatal vixente en materia de instrumentos de medida, concretamente a **Orde ICT/155/2020, de 7 de febreiro**, no seu Anexo III (Contadores de auga), apartado 4, establécese que a **vida útil** dos contadores destinados á medida de auga limpa, fría ou quente, para uso residencial, comercial ou da industria lixeira, é de **12 anos**. Dito período poderá ser ampliado por períodos sucesivos de 5 anos se, previa verificación metrolóxica realizada por un organismo autorizado, o contador cumpre cos requisitos recollidos no apéndice III do citado anexo.

Esta previsión normativa complétase co disposto no artigo 8.3 da Lei 32/2014, de 22 de decembro, e no artigo 16.2 do Real Decreto 244/2016, de 3 de xuño, que recollen a obrigatoriedade de substitución ou verificación dos contadores ao rematar o seu ciclo de vida útil.

Para facilitar a adaptación ás novas obrigas, a dita orde estableceu un **período transitorio de 5 anos**, que expira o **24 de outubro de 2025**, momento a partir do cal a substitución dos contadores será obrigatoria en todos os casos.

En data **30 de abril de 2025**, este grupo municipal presentou un escrito (núm. de rexistro 202599900009886) solicitando información sobre diversas cuestións relativas ao cambio de contadores de auga neste Concello, entre elas:

“¿Cantos contadores de auga limpa están a data 01/01/2025 en réxime de alugueiro no Concello de Lugo?”

En contestación asinada con data **1 de xullo de 2025** pola persoa responsable da xefatura do Servizo de Augas, infórmase que:

“O núm. de contadores de auga en réxime de alugueiro é de 922 (inclúense tódolos contadores de auga instalados no mercado de Quiroga Ballesteros e os da Praza de Abastos). Destes contadores, 146 non rexistran consumo nos últimos catro trimestres”.

Así mesmo, no citado escrito indícase que segundo a memoria do proxecto de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga de Lugo, presentado á terceira convocatoria do PERTE da auga e pendente de resolución, está prevista a instalación de contadores dixitais.

Cómpre lembrar que, segundo recolle a **ordenanza fiscal número 111** (Taxas pola prestación do servizo de alugueiro do contador da auga), en vigor dende o 1 de xaneiro de 2012, establécese expresamente que:

“Nas novas instalacións, o Concello non alugará contadores, estes serán por conta do abonado”.

Polo tanto, entendemos que os 922 contadores en réxime de alugueiro (titularidade municipal), foron instalados antes da entrada en vigor da ordenanza, polo que superan xa os 12 anos de vida útil.

Engadido a isto, é relevante sinalar que o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (**MITECO**) ampliou ata o **20 de setembro de 2025** o prazo de resolución da 3ª convocatoria de axudas do **PERTE de Dixitalización do Ciclo da Auga**, ofrecendo 3 meses adicionais respecto ao calendario inicial, que remataba o 20 de xuño.

Á vista do anterior, e centrando a cuestión exclusivamente nos 922 contadores de titularidade municipal, que se atopan legalmente obrigados á súa renovación ou verificación antes do 24 de outubro de 2025, este grupo municipal formula a seguinte:

PREGUNTA

Vai o Concello de Lugo cumprir coa súa obriga legal de ter renovados ou verificados, antes do 24 de outubro de 2025, os 922 contadores de auga de titularidade municipal que xa superaron a súa vida útil, con independencia de que se obteña ou non a subvención do PERTE?

Comezou xa o proceso ou está previsto agardar á resolución da convocatoria do PERTE para iniciar as actuacións?

Pode confirmar o Goberno municipal se os novos contadores que se instalen serán, en todo caso, dixitais?

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, formula a pregunta a señora Colmenero. Cando queira.

DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN: Moitas grazas señor alcalde. Bo día a todos e a todas. O vindeiro 24 de outubro remata o prazo para renovar ou verificar os contadores da auga limpa que levan máis de 12 anos instalados. Unha obriga que afecta tanto a fogares como a empresas e comercios e para o cal a norma estableceu un prazo de cinco anos, un prazo de cinco anos que en moitos concellos

souberon aproveitar ben instalando contadores novos, apostando incluso por modelos intelixentes con lectura remota e financiados con fondos europeos. Madrid, por exemplo, leva máis dun millón instalados, pero aquí preto Sarria, Palas de Reis, ou 74 concellos de Ourense que foron noticia hai uns días na prensa tamén están implementar proxectos semellantes con contadores intelixentes, pero á marxe das axudas, con elas ou sen elas, e con independencia tamén do tipo de contador a instalar, intelixente ou analóxica ou dixital, quero dicir, a norma é clara: a orde encomenda a liderar o proceso de verificación ou substitución dos contadores, sexa cal sexa o seu titular, ao órgano xestor, e no caso de Lugo, o órgano xestor, malia que nós pese, é o Concello.

Na cidade de Lugo, a maioría dos contadores son de titularidade privada, pero como nos informou o Servizo de Augas hai preto de 1000 en réxime de alugueiro. No caso dos contadores privados, temos moi claro que o Goberno local desentendeuse desta encomenda, trasladou a responsabilidade aos fogares e comercios de instalar os seus propios equipos sen ofrecerlles unha solución centralizada nin eficiente, incumprindo polo tanto a norma e perdendo unha oportunidade de mellorar a xestión da auga.

Con tal motivo o preguntamos neste Pleno, que está a facer o Goberno local cos contadores que si son de titularidade municipal, que están en réxime de alugueiro? Que pasou nestes cinco anos, que estiveron facendo nestes cinco anos? Están verificados ou substituídos estes contadores? Son dixitais, analóxicos? Agardamos unha resposta clara e que non nolo condicionen, por favor, ao ciclo do PERTE da auga porque os contadores teñen que estar cambiados antes do 24 de outubro. Grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Contéstalle o concelleiro Jorge Bustos. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Grazas, señor alcalde. Home, señora Colmenero, aínda que pese, se vostede se presentou nas listas para poder optar á Alcaldía do Concello, como que *que aínda que lle pese é responsabilidade do Concello...*, Non sei, deberíamos de estar contentos... (Voces de fondo) ... É igual, eu entendino así. En relación a isto, si que é verdade que houbo un problema porque, claro, a norma di períodos sucesivos de cinco anos onde había xente que o interpretaba que cada cinco anos, se pasaba as métrica formais... efectivamente, e puxéronse en contacto con nós dende tanto co Departamento de Medio Ambiente, como co servizo, a asociación, responsable que había esa pequena discrepancia. Xa se contestou vostede, porque efectivamente obríganos a lei a cambiar os contadores o 24 de outubro, porque son 12 anos máis cinco de vida útil prorrogable, porque, ben, púxenme en contacto con diversas persoas e, efectivamente, a interpelación é clara. Con independencia diso, estamos esperando a resolución do PERTE, principalmente porque, claro, é un proxecto moi ambicioso e que, ao final,

non podes ter unha plataforma de xestión informática que teña todos os contratos da cidade e non saber que tipo de contadores poñer. Para que o entendamos todos, ti non podes poñer contadores que teñan o sistema operativo Apple, e despois na nosa plataforma de xestión loxística, cando poidamos sacala a través dos PERTE ou dos fondos, teremos que mirar se pode ser para android ou para Apple. O que non podemos dicirlle á xente que poña instaladores dixitais dunha marca cando ao mellor ten que cambiar dentro de x anos, entón imos optimizar os recursos públicos todo o que poidamos. Entón por aí xa contestei a esa pregunta e tamén contestei a outra de se pode confirmar o Goberno municipal se todos os contadores que se instalen serán en todo caso dixitais? Evidentemente, se temos a resolución do PERTE favorable pois serán dixitais e irán en consonancia coa plataforma de xestión que hai que instalar dende o Concello.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Bustos.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 238/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DO PROGRAMA PEDAGÓXICO DE APOIO A CONCILIACIÓN "APRENDE XOGANDO".- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

O pasado 14 de xullo de 2025 publicouse a acta da mesa de contratación da execución do programa pedagóxico de apoio a conciliación "Aprende Xogando" do Concello de Lugo no que se seleccionaba a oferta máis vantaxosa.

No estudo de custes dos pregos se establecía unha diminución tanto no número de traballadores como nas horas de prestación efectiva.

Proximamente a empresa seleccionada comezará a prestar o servizo, polo que o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO a seguinte pregunta:

- ¿Como vai a repercutir nas prazas ofertadas e no persoal a diminución anteriormente mencionada?

DELIBERACIÓN

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Dous minutos para o Partido Popular

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Grazas. En primeiro lugar saudar ás veciñas e aos veciños que nos acompañan, xa que non tiveron ocasión anteriormente.

Como xa viñemos manifestando dende hai tempo, dende o Grupo Municipal do Partido Popular somos moi críticos cos recortes que está a sufrir a veciñanza nos programas de conciliación do Concello de Lugo. O pasado 14 de xullo de 2025, publicouse a acta da Mesa de Contratación da execución do programa pedagóxico de apoio á conciliación *Aprende xogando* do Concello de Lugo, no que se

seleccionaba a oferta máis vantaxosa. No estudo de custos dos pregos establecíase unha diminución tanto do número de traballadores como nas horas de prestación efectiva. Cóstanos que existe un recurso administrativo especial en materia de contratación contra os pregos, que solicita que se suspenda o procedemento de licitación. Pese a ilo, na Plataforma de Contratación non aparece aínda ningunha información ao respecto, unha falta de transparencia que xa é habitual neste Goberno. Se nos cinguimos a información que a día de hoxe aparece na plataforma, hai unha empresa seleccionada que en teoría comezaría a prestar o servizo cos pregos actuais, polo que dende o Grupo Municipal do Partido Popular presentamos ante o Pleno a seguinte pregunta: como vai repercutir nas prazas ofertadas en lo persoal a diminución anteriormente mencionada? Moitas grazas.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas. Responde, por parte do Goberno a señora Novo, catro minutos.

DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ: Bos días a todos. En primeiro lugar, gustárame pedirllas un mínimo de rigor, porque antes queixábase de que nós os desacreditabamos, desacreditáanse vostedes sós. Do recurso do que fala foi rexeitado en só catro liñas, xa está rexeitado, ademais creo que hai xa dúas semanas, está disposición de todos. E fala vostede de que no estudo de custos se baixan horas, o estudo de custos está aquí, ten acceso a el, pode incluso comparalo, se quere, tamén co de 2017, non hai recorte de horas. Ten o papel diante, demóstrelo, é que as mentiras teñen as patas bastante curtas. En segundo lugar, en canto ao número de prazas, non hai ningunha repercusión negativa, xa que nos últimos tres anos, e están os datos aquí, e poden acceder a eles, nos últimos tres anos escolares houbo bastante máis prazas dispoñibles que solicitudes para acceder ao servizo, e así seguirá sendo. De feito diso se encargaron de forma persoal os técnicos do servizo, non quedará nin un só neno sen poder acceder ao Servizo do Aprende Xogando. Tampouco se fai unha redución de persoal, e voulle a explicar por qué. Mire, segundo recolle o terceiro convenio colectivo do marco estatal do sector ocio educativo e animación sociocultural no artigo 48, xornada de traballo, vou ler textualmente: *Desde la entrada en vigor del presente convenio, la jornada de trabajo en cómputo anual será de 1742 horas de tiempo máximo de trabajo efectivo, de dedicación, distribuidas en jornadas semanales de 38 horas y 30 minutos de tiempo máximo de trabajo efectivo.* Nós para non incumplir o convenio nin desatender o servizo o que se decidiu nesta nova contratación foi cambiar o modo de calcular o custo económico do programa, entón, en lugar de facelo calculando como no programa anterior, decidiuse facelo calculando o custo do programa baseándose en horas e non en xornadas laborais. Entón o que quere dicir isto é que no horario establecido de tarde durante 12 meses deberá haber sempre un mínimo de seis monitores, en horario de mañá ten que haber un mínimo de 11 monitores, e non se establece en ningún momento o número de traballadores. Para cubrir todas as obras dos servizos sen exceder o tempo máximo

de traballo deberán contratar persoal de reforzo. Recórdolles que os que teñen a obriga de cumprir o convenio son a empresa contratante, os traballadores son da empresa. Para que as persoas traballadoras cumpran co tempo de traballo que marca o convenio, a empresa ten que contratar un persoal de reforzo e queda establecido nos pregos. Entón non se vai a realizar ningún despedido porque senón non se podería estar cumprindo convenio. É por este mesmo motivo, e comprobando a diminución da demanda do servizo en horario de tarde, que están aquí todos os datos, nos últimos tres anos escolares non se superaron en ningún trimestre as 65 solicitudes, e sempre seguindo a cumprir a proporción de monitor-neno, co obxectivo de manter as prazas, decidiuse cerrar o centro de Uxío polas tardes porque no centro da Milagrosa e no centro de Maruja Mallo teñen maior espazo físico. O sexa non hai unha eliminación de prazas, o que se fai é cambialas de lugar, pero se manteñen. De feito, recórdolles que, ben, a lexislación de aplicación e a ratio monitor-neno é autonómica, penso que deberían de coñecela porque na Xunta gobernan vostedes e esta lexislación marca que os nenos menores de tres anos ten que haber un ratio de un 1-15, nos nenos de tres a seis, de 1-25, y nos nenos maiores de seis anos de 1-30; nas ludotecas que temos nós hai nenos de 3 a 12 e o número de monitores que se propoñen desde o servizo é maior o que marca a lexislación.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Gracias señora Novo.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 239/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ESTADO DE ELABORACIÓN DO CONVENIO PROPIO DE LIMPEZA PARA OS TRABALLADORES DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E CEIPS.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Na sesión plenaria correspondente ao mes de marzo de 2024 o grupo Municipal do Partido Popular conseguía acadar unanimidade para que o Concello de Lugo estude as posibilidades legais e convencionais de aprobar o convenio propio para os traballadores e as traballadoras que prestan os seus servizos na limpeza de centros, dependencias e CEIPS do Concello.

Na Comisión de contas de xuño do 2024 dende o Partido Popular preguntabamos polos avances levados a cabo, ao que o actual Alcalde afirmaba que “estanse facendo numerosos estudos, consultas e análises e recabando a opinión dos diferentes servizos para ver precisamente a viabilidade das medidas que foi o que aprobou no punto de acordo da proposición”.

Pasado un ano e catro meses dende o acordo plenario, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO a seguinte pregunta:

- ¿Cales foron cada un dos resultados dos numerosos estudos, consultas e análises e a opinión dos diferentes servizos aos que facía referencia o Sr. Fernández?

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ten a palabra a señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: O primeiro que quero dicir é que privatizar non significa que vostede se desentenda do contrato, co cal o responsable último do contrato é o Concello de Lugo.

No Pleno de marzo de 2024, o Grupo Municipal do Partido Popular conseguía acadar unanimidade para que o Concello de Lugo estude as posibilidades legais e convencionais de aprobar o convenio propio para as traballadoras que prestan os seus servizos na limpeza das dependencias do Concello. Despois de todo o que loitaron, cunha folga indefinida para acadar un convenio colectivo digno con salarios xustos, dende este grupo críamos que era de xustiza seguir avanzando para mellorar nas súas condicións laborais, pero non con palabras, senón con feitos, e cando falamos de feitos non nos referimos a poñerse detrás dunha pancarta ou vir ao Pleno a dicir catro palabras bonitas, hai que levar a cabo o prometido, e por iso fai un ano preguntabámonos polos avances levados a cabo, ao que o actual alcalde afirmaba, e leo: *Estanse facendo numerosos estudos, consultas, análises, recabando a opinión dos diferentes servizos para ver precisamente a viabilidade das medidas que foi o que se aprobou.* Dende logo para poder levar a cabo melloras, primeiro hai que ter a vontade de querer facelas. Como vemos moitas veces neste salón de plenos para pagar determinados servizos saltanse todos os trámites e non fan tantos estudos, consultas, análises, se queren vano facer. Tampouco entendemos por que non reciben as traballadoras que pediron que as recibisen o pasado 10 de abril e a día de hoxe nin tiveron resposta.

Por todo o anterior, dende o Grupo Municipal do Partido Popular, é que xa se nos acabou a paciencia. Sexan claros e digan se o van facer ou non o van facer. Pasaron xa un ano e catro meses dende o acordo plenario, e por iso traemos a seguinte pregunta ao Pleno: Cales foron cada un dos resultar duns dos numerosos estudos, consultas, análises e opinión dos diferentes servizos aos que facía referencia o alcalde, o señor Fernández. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Carballas, e ten a palabra a señora González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas. Benvida ás traballadoras da limpeza que nos acompañan, ás organizacións sindicais e veciños e veciñas a este pleno.

O traballo, partimos de que é un traballo moi complexo e é verdade que se está avanzando nel, recabando toda a información necesaria para ese estudo de

viabilidade, porque contamos que é un prego, unhas prescricións técnicas que están realizando o seu traballo para este concello. E e nós o que queremos é plantexar todas as alternativas, as máis realistas e viables posibles despois desa recollida de información á que facía mención no seu escrito. Estudando o marco legal, o convenio sectorial, as condicións das traballadoras, as leis de contratos, así como outras leis laborais, que están implicadas este contrato, e os procesos de negociación que conlevarán á redacción dese borrador de proposta na que estamos traballando, porque non lle hai unha única fórmula e queremos buscar a máis axeitada. Pode ser a través de modificación de pregos que inclúan esas cláusulas sociais e laborais específicas que se está estudando como a figura máis efectiva e garantista, pero tamén pode ser a través dun acordo marco ou dun convenio que implique o posicionamento da empresa e non temos garantía de que as empresas teñan intención de acordar estes convenios ou vía negociación colectiva co sector, no que implicaría as organizacións sindicais e ás empresas e incluso con iniciativas a nivel supramunicipal. E todo isto conleva unha revisión moi escrupulosa na que continuamos traballando e con informes xurídicos e doutros sectores para garantir a efectiva implantación do acordo plenario, que vamos a acabar cumprindo.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 240/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO CUMPRIMENTO DO ACORDO DE PLENO DE 27 DE XUÑO DE 2024, RELATIVO AO NOMEAMENTO DE DÚAS PERSOAS COMO FILLOS ADOPTIVOS DA CIDADE.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

O Pleno do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 27 de xuño de 2024, aprobou o nomeamento de Xesús Alonso Montero e Rafael De Vega como fillos adoptivos da cidade, nun acordo que contou co respaldo maioritario da corporación municipal. Este tipo de distincións representan un recoñecemento solemne e simbólico por parte do Concello, destinado a honrar publicamente a traxectoria e a achega destas persoas á nosa comunidade.

Porén, a día de hoxe non consta que o goberno local dera cumprimento efectivo a dito acordo plenario. Non se formalizou oficialmente o nomeamento mediante acto institucional, nin se trasladou á cidadanía a planificación de ningunha cerimonia ou homenaxe, malia tratarse dun acordo firme adoptado polo Pleno.

Esta situación xera desconcerto e transmite a imaxe dun goberno local pouco comprometido cos acordos plenarios e coa propia figura das persoas homenaxeadas, ademais de poñer en cuestión o respecto debido á vontade maioritaria da corporación.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta:

Cal é o motivo polo cal non se deu cumprimento ao acordo tomado en Pleno o día 27 de xuño de 2024 relativo ao nomeamento de Xesús Alonso Montero e Rafael De Vega como fillos adoptivos de Lugo, e que calendario ou previsión manexa o goberno local para a súa formalización e celebración oficial?

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Formula a pregunta o señor Gallego. Cando queira.

DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO: O Pleno do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 27 de xuño do 2024, aprobou o nomeamento de Xesús Alonso Montero e de Rafael de Vega como fillos adoptivos da cidade nun acordo que contou co respaldo maioritario da Corporación municipal. Este tipo de distincións representan un recoñecemento solemne e simbólico por parte do Concello destinado a honrar publicamente a traxectoria e a achega destas persoas á nosa comunidade. Porén, a día de hoxe nos consta que o Goberno local non deu cumprimento á dito acordo plenario. Non se formalizou oficialmente o nomeamento mediante acto institucional, nin se trasladou á cidadanía a planificación de ningunha cerimonia ou homenaxe malia tratarse dun acordo firme adoptado polo Pleno. Esta situación xera desconcerto e transmite a imaxe dun goberno pouco serio e pouco comprometido cos acordos plenarios e coa propia figura das persoas homenaxeadas, ademais de poñer en cuestión o respecto debido á vontade maioritaria da Corporación. Por todo isto, o grupo municipal fai a seguinte pregunta: cal é o motivo polo cal non se deu cumprimento ao acordo tomado no Pleno do día 27 de xuño do 2024, de nomeamento de Xesús Alonso Montero e Rafael de Vega como fillos adoptivos de Lugo? E cal é o calendario ou a previsión que manexa o Concello, neste caso o goberno local, para a súa formalización e celebración oficial? Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas señor Gallego. Contesta a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Pois a petición expresa dun dos interesados que propuxo o seu adiamento e non mostrando impedimento ningunha das partes implicadas, realizárase cando estea en condicións o petionario de poder realizalo. Moitas grazas.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a o Excmo. Sr. alcalde dá por rematada a sesión, ás trece horas e dez minutos do expresado día trinta e un de xullo de dous mil vinte e cinco, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ao Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac5155723106499437755.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 31-7-2025